TESE DE DOUTORAMENTO

APROXIMACIÓN Á MODALIDADE EPISTÉMICA EN GALEGO: O DOMINIO ADVERBIAL

Vítor Míguez Rego

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2021

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

Aproximación á modalidade epistémica en galego: o dominio adverbial

D. Vítor Míguez Rego

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D./Dna. **Francisco Antonio Cidrás Escáneo**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **Aproximación á modalidade epistémica en galego: o dominio adverbial**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Vítor Míguez Rego, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **26 de Abril de 2021**

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

We are all blind, each of us
touching his or her small part
of an elephant that is very
large, very complex indeed.

Chafe (1994, p. 9)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A miña nai e a meu pai

A Claudia

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumo Esta tese dá un primeiro paso no estudo da modalidade epistémica en galego prestando atención á súa expresión adverbial. Ante a falta dun acordo xeral sobre como entender a modalidade, a primeira parte do traballo dedícase a examinar e avaliar as principais propostas teóricas para o seu estudo. Ademais, o ámbito máis concreto da modalidade epistémica (entendido aquí nun sentido estrito como a área semántica da certeza e a incerteza) garda estreitas relacións con categorías como o tempo, o modo, a evidencialidade ou a atenuación, vínculos que deben ser esclarecidos para alcanzar unha caracterización operativa da área estudada. A segunda parte da tese céntrase nos adverbios epistémicos. Estas pezas lingüísticas adoitan considerarse recursos neutros para a expresión da modalidade, idea que contrasta co seu número e a súa diversidade interna. Para describir e analizar esta área lingüística, lévase a cabo un estudo de corpus de seis adverbios considerados representativos das posibilidades expresivas da modalidade epistémica. Os resultados revelan padróns de variación en diferentes niveis e convidan a revisar ideas previas sobre o comportamento dos adverbios epistémicos.

Abstract This thesis takes a first step in the study of epistemic modality in Galician, paying attention to its adverbial expression. In the absence of a general agreement on how to understand modality, the first part of the dissertation is devoted to examining and assessing the main theoretical approaches to the matter. Additionally, the more specific area of epistemic modality (defined here in a narrow sense as the semantic field concerned with certainty and uncertainty) is closely tied to such categories as tense, mood, evidentiality and mitigation, and these relationships must be clarified in order to meet an operative characterization of the concept under study. The second part of the dissertation focuses on epistemic adverbs. These linguistic devices are usually considered neutral mechanisms for the expression of modality, an idea that conflicts with their number and internal diversity. In order to describe and analyze this linguistic domain, a corpus study is carried out that looks at six adverbs deemed representative of the expressive capabilities of epistemic modality. The results reveal patterns of variation at different levels, and invite us to reassess previous ideas on the behavior of epistemic adverbs.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice xeral

Índice de figuras **xvii**

Índice de cadros **xix**

Índice de listaxes **xxi**

1. Introdución **1**
1.1. Xustificación e obxectivos 1
1.2. Marco teórico 3
1.3. Método e hipóteses 5
1.4. Estrutura da tese 8

I. Sobre a modalidade (epistémica) **11**

2. A(s) modalidade(s): da lóxica á lingüística **13**
2.1. Breve historia da modalidade 14
2.2. As modalidades: clases e clasificacións 18
2.2.1. As clases tradicionais de modalidade 18
2.2.2. Outras propostas de organización do espazo modal 23
2.3. A modalidade: definición e enfoques teóricos 26
2.3.1. Necesidade, posibilidade e mundos posibles 28
2.3.2. A escala de valores factuais 32
2.3.3. A modalidade como dinámica de forzas 36

3. A modalidade epistémica na tradición funcionalista **39**
3.1. Os modelos funcionalistas de gramática 39
3.1.1. A Gramática Funcional 40
3.1.2. A Gramática de Papel e Referencia 45
3.1.3. A Gramática Funcional Procesual e o achegamento paradigmático á modalidade epistémica 47
3.2. A Gramática Sistémico-Funcional 55

3.3. A lingüística funcional do discurso e da interacción 58
3.4. O funcionalismo tipolóxico 64

4. A modalidade epistémica e outras categorías 75
4.1. Interaccións entre cualificacións: a modalidade epistémica e as categorías TAME 75
4.1.1. Tempo, aspecto e modo 76
4.1.2. Evidencialidade 88
4.2. As fronteiras da modalidade epistémica 96
4.2.1. (Inter)subxectividade 96
4.2.2. Atenuación e reforzo 100

5. Modalidades *sen* modalidade 113

II. Epistemic modality in the adverbial domain 119

6. A corpus study 121
6.1. Corpus design 121
6.2. The variables 126
6.2.1. The adverbial phrase 126
6.2.2. The verb phrase 126
6.2.3. The clause 129
6.2.4. Beyond the clause 132
6.2.5. The extra-linguistic context 133
6.2.6. Summary of variables 134
6.3. Statistical approach 137

7. Epistemic adverbs in written language 139
7.1. Epistemic modality as expressed by adverbs 139
7.2. Galician epistemic adverbs 141
7.2.1. *Certamente* and *seguramente* 144
7.2.2. *Probablemente* and *posiblemente* 145
7.2.3. *Quizais* and *se cadra* 147
7.3. Variables and hypotheses 148
7.4. Univariate and bivariate results 150
7.4.1. General picture 150
7.4.2. Adverb modifiers 154

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.4.3. Genre 156
7.4.4. A note on mood 162
7.5. Multivariate results: logistic regression 164
7.5.1. Contrasting *probablemente* with the other adverbs 167
7.5.2. The "one vs. rest" approach 171
7.6. Summary and discussion 174
7.6.1. How epistemic adverbs are alike 174
7.6.2. How epistemic adverbs differ from one another . . 178

8. The meanings of epistemic adverbs 185
8.1. Variables and hypotheses 185
8.2. The analysis 186
8.2.1. Subjective (epistemic) uses 188
8.2.2. Intersubjective uses 194
8.2.3. Non-(inter)subjective uses 206
8.2.4. Results 209
8.3. Adverb meaning and co-occurrence with (near-)epistemic expressions 210
8.4. Adverb meaning, position, orality 221
8.5. Summary and discussion 228
8.5.1. Main findings 228
8.5.2. Diachronic implications 231

9. Conclusions 241
9.1. Main findings and implications from Part I 241
9.2. Main findings and implications from Part II 243
9.3. Future lines of research 247

A. Appendix of tables 249

B. Appendix of listings 257

Bibliography 263

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice de figuras

3.1. Estrutura estratificada da cláusula na FG 41
3.2. Estrutura estratificada da RRG 46
3.3. Representación simplificada da modalidade na SFG 56

4.1. Divisións tradicionais da evidencialidade 89

7.1. Normalized DPs by adverb 158
7.2. CA map showing associations between adverbs and genres 159
7.3. CA map with arrows showing distances and angles from the origin 161
7.4. Mood distribution across adverbs 163
7.5. Mood distribution across adverbs. Pre-verbal position only 163

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice de cadros

3.1. Categorías modais na FG 43
3.2. Factores decisivos no uso das expresións epistémicas . . . 51
3.3. Padróns sintácticos das expresións epistémicas 53
3.4. Paradigma da probabilidade na SFG 57

4.1. O modo verbal en galego 87

6.1. Written genres and their sizes in CORGA 3.0 122
6.2. Search strings and forms retrieved by lemma 123
6.3. Number of different authors by sample 124
6.4. Summary of variables 134

7.1. Summary of bivariate results 151
7.2. Position distribution by clause type 153
7.3. Raw and normalized ADVERB frequencies by genre 157
7.4. Summary of the MLR model for *certamente* 168
7.5. Summary of the MLR model for *seguramente* 169
7.6. Summary of the MLR model for *posiblemente* 169
7.7. Summary of the MLR model for *quizais* 170
7.8. Summary of the MLR model for *se cadra* 170
7.9. Estimates of the MLR model (one vs. rest approach) . . . 172
7.10. Bivariate results for DISTANCE and POSITION 177

8.1. Absolute frequency of uses by adverb 209
8.2. Results for MEANING. Conservative count 210
8.3. Results for MEANING. Progressive count 210
8.4. MEANING by POSITION. Conservative count 225
8.5. MEANING by POSITION. Progressive count 225
8.6. MEANING by MEDIUM. Conservative count 227
8.7. MEANING by MEDIUM. Progressive count 227

A.1. Frequency of VERB lemmas in the dataset 249

A.2. Mood share by adverb 255
A.3. Mood share by adverb. Pre-verbal position only 255
A.4. Bivariate results for SoA and GENRE 255
A.5. Bivariate results for POLARITY and GENRE 256
A.6. Bivariate results for TIME and GENRE 256
A.7. DPs and normalized DPs 256
A.8. *p*-values for the MLR model (one vs. rest approach) . . . 256

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice de listaxes

B.1. Summary of the CA model 257
B.2. Summary of the morpho-syntactic MLR model. Pairwise approach 257
B.3. Summary of the morpho-syntactic MLR model. One vs. rest approach 258
B.4. Summary of the lexico-semantic MLR model. Pairwise approach 259
B.5. Summary of the lexico-semantic MLR model. One vs. rest approach 260
B.6. Summary of the final MLR model. Pairwise approach . . 260
B.7. Summary of the final MLR model. One vs. rest approach 262

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. Introdución

1.1. Xustificación e obxectivos

A modalidade é un tema que, desde antigo, fascinou as persoas interesadas pola filosofía, a lóxica e a lingüística. Nas últimas décadas, a lingüística xerou innúmeros traballos sobre a modalidade desde as máis diversas perspectivas e, na actualidade, a modalidade constitúe unha área de estudo central nos plans de traballo de moitos e relevantes grupos de investigación. Con todo, a modalidade nunca deixou de ser un terreo esvaradío e de consistencia variable. O seu estudo teórico caracterízase por unha continua revisión da súa definición e subdivisións e as súas aplicacións prácticas pola busca permanente de novas descricións e análises.

Durante o último medio século, a lingüística galega estivo inmersa nun proceso de construción permanente marcado por catro preocupacións principais (Álvarez, 2019, pp. 99–106): (i) a prioridade da lingua oral no traballo de campo e na descrición lingüística, (ii) o estudo da tradición escrita e a elaboración de recursos a partir dela, (iii) o desenvolvemento da variedade estándar e (iv) a difusión dos resultados da investigación en diferentes frontes. Neste panorama, en que os estudos gramaticais quedan excluídos das principais prioridades da incipiente lingüística galega, enténdese que a tradición gramatical adquira a xeografía dun "río de curso curto e sinuoso" (Cidrás & Dubert-García, 2017). Neste río, os estudos sobre modalidade contribúen cunha parte moi reducida do caudal.

Este traballo adéntrase, pois, nunha área da lingua galega que está aínda por explorar. A modalidade é un ámbito vastísimo e resultaría imposible abarcalo nun traballo das características do presente. Polo tanto, esta tese restrínxese ao tratamento dun dos tipos de modalidade, a chamada modalidade epistémica (do grego *epistéme* 'coñecemento'), que ten a ver coa semántica da certeza e a incerteza. Aínda máis, a modalidade epistémica constitúe unha categoría cognitiva básica, fundamental

na nosa interacción co mundo, e os elementos lingüísticos que a expresan conforman un paradigma de gran complexidade. Dar conta deste paradigma na súa totalidade e manter, ao mesmo tempo, un certo nivel de profundidade na atención aos elementos individuais resulta inasumible nos límites materiais deste traballo. Así, para a parte experimental do traballo, optouse por escoller unha área máis reducida como obxecto de estudo, a saber, o dominio adverbial do paradigma epistémico.

Esta tese proponse dous obxectivos fundamentais. O primeiro deles é describir e analizar a expresión adverbial da modalidade epistémica en galego. Para iso, seleccionouse un conxunto de adverbios representativo de todas as posibilidades deste dominio expresivo. O paradigma adverbial só contén formas de polaridade positiva, a diferenza de adxectivos e verbos, que contan con expresións como *é improbable* ou *dubido*, as cales expresan unha avaliación epistémica negativa. Esta limitación semántica, xunto con outras de natureza sintáctica (por exemplo, moitos adverbios teñen dificultade para aparecer en estruturas de complementación), levaron nalgunhas ocasións a ver os adverbios como unha forma non marcada para a expresión dos contidos epistémicos. Porén, tal visión contrasta co elevado número de membros que constitúen o paradigma adverbial da modalidade epistémica. En galego temos, cando menos, *quizais*, *talvez*, *se cadra*, *igual*, *ao mellor* e varios adverbios en *-mente*. Desde un punto de vista funcional, un caso de variación destas características demanda unha explicación en termos de oposicións funcionais ou, polo menos, en termos de relacións intraparadigmáticas (De Smet, 2020). Na parte empírica do traballo, estúdanse as formas *certamente*, *seguramente*, *probablemente*, *posiblemente*, *quizais* e *se cadra*, por seren representativas das principais posibilidades formais e semánticas do dominio epistémico adverbial, como se aclarará máis adiante.

O segundo obxectivo resulta dunha necesidade imposta polo primeiro e precédeo loxicamente. Trátase de caracterizar a modalidade e os seus tipos de maneira coherente para deste xeito estudar os adverbios epistémicos (e, potencialmente, calquera outro tipo de expresión modal) sobre a base dun marco de traballo de alicerces sólidos. Nunha área de estudo que se deixou levar excesivamente polas características formais das linguas máis estudadas, cómpre asumir unha definición estrita dos dominios conceptuais e unha perspectiva ampla da súa manifestación lingüística. A revisión de propostas previas, especialmente daquelas cun carácter

crítico e construtivo, será clave na consecución deste obxectivo.

1.2. Marco teórico

A perspectiva cognitivo-funcional parte de dúas premisas básicas en relación coa natureza da linguaxe. Pola banda funcional, as estruturas lingüísticas só poden ser estudadas tomando en consideración os usos que lles dan os falantes en situacións reais. Pola banda cognitiva, a linguaxe constitúe un módulo da actividade mental humana, dependente do sistema xeral de cognición, e non unha facultade autónoma. A complementariedade dos enfoques funcional e cognitivo sobre a linguaxe é patente, ata o punto de que se fai extremadamente difícil distinguir elementos teóricos exclusivos de cada un (Nuyts, 2007). No que si existe acordo é en considerar a Lingüística Cognitiva unha escola dentro do campo máis amplo da tradición funcionalista en lingüística, mais aínda neste caso os criterios son máis "históricos" (temporais, xeográficos, sociais...) que propiamente científicos (cf. Langacker, 2007; Nuyts, 2007). O cognitivo e o funcional son dous ollares sobre a linguaxe cada vez máis interdependentes e menos diferenciables. Este traballo asume unha perspectiva cognitivo-funcional, sen se identificar con ningunha escola particular. Polo tanto, non interesa aquí afondar nas distincións entre diferentes escolas dentro do movemento funcionalista, senón presentar os principais piares do seu marco filosófico.

Asumir unha perspectiva funcionalista da linguaxe consiste en concibir as linguas naturais como moldeadas pola interacción comunicativa ou, nos termos de Dik (1997, p. 7), como solucións particulares ao complexo problema da comunicación humana. Os obxectivos, necesidades e circunstancias da comunicación son cambiantes, o cal require que os individuos implicados, así como as ferramentas que usan para alcanzar a súa meta, posúan altas capacidades de adaptación. O sistema lingüístico, como parte (principal) da solución ao problema comunicativo, posúe gran flexibilidade e sensibilidade ao contexto.

O signo lingüístico foi tradicionalmente concibido como un binomio, unha unidade de dúas caras, a saber, significante e significado. O interese da lingüística quedaba así restrinxido ao sistema lingüístico (*langue*, *competence*) e afastado do uso deste sistema (*parole*, *performance*). Mais a lingua non é un produto almacenado no cerebro humano, senón unha

actividade (mental, social, mesmo económica) realizada por seres humanos en situacións concretas. Por iso, a idea da lingua como "un système où tout se tient" (Meillet, 1908, p. 431) impide alcanzar unha visión completa e realista do proceso de simbolización lingüística, pois este só se pode entender cabalmente empregando unha receita de tres ingredientes: significante, significado e contexto.

A lingua é de natureza dinámica e, en consecuencia, o coñecemento que as falantes teñen dela é procesual e non declarativo (Langacker, 1987, p. 57). A gramática non é un catálogo de signos listos para seren empregados en diferentes contextos, senón un conxunto de rutinas cognitivas sometidas ás forzas do uso comunicativo e, polo tanto, en constante mudanza. Noutras palabras,

> a gramática é un mecanismo perennemente emerxente, un sistema dinámico de consistencia fluída, agochado no corpus lingüístico e cunha arquitectura sempre en proceso de construción, sometido a unha variación constante en moitos parámetros simultáneos: no tempo, no espazo, nas condicións de uso, nas características individuais dos usuarios (extracción social, nivel educativo, idade, sexo...), etc. (Cidrás Escáneo, 2008, pp. 225–226)

O carácter profundamente dinámico do sistema lingüístico levou a Coseriu (1983/1988) a afirmar, de maneira provocadora, que o cambio lingüístico non existe (vid. Kabatek, 2017). A concepción tradicional do cambio parte da lingua como un obxecto estable, de maneira que a mudanza equivale á diferenza entre un estado de lingua A e un estado de lingua B que o segue no tempo. Isto desvirtúa a verdadeira natureza da lingua e contribúe a vela como un obxecto externo á actividade das persoas que a empregan para comunicarse. Porén, a mudanza non é máis, nin menos, que o resultado da actividade lingüística dos falantes, unha suma de "actuacións individuais inconexas e innovadoras que exploran opcións marxinais do código" (Cidrás Escáneo, 2009, p. 31). A lingua non cambia porque a lingua é cambio ou, se se prefire, hai lingua porque hai cambio lingüístico: "'linguistic change' is (...) nothing other than *language as it is being created* [destaque no orixinal]" (Coseriu, 1983/1988, p. 149).

Unha idea amplamente aceptada na maioría, se non en todas, as escolas lingüísticas (non só as de corte funcionalista) é a de que a lingua está estruturada en diferentes niveis: fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semán-

tica, pragmática. Traballos recentes suxiren que o discurso lingüístico, como actividade humana e entidade cognitiva, pode ser dividido en dous compoñentes máis básicos que desempeñan funcións complementarias na produción e recepción de textos, denominados microestrutura e macroestrutura por Heine (2019). A microestrutura baséase no coñecemento lingüístico que dá conta de estados, relacións, entidades, calidades etc. e que se emprega para construír frases e oracións. A macroestrutura apóiase no coñecemento do acto lingüístico e fornece un marco en que interpretar o texto no seu conxunto, desempeñando varias metafuncións en relación coa microestrutura, como relacionar o texto coa situación comunicativa ou interpretar as intencións dos interlocutores. As unidades lingüísticas da microestrutura están integradas sintáctica e prosodicamente no enunciado, mentres que as unidades da macroestrutura adoitan ter independencia sintáctica e/ou prosódica. Como exemplos sirvan, respectivamente, os elementos que conforman unha frase nominal (determinates, substantivos, adxectivos etc.) e que conxuntamente se refiren a unha entidade e aquelas pezas lingüísticas, frecuentemente de difícil adscrición ás clases de palabras tradicionais, que serven para relacionar partes do texto entre si (como *porén* ou *polo tanto*) ou establecer contacto co interlocutor de diversas maneiras (*oíches!*, *sabes?*). A modalidade epistémica encárgase de expresar o compromiso de quen fala, no aquí e o agora, a respecto do contido transmitido. É un discurso sobre o discurso e, polo tanto, pertencente á macroestrutura.

Desde un punto de vista evolutivo, a modalidade (epistémica) xorde da motivación por compartir información e opinións sobre esa información, o cal require unha sintaxe altamente complexa (Tomasello, 2008, pp. 282–295). Proba disto son o número e diversidade tipolóxica dos recursos lingüísticos que expresan modalidade e as dificultades con que baten os achegamentos lingüísticos que se propoñen organizar o espazo modal e clasificar os marcadores de modalidade.

1.3. Método e hipóteses

A lingüística de corpus é unha disciplina encargada do estudo da linguaxe a través da distribución condicional de fenómenos lingüísticos nunha colección ampla de textos auténticos ou corpus (vid. Stefanowitsch, 2020,

Capítulo 2). Trátase dun método[1] cuxa conexión co paradigma funcional é obvia: a lingüística de corpus ofrece as ferramentas máis sofisticadas para o estudo do uso lingüístico e este último, como xa se sinalou, ocupa un lugar central na perspectiva funcional da linguaxe.

Un corpus lingüístico como colección de textos debe axustarse a unha serie de propiedades (Stefanowitsch, 2020, pp. 22–45). A primeira delas é a autenticidade dos textos. Calquera texto producido por razóns alleas á recompilación do corpus merece a consideración de auténtico. Este aspecto resulta problemático cando se manexa un deseño de tipo experimental, en que os falantes son (inevitablemente) conscientes de que están a ser observados. Este non é o caso do presente estudo, mais, no contexto do galego, é frecuente que os textos sexan xulgados pola súa "pureza" ou "calidade" ou tachados de "artificiosos" ou "deturpados", o cal, en última instancia, cuestiona a súa autenticidade. A actividade lingüística é de natureza social e, polo tanto, está sempre sometida á presión de sistemas normativos, aínda que isto se torne máis evidente en contextos de contacto de linguas e de minorización como o do galego. O fenómeno da gramaticalidade ("iso (non) é galego") non é máis ca un caso de normatividade social (Tomasello, 2008, pp. 290–292), forma parte do quefacer lingüístico de calquera comunidade de fala e non menoscaba a autenticidade dos textos tal e como se entende aquí.

En segundo lugar, un corpus debe ser representativo. Isto quere dicir que a distribución dos fenómenos lingüísticos no corpus debe ser idéntica á súa distribución na lingua ou variedades representadas. A maneira típica de conseguir isto é incluíndo diferentes manifestacións da lingua nas mesmas proporcións que as da lingua ou variedade representada. Isto bate con varios problemas insuperables, comezando pola imposibilidade de saber como se distribúen os tipos de lingua dentro da comunidade de fala: prodúcense máis textos orais ou escritos? cales reciben maior difusión? a súa incidencia nos falantes é uniforme? A representatividade stricto sensu é un ideal inalcanzable, polo menos cos medios dispoñibles a día de hoxe, de maneira que debemos conformarnos con dotar o corpus da maior diversidade posible, o cal o fará máis representativo.

Outra propiedade dun corpus lingüístico é o seu tamaño. Non hai unha medida exacta do número de palabras ou formas que debe conter

[1] Sobre a natureza da lingüística de corpus e o seu status dentro dos estudos lingüísticos resultan realmente proveitosas as reflexións deitadas por Gries (2010).

un corpus, pero este debe ser suficientemente grande como para acoller a maior diversidade posible de mostras da lingua representada. Os medios tecnolóxicos actuais fan que o acceso a grandes cantidades de texto sexa doado e, frecuentemente, gratuíto, polo cal este asunto non adoita ser problemático.

A lingüística de corpus pon a énfase en métodos cuantitativos á hora de dar conta dos fenómenos lingüísticos. Así, ademais de ser representativo e diverso, o corpus debe conter un número suficiente de ocorrencias do fenómeno investigado. Neste caso, a medida vén dada, ademais de pola frecuencia do propio fenómeno na lingua, polos requisitos que impoñan os métodos empregados na investigación. Estes son variados e permiten o manexo de cantidades moi diversas de datos, tanto modestas (por exemplo, unhas poucas ducias de ocorrencias poden bastar para levar a cabo un test de independencia como o do χ^2) como relativamente grandes (así, canto maior sexa o número de observacións nun modelo de distribución condicional, como a regresión loxística, maior será a súa fiabilidade).

Tendo en conta o anterior, as mostras para este estudo extraéronse dun corpus de acceso libre en liña, o *Corpus de Referencia do Galego Actual [3.0]* (CORGA) (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 2017), por ser o corpus de lingua contemporánea de maior diversidade e tamaño. Este corpus recolle un gran número de documentos escritos en galego desde 1975 ata a actualidade. Tamén comezou a incorporar, recentemente, textos orais, mais estes non satisfán os requisitos cuantitativos. Outros corpus de lingua galega centrados na variedade oral, como o *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega* (Regueira Fernández, 2021), atópanse na mesma situación. Isto non quere dicir que non sexa posible facer estudos baseados en corpus sobre a variedade oral do galego, senón que o tamaño dos (sub)corpus orais non é suficiente para o estudo dos adverbios epistémicos que aquí se leva a cabo (seguramente o sexa para o estudo doutras expresións próximas, como os auxiliares modais).

Os pormenores das decisións metodolóxicas tomadas neste traballo descríbense en detalle no Capítulo 6. Alí, o lector ou lectora atopará os criterios con que foron elaboradas as mostras extraídas do CORGA, como foron anotadas, que variables se consideraron, como estas variables foron codificadas e os métodos estatísticos empregados.

Todas as hipóteses de traballo están recollidas nos Capítulos 7 e 8, onde son discutidas nun contexto que permite o seu entendemento adecuado. Non obstante, o principal obxectivo experimental deste traballo podería recollerse nunha hipótese xeral: "o conxunto de adverbios epistémicos do galego está internamente estruturado". Tal hipótese de largo alcance é anterior ás hipóteses anteditas, máis próximas á realidade empírica dos datos, e ten que ver co mencionado conflito entre o suposto carácter neutral dos adverbios epistémicos e a súa diversidade interna.

1.4. Estrutura da tese

Se excluímos a introdución e as conclusións, a tese divídese en dúas partes, correspondentes aos dous obxectivos principais do traballo. Ademais, cada unha destas partes divídese á súa vez en tres capítulos.

A primeira parte encárgase da discusión do concepto de modalidade e categorías veciñas. O Capítulo 2 presenta o concepto de modalidade tal e como foi entendido tradicionalmente na lingüística a partir das ideas chegadas da lóxica e ilustra os principais achegamentos especificamente lingüísticos ocupados da modalidade.

O Capítulo 3 ocúpase do tratamento da modalidade epistémica en varias escolas de cuño funcionalista. Así, examínase o papel que ocupa a modalidade epistémica en modelos funcionais de gramática como a Gramática Funcional ou a Gramática de Papel e Referencia, como é tratada no ámbito da Gramática Sistémico-Funcional e en achegamentos próximos interesados polo discurso e a interacción e como é expresada no conxunto das linguas do mundo segundo os achados do funcionalismo tipolóxico.

O Capítulo 4 discute as relacións da modalidade epistémica con certas categorías lingüísticas. Isto é fundamental non só para delimitar o concepto de modalidade epistémica, senón tamén para aclarar como se entenden e usan ao longo do traballo outros termos igualmente polisémicos como *evidencialidade*, *atenuación* ou *(inter)subxectividade*. Nunha primeira epígrafe, o capítulo trata as interaccións e solapamentos entre a modalidade epistémica e as categorías TAME (tempo, aspecto, modo e evidencialidade) e, nunha segunda epígrafe, explora os límites entre a modalidade epistémica, por unha banda, e a (inter)subxectividade, a atenuación e o reforzo, por outra banda.

A primeira parte da tese pecha co Capítulo 5, que serve de conclusión aos anteriores: sintetiza as principais eivas dos achegamentos máis populares á modalidade e propón un marco alternativo que pretende superar as limitacións que se observan nas escolas máis influentes.

A segunda parte da tese pon o foco nos adverbios epistémicos do galego. Os seus tres capítulos dan conta dun estudo baseado en corpus mediante o cal se pretende deitar luz sobre o subsistema adverbial da modalidade epistémica na lingua galega. O Capítulo 6, de carácter metodolóxico, describe polo miúdo o deseño do corpus, as variables que se consideraron para a súa anotación manual e as ferramentas estatísticas empregadas no procesamento dos resultados.

O Capítulo 7 fornece unha visión xeral do comportamento dos adverbios epistémicos nas mostras de lingua escrita analizadas. Comeza examinando os diferentes dominios epistémicos que son expresados mediante adverbios e como estes dominios se organizan nunha escala semántica. Pasa despois a centrarse nos adverbios galegos considerados no estudo e ofrece unha brevísima panorámica do seu percorrido histórico. O groso do capítulo está dedicado a dar conta dos resultados cuantitativos do estudo de corpus a través de diversas técnicas como a desviación das proporcións, a análise de correspondencias e a regresión loxística multinomial.

A segunda parte conclúe co Capítulo 8, ocupado do significado dos adverbios epistémicos. Este capítulo contén unha análise minuciosa da semántica das pezas lingüísticas consideradas, cuxos resultados serven para investigar as implicacións da coocorrencia dos adverbios con expresións como os verbos auxiliares ou o futuro morfolóxico e o posible papel da posición sintáctica na construción do significado.

A parte final da tese inclúe o Capítulo 9, onde se recollen as principais conclusións do traballo, así como os Apéndices e a Bibliografía.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte I.

Sobre a modalidade (epistémica)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2. A(s) modalidade(s): da lóxica á lingüística

Durante a maior parte da súa historia, a modalidade foi unha noción circunscrita ao ámbito da lóxica. No seu tratamento, relativamente recente, no marco da lingüística, aínda se poden adiviñar trazos que revelan este pasado. Estas pegadas son moi evidentes en manuais de semántica, disciplina cun pé na investigación filosófica, como os de Leech (1970), Lyons (1977), Kearns (2011) e García Murga (2014), ou en monografías sobre a modalidade como a de Portner (2009). Estas obras asumen os presupostos da lóxica proposicional e posúen un marcado carácter formal, o cal se manifesta nun interese por asuntos como as condicións de verdade dunha proposición modalizada, a intercambiabilidade dos operadores modais mediante a negación ou a caracterización formal dos contrafácticos. O enfoque formal da semántica tamén toma da lóxica o modelo dos mundos posibles e a tendencia a limitar a análise aos auxiliares modais ou expresións equivalentes, explicadas á luz das nocións discretas de posibilidade e necesidade.

Esta influencia da lóxica sobre a lingüística apréciase tamén en traballos máis afastados da filosofía, como os de Palmer (1979, 1986), quen recoñece a importancia do filósofo von Wright (1951) á hora de determinar os tipos de modalidade. De maneira máis ou menos explícita, as ideas da lóxica sobre a modalidade están presentes na maioría de traballos lingüísticos sobre o tema. Isto é natural, dada a historia da noción de modalidade (§2.1), mais pode resultar problemático cando predispón os tratamentos gramaticais a operar con criterios que lles son alleos. Neste sentido, o influxo da lóxica determinou un hábito fortemente enraizado no traballo lingüístico sobre a modalidade: a atención case exclusiva aos verbos modais.

Tanto a definición da modalidade como a clasificación dos seus tipos comportan numerosas dificultades e desacordos. As caracterizacións rigorosas da noción escasean. Porén, as propostas taxonómicas son case

tan abundantes como os autores que estudan a modalidade. Por esta razón, resulta máis adecuado comezar repasando aquelas categorías que son tipicamente tratadas baixo o paraugas da modalidade (§2.2, p. 18) e, posteriormente, encargarse das propostas para a súa definición e tratamento teórico (§2.3, p. 26).

2.1. Breve historia da modalidade

Aínda que na actualidade o termo *modalidade* goza dun uso moi estendido, noutros períodos históricos non foi este o caso. Durante a Antigüidade e a Idade Media, o seu parente *modo* tivo un uso moito máis prominente. Nos diversos significados outorgados a este último termo, podemos detectar as orixes da noción moderna de modalidade.

O termo *modo* procede do latín *modus* 'medida, maneira'. A súa primeira aparición como termo de descrición lingüística ten lugar no s. I na obra do retórico e pedagogo Quintiliano, quen nota a tendencia a cometer erros relacionados coas categorías verbais, entre elas o *modus* (van der Auwera & Zamorano Aguilar, 2016, p. 11). Este autor toma o concepto da influente obra grega *Tékhne grammatiké* 'Arte da gramática', de Dionisio o Tracio (s. II a. C.), onde se emprega o termo *énklisis* 'inclinación, desviación' para designar un dos oito atributos do verbo (cf. Robins, 2000, pp. 71–72). Este atributo verbal corresponde co que hoxe coñecemos como a categoría morfolóxica do modo, que en galego distingue entre indicativo, subxuntivo e imperativo.

Este uso é o que predomina nos tratados gramaticais e filosóficos ao longo dos séculos, mais van der Auwera e Zamorano Aguilar (2016, pp. 12, 17) identifican outras dúas acepcións do termo *modus*. Por unha banda, a de orixes máis antigas é a que provén de Protágoras, filósofo presocrático do s. V a. C. Na súa visión, os enunciados podían ser desiderativos, interrogativos, asertivos ou imperativos, e esta dimensión lingüística foi posteriormente expresada mediante o termo *modus*. Por outra banda, as orixes da acepción máis recente atopámolas na obra de Boecio, filósofo dos ss. V e VI, quen, baseándose en Aristóteles, indica que o contido dunha proposición pode ser cualificado como necesario, posible, imposible ou contixente. Estas caracterizacións da proposición eran chamadas *modi* e corresponden en boa medida co concepto semántico de modalidade.

Temos, polo tanto, tres acepcións da palabra latina *modus*[1], atestadas nos tratados lingüísticos e filosóficos da Idade Media en diante, sen que estea moi claro na maioría de casos que se debe entender cando se emprega o termo. Isto é consecuencia dunha certa proximidade entre as tres nocións vehiculadas pola palabra: por exemplo, unha orde (noción protagórica) exprésase mediante a categoría morfolóxica do imperativo (noción dionisíaca) e supón a cualificación como necesario do contido expresado (noción boeciana). Na polisemia do termo *modus* poden enxergarse tres conceptos da lingüística moderna: as modalidades da oración, a categoría verbal do modo e a categoría semántica da modalidade[2]. Esta última, é dicir, a herdeira da noción boeciana, é a que centra o interese do resto do traballo. A partir de aquí, salvo que se indique outra cousa, *modalidade(s)* fai referencia ao concepto semántico antedito.

Kant, na súa obra *Kritik der reinen Vernuft* 'Crítica da razón pura' (1781), foi o primeiro en empregar o termo *modalidade* (*Modalität*, no alemán orixinal) no mesmo sentido en que Boecio empregaba *modus*, é dicir, en referencia á necesidade ou posibilidade dunha proposición (van der Auwera & Zamorano Aguilar, 2016, p. 21). A distinción entre necesidade e posibilidade é un asunto filosófico de primeira orde, tratado polos estudosos desde a Antigüidade grega, con Aristóteles como figura destacada. O uso de *modalidade* para se referir a esta área da lóxica, iniciado por Kant, consolídase ata substituír o termo *modo*. A lóxica modal é o estudo formal das modalidades, entendidas como expresións empregadas para cualificar a verdade dunha proposición, como por exemplo *posiblemente* e *necesariamente* (cf. Garson, 2018). Dado

[1] Durante os ss. XIII e XIV ten lugar, no marco da filosofía escolástica, a produción de "gramáticas especulativas", obras destinadas a conxecturar sobre a relación entre a linguaxe, a mente e a realidade. Neste contexto, o termo *modus* adquire un novo significado: os *modi* son as propiedades das cousas con referencia á súa existencia (*modi essendi*), en calidade de aprehendidas pola mente (*modi intelligendi*) ou en tanto que expresadas pola lingua (*modi significandi*). A grande importancia deste concepto fixo que os seguidores desta corrente fosen coñecidos como *modistae* 'modistas' (cf. Robins, 2000, pp. 118–138). Con todo, este uso de *modus* corresponde cunha corrente teórica moi concreta e delimitada no tempo e pouco ten que ver coas nocións actuais de modo e modalidade.

[2] Esta confusión terminolóxica segue en gran medida vixente e continúa a marcar os hábitos e a práctica científicos. Un bo exemplo atopámolo en *The Oxford handbook of modality and mood* (Nuyts & van der Auwera, 2016), onde se tratan tres nocións de diferente natureza empregando só dúas etiquetas terminolóxicas (vid. Míguez, 2017).

que os filósofos parten da linguaxe natural na súa análise (e.g., Carnap, 1947; von Wright, 1951), era cuestión de tempo que a materia atraese a atención das lingüistas, mais isto non aconteceu ata ben entrado o s. XX: van der Auwera e Zamorano Aguilar (2016, p. 26) identifican como principais referencias neste sentido as obras de Coates (1983), Halliday (1970a), Leech (1970, 1981), Lyons (1977) e Palmer (1979, 1986), que outorgan un lugar privilexiado a auxiliares modais do inglés como *must* e *may*, examinándoos á luz do concepto de modalidade.

Con todo, existen traballos anteriores que resultan interesantes, como o de Bally (1932/1965), que entende a modalidade en termos da distinción *modus*/*dictum*, a cal exerceu grande influxo na gramática hispánica (vid. Jiménez Juliá, 1989). Segundo Bally (1932/1965, pp. 35–52), o *modus* é o resultado dunha operación de pensamento (por exemplo, crer) levada a cabo por un suxeito pensante (a falante) sobre unha representación (o que se pretende enunciar ou *dictum*). Aínda que a proposta de Bally (1932/1965) gozou de moita influencia, hoxe en día impóñense a maneira de facer lingüística propia do ámbito anglosaxón e as categorías aplicadas á lingua inglesa. Do mesmo xeito que no pasado predominou a perspectiva morfolóxica sobre o ámbito modal, como consecuencia do lugar destacado que grego e latín ocupaban na descrición gramatical, no presente é a categoría dos verbos auxiliares, como principal expoñente da modalidade, o elemento que centra os esforzos da lingüística neste sentido. Consecuencia, certamente, do dominio da lingüística anglocéntrica.

Nas últimas décadas, o concepto de modalidade foi gañando terreo e apareceron numerosas monografías encargadas do seu estudo desde diversas perspectivas (e.g., Arregui, Rivero & Salanova, 2017; Frawley, 2006; Kehayov, 2017; Klinge & Høeg Müller, 2005; Lampert & Lampert, 2000; Nuyts & van der Auwera, 2016; Papafragou, 2000; Pietrandrea, 2005; Portner, 2009). Porén, no ámbito galego, o termo *modalidade* foi escasamente empregado.

Os traballos de lingüística galega que centran a súa atención na modalidade ou nalgún tipo de unidade modal son poucos. As contribucións de García Represas (1995, 2000, 2001) destacan por asumir un enfoque onomasiolóxico, da función á forma, e, así, parten de conceptos como a dúbida, a certeza, a necesidade ou a obriga para explorar a súa expresión lingüística en galego. Outros traballos ocúpanse de pezas lingüísticas particulares, como os auxiliares modais (Montero Küpper, 1999) ou o

verbo *cumprir* (Loureiro-Porto, 2014), estes dous últimos cun carácter contrastivo galego-alemán e galego-inglés, respectivamente. Tamén debemos contar aquí o artigo de Rodríguez-Espiñeira (2019), que, aínda que centrado en *si cuadra*, o calco español da expresión galega *se cadra*, trata inevitablemente a forma galega e constitúe o primeiro traballo en dedicarlle unha atención considerable a este marcador epistémico. Non se pode deixar de mencionar os traballos ocupados dos adverbios *disque* e *seica* (Cidrás, 2016; González-Vázquez, 2021; Rosales Sequeiros, 2000; Sousa, 2012), formas asociadas coa evidencialidade e, polo tanto, moi próximas ao ámbito modal. Nas principais gramáticas da lingua (Álvarez & Xove, 2002; Freixeiro Mato, 2006a, 2006b), rastréxanse referencias á modalidade no tratamento das diversas categorías formais en que se organizan estas obras, principalmente nas perífrases e o modo verbais e no adverbio, así como nos marcadores textuais. Todos estes traballos constitúen contribucións relevantes para o coñecemento das expresións modais do galego. Con todo, faltan estudos que se interesen pola discusión arredor da problemática noción de modalidade e que procuren fornecer marcos para integrar as formas particulares nunha visión de conxunto dos recursos de modalización que posúe o sistema lingüístico. Existe unha tendencia a dedicar unha maior atención a certas unidades que expresan modalidade que á modalidade en si e isto non é unha particularidade da lingüística galega, senón unha característica da lingüística a nivel xeral.

Este é o contexto máis amplo en que se sitúa a área da modalidade epistémica. O seu desenvolvemento histórico ata chegar á lingüística é o mesmo que o das demais subcategorías modais. De feito, como veremos a seguir, a lingüística toma nun primeiro momento as propostas taxonómicas ofrecidas pola lóxica. Con todo, queda claro desde o comezo que a modalidade epistémica é un subtipo nitidamente diferenciado, sobre todo lingüisticamente, pois adoita ser expresada por medio de mecanismos formais moi variados, a diferenza doutras clases de modalidade. A modalidade epistémica atraeu a atención de diversas escolas teóricas dentro da lingüística, desde a lingüística formal (e.g., Arregui et al., 2017; Papafragou, 2006) ata enfoques funcionalistas de cuño variado (e.g., Nuyts, 2001a; Patard & Brisard, 2011), desde estudos centrados na interacción (e.g., Cornillie, 2015; Kärkkäinen, 2003) ata análises de tipo histórico (e.g., Nordlinger & Traugott, 1997; Traugott, 1989). Como no caso da modalidade a nivel xeral, os achegamentos á modalidade epistémica lévanse

a cabo maioritariamente a partir de formas concretas. Non obstante, dada a importancia da modalidade epistémica como dominio funcional, existen algúns traballos que tratan esta área desde unha perspectiva paradigmática (Fernández Sanmartín, 2006; Kärkkäinen, 2003; Nuyts, 2001a).

2.2. As modalidades: clases e clasificacións

A maneira de definir a modalidade limítase, en moitos casos, a listar o conxunto de nocións máis específicas incluídas baixo esta etiqueta. Existe bastante acordo no tocante aos elementos que conforman o núcleo da categoría, os cales son recoñecidos pola maioría de autores. Estes subtipos de modalidade son ilustrados na primeira epígrafe desta sección (§2.2.1). Danse discrepancias, fundamentalmente, no relativo á organización do espazo modal e o status das nocións máis periféricas. Este feito deu lugar a unha abundancia de propostas taxonómicas, as máis relevantes das cales son presentadas na segunda epígrafe da sección (§2.2.2, p. 23).

2.2.1. As clases tradicionais de modalidade

Os tres tipos básicos de modalidade distinguidos na tradición lóxica son a alética (do grego *alétheia* 'verdade'), relativa aos modos da verdade, a deóntica (do grego *déon* 'obriga, deber'), relativa aos modos da obriga, e a epistémica (do grego *epistéme* 'coñecemento'), relativa aos modos do coñecemento (von Wright, 1951, pp. 1–4). Sen dúbida, a primeira destas tres clases foi a que recibiu máis atención no paradigma lóxico. Neste ámbito, os conceptos chave para a caracterización das categorías modais son a necesidade e a posibilidade. Por exemplo, se unha proposición é verdadeira en calquera circunstancia, dirase que é necesariamente verdadeira (e.g., *O diámetro dun círculo debe pasar polo seu centro*). Se non é necesariamente falsa, dirase que é posiblemente verdadeira (e.g., *Unha persoa pode ser máis vella que o seu tío*). Este tipo de modalidade tamén é chamado modalidade lóxica (Carnap, 1947, pp. 173–177; Kearns, 2011, pp. 79–84; von Wright, 1951, p. 28).

Porén, nos estudos lingüísticos, o uso da noción de modalidade alética é escaso. Palmer (1986, p. 11) sinala a dificultade para distinguir entre modalidade alética e modalidade epistémica cando afirma que "there is

no distinction between (...) what is logically true and what the speaker believes, as a matter of fact, to be true". Non obstante, enunciados como os anteriores poden ser modalizados epistemicamente (e.g., *Probablemente, o diámetro dun círculo debe pasar polo seu centro*), o cal apunta a unha maior proximidade da modalidade alética cos tipos non-epistémicos de modalidade, que tamén poden caer baixo o alcance da modalidade epistémica. A modalidade alética é raramente empregada en lingüística porque os enunciados que a expresan son infrecuentes (Narrog, 2012, p. 7) e porque, seguramente, pode ser asimilada a algún subtipo de modalidade non-epistémica, como a dinámica (vid. infra).

Na literatura lingüística, as clases "tradicionais" de modalidade son a dinámica, a deóntica e a epistémica (Nuyts, 2016). Todas elas foran xa propostas no marco da lóxica modal por von Wright (1951), quen outorga ás dúas últimas un lugar parello ao da modalidade alética. A modalidade dinámica é mencionada por von Wright (1951, p. 28), mais só nunha breve nota.

(1) Dinámica

   a. Esa rapaza pode nadar dez quilómetros seguidos.

   b. Debo saír de aquí canto antes.

(2) Deóntica

   a. Xa podes marchar.

   b. O neno debía volver antes das 11.

(3) Epistémica

   a. A inacción do goberno puido causar esta desfeita.

   b. A acusada debe de estar ocultándolles información.

Dinámica

A modalidade dinámica atribúe ao primeiro participante dun EdC unha capacidade ou habilidade (1a) ou unha necesidade (1b). Palmer (2001, pp. 76–79) distingue dous tipos de posibilidade dinámica —de habilidade (*abilitive*) e volitiva—, correspondentes aos auxiliares do inglés *can* e *will*. A necesidade dinámica é expresada mediante o modal *must*, aínda que, segundo o autor, estes casos son raros (cf. Palmer, 1990, pp. 113–132).

Máis minuciosa é a proposta de Nuyts (2005, 2006, 2016), que divide o espazo da modalidade dinámica en tres categorías: modalidade dinámica inherente ao participante, imposta ao participante e circunstancial. En exemplos como os de (1), o común é unha lectura en termos da primeira categoría, que comprende casos de capacidades e necesidades internas ao primeiro participante. Non obstante, fornecendo o contexto adecuado, estes exemplos poden ser interpretados como modalidade dinámica imposta ao participante por circunstancias externas:

(4) a. Agora que despexaron o curso do río, pode nadar dez quilómetros seguidos.

b. Para chegar a tempo á competición de natación, debo saír de aquí canto antes.

A terceira clase de modalidade dinámica é a máis controvertida, como recoñece o propio Nuyts (2016). A variante circunstancial incluiría "possibilities/potentials and necessities/inevitabilities (...), but then not related to any participant in the state of affairs in particular, but inherent in the state of affairs described in the clause as a whole" (Nuyts, 2016, p. 35). O autor ilustra esta noción con exemplos como os seguintes:

(5) a. All ships can sink.

b. Little Stevie cannot have broken the vase since he was not around.

c. John has to be the murderer, there was nobody else in the house.

d. It is possible to open the door now, I've cleaned up the rubbish behind it. (Nuyts, 2005, p. 8; Nuyts, 2016, p. 35)

Estes casos recordan á modalidade alética, na medida en que o tipo de modalidade que expresan está ocupada das condicións lóxicas que conducen á posibilidade ou necesidade do EdC descrito. Con todo, non coñezo propostas que relacionen explicitamente a modalidade alética coa modalidade dinámica (circunstancial), para alén de von Wright (1951, p. 28) na xa citada nota.

Deóntica

A modalidade deóntica defínese tradicionalmente en termos de permiso (2a) e obriga (2b), entendidos como unha indicación da posibilidade

ou da necesidade da situación descrita no enunciado en relación cun código moral. Esta definición aparentemente clara e estrita agocha certa diversidade interna. Neste sentido, Palmer (2001, pp. 70–72) afirma que o tipo máis común de deónticos é o dos directivos, que constitúen unha clase de actos de fala, o das ordes, cuxa finalidade é conseguir que o interlocutor leve a cabo unha determinada acción. Desde esta perspectiva, (2a) pode ser interpretado como un deóntico directivo, pero (2b) non. Ademais, Palmer (2001, pp. 72–73) distingue outro tipo de deónticos que chama comisivos, vinculados a actos de fala en que o emisor adquire un compromiso. Con esta etiqueta, Palmer (2001, p. 72) cobre usos do auxiliar do inglés *shall*, como *John shall have the book tomorrow* ou *You shall do as you are told*.

Nuyts, Byloo e Diepeveen (2010) argumentan en prol dunha definición alternativa á tradicional, considerando a modalidade deóntica unha categoría escalar integrada, estritamente, por graos de aceptabilidade e necesidade morais. Isto exclúe os directivos tal e como os entende Palmer (2001), mais non só. Nuyts et al. (2010) entenden os directivos como instrucións que informan sobre o que é posible ou necesario que o primeiro argumento faga, é dicir, como indicacións de obriga e permiso[3]. Estes autores, polo tanto, incluirían os exemplos de (2) na clase dos directivos e non na dos deónticos. Si recoñecerían, porén, como integrantes desta clase usos dos verbos auxiliares como (6) e casos que son xeralmente excluídos no tratamento da modalidade deóntica como os de (7), onde a aceptabilidade moral é expresada mediante recursos léxicos.

(6) a. O salario dos políticos non pode depender do parlamento.

b. O debate sobre a eutanasia debe abrirse nesta década.

(7) a. Cómpre non deixarse levar pola desesperación nos momentos difíciles.

b. O seu comportamento na escola é totalmente deplorable.

c. Aplaudimos a decisión da directiva.

[3]Repárese en que os directivos así entendidos non corresponden unicamente con actos de fala do tipo das ordes, senón que tamén inclúen a súa *descrición*. Unha das conclusións a que chegan Nuyts et al. (2010) é que existe unha división de traballo entre os auxiliares modais e o modo imperativo en que os primeiros se encargan de *describir* o significado directivo e os segundos de *performalo* (sobre a performatividade, véxase §3.1.3, p. 47).

No seu traballo ocupado dos adxectivos deónticos do inglés, Van linden e Verstraete (2011) asumen unha caracterización gradual como a de Nuyts et al. (2010) e tamén separan o significado directivo do déontico, mais restrinxen este último por medio da noción de factualidade (vid. §2.3.2, p. 32). Deste xeito, exclúen o que consideran casos de avaliación non-modal, como os dous últimos de (7), onde o EdC é factual.

Epistémica

A modalidade epistémica adoita definirse ben como unha avaliación das probabilidades de que unha situación chegue a se realizar, ben como a expresión do compromiso de quen fala coa información dada (e en moitas ocasións como ambas á vez, vid. §2.3, p. 26). As principais distincións danse en termos de posibilidade (3a) e necesidade (3b), neste caso en referencia ao coñecemento que se posúe acerca do mundo.

Para Coates (1983, pp. 18–20), os verbos auxiliares con valor epistémico poden relacionarse cunha suposición (*must*, *should* e *ought*) ou cunha avaliación de posibilidades (*will*, *may*, *might* e *could*). O primeiro grupo constitúe o tipo inferencial e o segundo o tipo non-inferencial. Estas dúas clases dispóñense nunha escala cuxos extremos son a confianza (*must*; *will*) e a dúbida (*should*, *ought*; *may*, *might*, *could*)[4]. Palmer (2001, pp. 24–31), pola súa banda, distingue tres tipos de modalidade epistémica: especulativa, dedutiva e presuntiva (*assumptive* no orixinal). Como noutras ocasións, o autor dá cobertura con estas distincións aos usos dos auxiliares modais do inglés, neste caso *may*, *must* e *will*, respectivamente. Curiosamente, Palmer (2001, p. 25) indica que "there seem to be few languages that have a system with all three markers, but English is an exception", o cal é boa mostra do papel da lingua inglesa na confección das clases modais.

No tratamento da modalidade epistémica, adoita poñerse en xogo a noción de inferencia ou dedución e asumir que esta se manifesta mediante o auxiliar *must* ou o seu equivalente noutras linguas, como *deber* en galego. A problemática relación entre os inferenciais e a modalidade epistémica será tratada en §4.1.2 (p. 88).

[4] As expresións entre parénteses que preceden o punto e coma corresponden coas consideradas inferenciais, as que o seguen coas consideradas non-inferenciais.

2.2.2. Outras propostas de organización do espazo modal

A taxonomía modal bosquexada en §2.2.1 foi a que tivo máis éxito e difusión nos traballos lingüísticos mais non é, nin moito menos, a única. O status modal das tres clases principais é rara vez discutido. No que si existe bastante diversidade de propostas é no tocante ao seu status relativo.

Unha división moi común do espazo modal opón a modalidade epistémica ao resto de clases modais, que constituirían a modalidade raíz ou radical (*root modality*) ou modalidade non-epistémica. O común é incluír baixo esta etiqueta tanto os significados dinámicos como os deónticos, moitas veces sen facer distinción explícita entre eles (e.g., Coates, 1983; Declerck, 2011; Sweetser, 1990; Talmy, 2000).

De forma semellante, Palmer (2001) distingue dous sistemas modais: modalidade proposicional e modalidade eventual. O primeiro deles comprende a modalidade epistémica e a modalidade evidencial, ocupadas ambas as dúas da actitude da falante cara á veracidade ou o status factual da proposición (Palmer, 2001, p. 24). O segundo sistema inclúe as modalidades dinámica e deóntica, referidas a eventos non actualizados ou potenciais (Palmer, 2001, p. 70).

Bybee, Perkins e Pagliuca (1994) segmentan o ámbito modal en catro categorías. A primeira delas é a modalidade orientada ao axente, a cal "reports the existence of internal and external conditions on an agent with respect to the completion of the action expressed in the main predicate" (Bybee et al., 1994, p. 177). Esta clase incluiría nocións semánticas específicas como obriga, necesidade, habilidade, desexo, que dá lugar a significados de intención e disposición (*willingness* no orixinal), e posibilidade radical, resultado da xeneralización da noción de habilidade. Esta modalidade orientada ao axente corresponde en boa medida á modalidade dinámica tal e como a entende Palmer (2001) (significados de volición, habilidade e necesidade) e tamén inclúe os elementos tradicionalmente considerados deónticos. Estes últimos, referidos a obriga e permiso, cando constitúen actos de fala directivos conforman a modalidade orientada á falante, que representa a segunda das categorías propostas por Bybee et al. (1994). Esta área modal divídese en seis clases: imperativo, prohibitivo, optativo, hortativo, admonitivo e permisivo. A terceira categoría é a relativamente pouco controvertida modalidade epistémica. Esta indica o grao de compromiso da falante a respecto da veracidade da proposición

e ten como categorías máis comunmente expresadas a posibilidade, a probabilidade e a certeza inferida. Por último, os modos da subordinación (*subordinating moods* no orixinal) refírense ao uso das formas empregadas para as modalidades epistémica e orientada á falante en contextos de subordinación como a complementación, as oracións concesivas e as finais.

Van der Auwera e Plungian (1998) aplican o termo *modalidade* a aqueles dominios semánticos que se poden definir en termos da oposición posibilidade/necesidade. Isto resulta en catro categorías, a primeira das cales é a modalidade interna ao participante. Esta implica, pola parte da posibilidade, a habilidade ou capacidade do participante e, pola parte da necesidade, unha necesidade interna do participante, significados correspondentes aos exemplos da serie (1), é dicir, á modalidade dinámica no seu sentido tradicional ou, nos termos de Nuyts (2016), modalidade dinámica inherente ao participante. O segundo dominio analizable en termos da mencionada oposición é a modalidade externa ao participante, que equivale á modalidade dinámica imposta ao participante de Nuyts (2016), ilustrada na serie (4)[5]. A terceira categoría distinguida por van der Auwera e Plungian (1998) é a modalidade deóntica, que consideran un caso especial de modalidade externa ao participante. O seu uso do termo é bastante estándar, pois inclúe tanto usos directivos como non directivos. O cuarto tipo de modalidade é a epistémica, a cal é definida como un xuízo da falante sobre unha proposición, que se cualifica como incerta (posible) ou probable (necesaria). Esta dimensión inclúe a área da evidencialidade inferida. Por último, os autores indican que a única maneira coherente de agrupar as clases identificadas é xuntar as modalidades interna e externa ao participante, que conformarían a modalidade non-epistémica, e opolas á modalidade epistémica. Este agrupamento resulta adecuado, segundo os autores, porque as modalidades relativas ao participante atanguen aspectos internos ao EdC expresado na proposición, mentres que a epistémica ten alcance sobre a proposición no seu conxunto.

Como se pode deducir, son numerosos os traballos que asumen a distinción entre modalidade radical ou non-epistémica e modalidade epistémica. Desde o punto de vista histórico, a modalidade non-epistémica é radical no sentido en que constitúe a orixe da modalidade epistémica

[5] Con todo, van der Auwera e Plungian (1998, p. 80) parecen deixar a porta aberta a incluír os valores da modalidade dinámica circunstancial de Nuyts (2016) na súa modalidade externa, pois esta "refers to circumstances that are external to the participant, *if any*, engaged in the state of affairs [destaque meu]"

(Narrog, 2005a; Traugott, 2006; van der Auwera & Plungian, 1998). Ademais, como apuntan van der Auwera e Plungian (1998) e recoñecen a maioría de autores ocupados da materia (vid. §3.1, p. 39 e Capítulo 5), existen diferenzas de alcance semántico entre a modalidade epistémica e o resto de categorías modais. Por último, a modalidade epistémica posúe unhas posibilidades expresivas que exceden notablemente as das outras categorías modais tradicionais, confinadas á expresión mediante auxiliares verbais, adxectivos como *posible* e *necesario* e os adverbios derivados destes últimos.

Para alén das propostas anteriores, existen outras clasificacións dos tipos de modalidade, que resumo brevemente a seguir.

No marco da Gramática Funcional, destacan os traballos de Goossens (1985) e Hengeveld (2004). O primeiro asume a división tripartita máis tradicional, coa peculiaridade de que chama facultativa a modalidade dinámica, a cal se identifica coa visión de Palmer (significados de habilidade e volición). O traballo de Hengeveld constitúe a proposta máis elaborada para o tratamento da modalidade na escola da Gramática Funcional e será examinado con detalle en §3.1.1 (p. 40). Canto aos tipos de modalidade, Hengeveld (2004) diferencia a facultativa, a deóntica, a volitiva, a epistémica e a evidencial. O seu uso das etiquetas deóntica, epistémica e evidencial é estándar. A facultativa comprende os significados de habilidade e capacidade e a volitiva corresponde aos usos modais dos auxiliares *will* e *would* do inglés (cf. Palmer, 2001, pp. 76–80).

Narrog (2005a, 2012) elabora un modelo para o estudo diacrónico da modalidade que se basea en dúas distincións: unha en termos de volicionalidade (*volitivity* no orixinal) e outra en termos de orientación cara ao acto de fala. Desta maneira, a modalidade volitiva incluiría como subtipos a deóntica, a apreciativa e as que Narrog chama preferencial e teleolóxica. A non-volitiva, pola súa parte, abrangue a epistémica, a evidencial, a interna ao participante, a circunstancial e a chamada existencial. Cómpre apuntar que a distinción volitiva/non-volitiva é gradual, de xeito que algúns subtipos poden considerarse máis ou menos volitivos que outros. A segunda distinción empregada por Narrog ten que ver co alcance das expresións modais e formúlase como unha oposición entre orientación cara ao evento e orientación cara ao acto de fala. Os subtipos aliñados no eixe da volicionalidade son atravesados por estoutra división, coa cal non se identifican as clases concretas senón

usos particulares. Esta dimensión corresponde en boa medida ao que nos estudos históricos é a noción de (inter)subxectividade (vid. §4.2.1, p. 96).

Por último, Depraetere e Reed (2011) levan a cabo unha clasificación meticulosa da posibilidade radical, distinguindo cinco subtipos (habilidade, oportunidade, permiso, posibilidade circunstancial xeral e permisibilidade circunstancial) con base en tres criterios: o alcance da modalidade (amplo ou estreito), a fonte da modalidade (interna ou externa ao suxeito) e a presenza ou ausencia dunha barreira potencial (a capacidade da fonte externa para impor atrancos na realización do evento).

Do repaso anterior extráese unha conclusión principal: as controversias na división do espazo modal concéntranse na caracterización e delimitación das áreas dinámica e deóntica, mentres que a modalidade epistémica goza en practicamente todas as propostas dun status independente e dunha definición bastante nítida (salvando a súa problemática relación coa evidencialidade, vid. §4.1.2, p. 88). Tomando os significados tradicionais como referencia, as propostas examinadas resolven a súa clasificación principalmente de dúas maneiras. Por unha banda, moitos autores agrupan os tipos non-epistémicos de modalidade nunha modalidade raíz (Coates, 1983) ou eventual (Palmer, 2001), distinguindo, ou non, diversos subtipos dentro desta clase. Por outra banda, tamén coñece moita difusión a distinción do tipo modalidade interna ao participante/-modalidade externa ao participante (van der Auwera & Plungian, 1998), que constitúe unha alternativa á oposición dinámica/deóntica ao agrupar os significados deónticos cun subconxunto dos dinámicos.

2.3. A modalidade: definición e enfoques teóricos

Atopar unha definición básica, coherente e común para todas as nocións que se adoitan agrupar baixo o termo *modalidade* está lonxe de ser doado e, sobre todo, de estar libre de críticas. De feito, "[t]here is hardly any grammatical category which has been given more diverging definitions, and under the label of which a wider range of phenomena has been studied" (Narrog, 2005b, p. 165). Segundo Narrog (2005b), existen dúas definicións principais da modalidade nos estudos lingüísticos: (a) modalidade como expresión das actitudes da falante, é dicir, asociada á noción de subxectividade e á expresión de opinións e emocións; e (b) modalidade

como expresión de distincións de factualidade.

Para Narrog (2005b), a primeira delas constitúe unha caracterización moi vaga que non singulariza os elementos modais fronte a outros dominios semánticos. Como mostra o propio Narrog (2005b, pp. 169–176), as actitudes da falante están presentes en todos os elementos do enunciado, desde a escolla de vocabulario ata a perspectiva desde a que se conceptualiza unha situación, o cal inclúe o aspecto, a voz, o tempo e a modalidade no sentido tradicional[6]. Polo tanto, unha definición da modalidade como a expresión das actitudes de quen fala, sen máis detalles, carece de solidez. Con todo, o concepto de actitude xoga un papel fundamental en propostas relevantes como as de Givón (2001), Kärkkäinen (2003), Nuyts (2005), Palmer (1986, 1990) e Pietrandrea (2005) ou nos enfoques máis preocupados pola interacción e a organización do discurso (vid. §3.3, p. 58).

No segundo caso, a modalidade asóciase co status factual dunha proposición ou dun EdC. Deste modo, unha situación modalizada é aquela que se localiza nun mundo diferente ao real e é marcada como non-factual. Esta proposta de caracterización da modalidade tivo moito éxito na lingüística en xeral, tanto na tradición formalista (e.g., Kearns, 2011; Papafragou, 2000; Portner, 2009) como na funcionalista (e.g., Declerck, 2011; Narrog, 2012). Esta concepción provén da aplicación da semántica de mundos posibles á lóxica modal (§2.3.1, p. 28), modelo que impregna, de maneira máis ou menos directa, un gran número de traballos na lingüística actual, onde os mundos posibles foron reelaborados en termos dunha escala de (non-)factualidade (§2.3.2, p. 32).

Algúns autores combinan elementos das definicións (a) e (b) nas súas propostas. Así, Palmer (2001, p. 8) identifica a súa modalidade proposicional coas actitudes da falante en relación coa verdade ou o status factual da proposición e a súa modalidade eventual con situacións non factuais. Van linden e Verstraete (2011), pola súa parte, caracterizan a modalidade deóntica en termos dunha fonte de actitude e do status factual da proposición.

De maneira independente ás propostas anteriores, no seo da lingüística cognitiva xerouse un modelo propio para entender a modalidade, segundo o cal a modalidade se conceptualiza a partir dun entendemento previo

[6]Na macroestrutura do discurso, Heine (2019, p. 424) identifica as interxeccións e as exclamacións como elementos que expresan actitudes.

das forzas físicas (§2.3.3, p. 36).

2.3.1. Necesidade, posibilidade e mundos posibles

O desenvolvemento da semántica de mundos posibles tivo lugar na filosofía co fin de encher un baleiro na lóxica modal: da mesma maneira que os conectores lóxicos e a negación se definían na lóxica clásica en relación con valores de verdade, cumpría atopar un modelo que permitise caracterizar de maneira rigorosa os operadores modais de necesidade e posibilidade (cf. Menzel, 2016). Noutras palabras, o modelo de mundos posibles aparece porque era preciso falar de xeito claro sobre situacións hipotéticas.

En semántica, os *mundos posibles* refírense ás diversas formas alternativas que podería adoptar a realidade. O mundo real é unha destas opcións e, polo tanto, forma parte do conxunto de mundos posibles. Un mundo posible diferente ao mundo real constitúe un universo alternativo completo que diverxe polo menos nun punto da realidade. O conxunto de mundos posibles é infinito, pois infinitos son os puntos en que a realidade podería ser diverxente.

En esencia, este sistema crea un dominio onde se pode aplicar a noción de verdade a situacións non-factuais. Desta maneira, unha proposición é necesariamente verdadeira se aplica á totalidade do conxunto de mundos posibles pertinente e é posiblemente verdadeira se aplica polo menos a un deses mundos posibles. Cal é o conxunto pertinente de mundos posibles determínao o tipo de modalidade en xogo (cf. Kearns, 2011, pp. 82–85). Por exemplo, no caso da modalidade deóntica, o conxunto de mundos relevante é aquel en que o código de normas aludido é completamente observado, é dicir, os mundos de "obediencia absoluta".

(8) Os residentes deben depositar o lixo nos colectores a partir das 21:00 horas.

En (8), temos un enunciado marcado con modalidade deóntica mediante o verbo auxiliar *deber*. Dado que esta forma expresa necesidade deóntica, debe entenderse que a proposición alcanzada é obrigatoria segundo un conxunto de regras determinado polo contexto, neste caso, supoñemos, a normativa municipal. No modelo de mundos posibles, o uso de *deber* en (8) implica que "os residentes deben depositar o lixo nos colectores a partir das 21:00 horas" é verdadeiro unicamente se "os residentes depositan o lixo nos colectores a partir das 21:00 horas" é

verdadeiro en todos os mundos de obediencia absoluta. É dicir, unha proposición modalizada é verdadeira ou non en relación cun conxunto de situacións hipotéticas posibles.

Mutatis mutandis, a mesma análise é aplicada á posibilidade modal e a outros tipos de modalidade, como a epistémica. No caso desta última, o conxunto de mundos relevante é aquel epistemicamente posible, isto é, aquel en que aplica todo o que é sabido acerca do mundo real. Para un suxeito particular, o conxunto de mundos epistemicamente posibles *é* a realidade.

(9) É posible que a miña amiga estea en Lugo.

En (9), o uso do adxectivo modal *posible* supón que a proposición "a miña amiga está en Lugo" é certa en polo menos un mundo epistemicamente posible, o cal é o mesmo que dicir que o coñecemento da realidade de quen produce (9) é consistente co feito de a miña amiga estar en Lugo, independentemente de que despois se descubra que este non é o caso.

Esta análise trata, por unha parte, de fornecer un modelo que permita manexar enunciados que describen situacións hipotéticas e, por outra parte, de definir os conceptos de necesidade e posibilidade a partir de operadores lóxicos como os cuantificadores universal ("todos os mundos") e existencial ("polo menos un mundo") ou a negación. A súa finalidade principal non é a análise da lingua.

Kratzer (1977, 1981/2002) elabora unha versión "máis lingüística" deste modelo, que Portner (2009, p. 49) considera a teoría estándar da modalidade na semántica formal. Sen entrar nos detalles da formalización, hai dúas ideas centrais no traballo de Kratzer (1977, 1981/2002). En primeiro lugar, a *relatividade da modalidade* supón que as expresións modais non son ambiguas (entre, por exemplo, un significado deóntico e outro epistémico), senón que os seus significados son relativos a un ou varios fondos conversacionais (*conversational backgrounds* no orixinal). Polo tanto, é o contexto o que determina a que mundos posibles se refire unha expresión modal particular.

(10) a. De acordo coas normas do concello, é posible que os residentes tiren o lixo a partir das 21:00 horas.

b. De acordo co que sei, é posible que a miña amiga estea en Lugo.

Casos como os de (10) exemplifican de maneira clara como o contexto, neste caso lingüístico, determina que lectura se debe facer dunha expresión modal: en (10a), *posible* ten unha interpretación deóntica debido á referencia ao código normativo que se fai no sintagma preposicional adxunto; en (10b), a lectura é epistémica por causa dese mesmo sintagma, que se refire agora ao coñecemento do suxeito. Segundo Kratzer (1977), este tipo de elementos constitúen fondos conversacionais que fornecen a base modal, é dicir, son funcións que relacionan o contexto co conxunto pertinente de mundos posibles e estes coa expresión modal.

A segunda idea central da teoría de Kratzer é a da *ordenación*. Na formulación clásica, os mundos posibles constitúen un conxunto sen estrutura interna. Isto non contempla que, por exemplo en (10b), se manexen varios escenarios posibles para alén do enunciado. Kratzer (1981/2002) captura esta posibilidade outorgando prioridade a uns mundos posibles sobre outros e faino mediante un segundo fondo conversacional, que conforma a *fonte de ordenación* (*ordering source*). Mentres que a base modal fornece, en (10b), o conxunto de feitos que son coñecidos máis alá da dúbida (a miña amiga non está na casa), a fonte de ordenación representa expectativas da falante froito da experiencia (é usual que a miña amiga vaia a Lugo unha vez ao mes), informacións de segunda man (dixéronme que hoxe saíu antes do traballo) etc. O modelo de Kratzer dinos que, con esta base modal e esta fonte de ordenación, o que expresa (10b) é que entre os mundos en que os feitos anteriores rexen a falante dá prioridade a aqueles en que a súa amiga está en Lugo.

Con base no anterior, Kratzer (1981/2002) afirma que as habilidades que posúe unha persoa que domine o sistema modal dunha lingua son dúas:

> (i) The ability of categorizing conversational backgrounds according to the requirements imposed by the vocabulary.
>
> (ii) The ability of drawing inferences of various strength involving two conversational backgrounds: a modal base and an ordering source. (Kratzer, 1981/2002, p. 321)

Aínda que este modelo manifesta unha maior atención á lingua que o modelo orixinal da lóxica, os esforzos continúan centrados no desenvolvemento dunha linguaxe formal que permita tratar fenómenos do ámbito modal. Como evidencian as habilidades que se lles atribúen ás falantes, o obxectivo último da proposta é fornecer un modelo psicolóxico dos

procesos mediante os cales se leva a cabo o acto de modalización.

Un enfoque próximo ao de Kratzer é o achegamento á modalidade proporcionado pola Teoría da Relevancia. Como o seu nome indica, a noción chave na teoría é a relevancia, que ten a súa orixe na máxima de relación de Grice (1975). Nesta perspectiva, a comunicación é un procesamento de información que implica unha falante que intenta expresar uns feitos ou asuncións e un oínte que trata de computar información a partir de material lingüístico e contextual (Sperber & Wilson, 1995). Cando o significado procesado satisfai as expectativas de relevancia do oínte, este deixa de procesar información. A pesar de que, en principio, reserva un lugar de importancia á falante, a Teoría da Relevancia é, na práctica, unha teoría do procesamento e non da produción, cunha patente inclinación cognitiva e psicolóxica.

A Teoría da Relevancia propón un achegamento unitario á modalidade (e.g., Berbeira Gardón, 1998; Papafragou, 2000). Fronte ás explicacións partidarias da polisemia, que defenden unha semántica rica a partir da cal as falantes realizan escollas, a análise monosémica baseada na relevancia postula unha estrutura semántica mínima acompañada dunha potente capacidade cognitiva para determinar significados a partir do contexto.

O funcionamento das expresións modais na Teoría da Relevancia é, en esencia, o mesmo que na lóxica modal e en Kratzer (1977, 1981/ 2002): a súa semántica componse dunha relación lóxica (necesidade ou posibilidade) e un dominio de proposicións, é dicir, un conxunto de mundos posibles con que a unidade modal relaciona a proposición sobre a cal actúa (Papafragou, 2000, p. 40). Expresións compatibles con significados deónticos e epistémicos, como *posible* en (10), non especifican o seu dominio, de maneira que a especificación deste valor semántico depende do proceso pragmático de comprensión, orientado cara á procura da relevancia. Neste sentido, é central a distinción entre o uso descritivo e o uso interpretativo das proposicións (vid. Sperber & Wilson, 1995, pp. 224–231): a proposición sobre a que actúa un modalizador deóntico ten un uso descritivo, mentres que a alcanzada por un modalizador epistémico ten un uso interpretativo (Papafragou, 2000, pp. 68–71). Isto quere dicir que a proposición expresada como complemento do predicado principal constitúe unha descrición verificable dun EdC (isto é, unha entidade do mundo real) en (10a), mentres que en (10b) a proposición é unha representación dunha hipótese abstracta considerada compatible

coas crenzas da falante (é dicir, un obxecto mental).

Como atinadamente indica Traugott (2003, p. 663), a Teoría da Relevancia "has replaced one (minimally) dyadic relationship, the deontic/epistemic 'polysemy', with another (minimally) dyadic one involving levels of representations (descriptive, and interpretive)". Un dos principais postulados desta proposta, o achegamento monosémico ás expresións modais, vese cuestionado cando se fai evidente a necesidade de que os lexemas especifiquen no nivel semántico se poden operar no nivel descritivo, no interpretativo ou en ambos os dous.

As propostas de Kratzer e da Teoría da Relevancia centran os seus esforzos teóricos en outorgar un papel privilexiado á pragmática no uso das expresións modais. Porén, o modo en que este compoñente actúa apenas está insinuado. Obsérvase unha clara inclinación cara ao desenvolvemento da linguaxe formal e un entendemento da comunicación como unha tarefa eminentemente psicolóxica afastada do social. Por iso, as teorías formais da modalidade contan pouco sobre como funciona este fenómeno desde o punto de vista lingüístico.

2.3.2. A escala de valores factuais

Malia as eivas do enfoque lóxico sobre a modalidade e os seus descendentes, as súas ideas básicas calaron en perspectivas máis comprometidas cos datos lingüísticos. Achegamentos de tipo funcional e cognitivo toman do modelo de mundos posibles a identificación da modalidade coa nonfactualidade e reelaboran as nocións discretas de necesidade e posibilidade en termos dun contínuum ou escala[7]. Atopamos este tipo de aproximación en moitos dos principais traballos sobre a modalidade fóra do ámbito formal (e.g., Frawley, 1992, pp. 385–436; Narrog, 2012; Traugott & Dasher, 2002; Van linden, 2012).

Para Narrog (2005b), a definición da modalidade en termos de nonfactualidade ten vantaxes en comparación coa baseada na actitude da falante: a diferenza desta, aquela proporciona unha caracterización no nivel semántico (ao mesmo nivel que categorías como tempo, aspecto ou negación) e permite delimitar o conxunto de marcadores modais a respecto da expresión doutras categorías. A súa definición é a seguinte:

[7] Recentemente, tamén se ten explorado este camiño na lingüística de corte formal (Lassiter, 2017), aínda que as súas bases xa aparecen en Kratzer (1981/2002).

> Modality is a linguistic category referring to the factual status of a state of affairs. The expression of a state of affairs is modalized if it is marked for being undetermined with respect to its factual status, i.e. is neither positively nor negatively factual. (Narrog, 2005b, p. 184)

Este achegamento é útil para determinar que unidades son modais e cales non. Wright (1995) examina usos do xerundio como os seguintes:

(11) a. You're telling me you don't love me anymore.
(Wright, 1995, p. 156)

b. Estasme molestando.

Segundo a autora, este uso "experiencial" da forma progresiva é non-aspectual e "focusses not on an event in time, but on the (speaking) subject's consciousness of being inside an event, state, activity, looking out" (Wright, 1995, p. 156). Trátase dunha mostra de subxectividade na lingua que serve para expresar as actitudes de quen fala con respecto a unha situación ou, de modo máis concreto, "the speaker's epistemic stance and perspective of a given state of affairs" (Wright, 1995, p. 157).

Casos como os de (11) non son considerados exemplos de expresións modais, aínda que si manifestan a actitude da falante. Desde a perspectiva da factualidade, unha definición da modalidade en termos de actitude/subxectividade é inadecuada porque é incapaz de discriminar exemplos coma estes. Por contra, unha definición baseada na noción de factualidade, como a que propón Narrog (2005b), descarta atinadamente este tipo de elementos, cuxa factualidade non podería ser maior.

No marco da tradición funcional e cognitiva da lingüística, unha das propostas máis elaboradas para o tratamento da modalidade como propiedade escalar baseada na noción de factualidade é a de Declerck (2011). Na práctica, constitúe unha adaptación do modelo de mundos posibles ao marco da lingüística cognitiva e, en consecuencia, o autor dedica parte da súa contribución a aclarar como debe ser entendida a súa versión deste modelo.

A trazos largos, a proposta de Declerck (2011) é a seguinte: un mundo posible é sempre un *mundo-t*, isto é, un mundo ancorado a un tempo t determinado. Polo tanto, unha proposición pode ser certa nun mundo-t particular e falsa noutro. A actualización dunha situación é *factual* se a forma finita da oración que a expresa ten valor de pasado ou de presente.

Todos os mundos non-factuais son creados por medio de mecanismos lingüísticos. Dado que os mundos non-factuais equivalen aos mundos modais, estes mecanismos son chamados *modalizadores*. O referente dun modalizador é un *estado modal*, é dicir, a cualificación dunha situación como necesaria, posible, probable, permitida, desexada etc. Un estado modal constitúe de seu unha situación que se actualiza nun mundo particular, xeralmente o factual, aínda que non necesariamente, como acontece nos contrafácticos. O mundo en que se actualiza un estado modal constitúe o seu *ground*, fenómeno este diferente do *anchoring*, que se refire á relación temporal entre dous mundos.

Neste marco, a modalidade é definida como o fenómeno de unha situación estar localizada nun mundo non-factual. O autor insiste en apuntar que "by '*nonfactual world*' we do not mean a world that is necessarily different from the factual world but rather a possible world that is not represented and/or interpreted as being the factual world" (Declerck, 2011, p. 27). Isto é fundamental na caracterización da modalidade porque os modalizadores crean mundos con diversas relacións co mundo factual, sendo a de non-identidade exclusiva dos contrafácticos.

A modalidade epistémica dáse cando se toma en consideración o grao de compatibilidade ou solapamento entre o mundo modal e o factual. Polo tanto, os modalizadores epistémicos expresan a avaliación da falante no tocante á relación entre o mundo modal en que ten lugar a situación descrita e o mundo factual. Na maioría de casos, a modalidade epistémica é específica, o cal quere dicir que se aplica un valor de factualidade da escala epistémica á relación entre o mundo modal e o factual. Os valores desta escala constitúen un contínuum que vai desde o factual ata o contrafactual. O contínuum pode ser dividido en tantas categorías como se queira. Para dar conta dos significados dos auxiliares modais do inglés, Declerck (2011) distingue os seguintes valores:

(12) factualidade > necesidade forte > necesidade débil > probabilidade > posibilidade > improbabilidade > imposibilidade > *aínda-non-factualidade*[8] > contrafactualidade

[8]Segundo Declerck (2009), "not-yet-factual at t" é un valor modal descoidado na literatura que se manifesta en calquera expresión que teña posterioridade como parte do seu significado. Serve para caracterizar mundos posibles previstos pola falante mais non-factuais no tempo en que están ancorados. Este valor de factualidade é, segundo o autor, o resultado da combinación dos valores contrafactual e hipotético

Os valores comprendidos entre os extremos factualidade e contrafactualidade son valores factuais relativos porque todos eles implican un certo grao de incerteza por parte da falante, no sentido de que o mundo modal que crean é representado á vez como non coincidente e como non incompatible co mundo factual. Estes valores relativos, xunto coa contrafactualidade, son valores modais. A factualidade é un valor epistémico mais non ten carácter modal, dado que representa o mundo factual.

A modalidade non-epistémica, pola súa parte, fai referencia a factores que determinan a actualización do EdC (e.g., obriga e permiso, capacidade, desexo). O seu tratamento en Declerck (2011) non é tan detallado como o da modalidade epistémica.

Por último, Declerck (2011) trata os tres tipos de verbos léxicos que evocan mundos, os dous últimos dos cales conforman clases de modalizadores. En primeiro lugar, os verbos factivos (e.g., *saber*, *recoñecer*) evocan, na oración subordinada que os complementa, un mundo que é interpretado como o mundo factual. Non son, en consecuencia, modalizadores. En segundo lugar, os verbos intensionais (e.g., *crer*, *imaxinar*; vid. Forbes, 2020) crean un mundo "intensional" que pode coincidir ou non co mundo factual. Este mundo intensional é un mundo modal epistémico relacionado co mundo factual en termos dun valor de factualidade específico. Canto máis forte o significado intensional do verbo, menores as probabilidades de o mundo intensional coincidir co mundo factual. Por último, os verbos de actitude (e.g., *querer*, *esperar*) crean un mundo non-factual relacionado co mundo factual en termos de modalidade non-epistémica.

Da proposta de Declerck (2011) hai que valorar o tratamento minucioso da modalidade epistémica na forma dunha escala integrada por diferentes valores. Bótase en falta, porén, un achegamento parello á modalidade non-epistémica.

Unha aproximación semellante á de Declerck (2011), aínda que menos detallada na caracterización teórica e limitada á modalidade epistémica, atopámola en Nuyts (2001a): este autor tamén considera un mundo posible onde se sitúa a situación modalizada, unha avaliación de probabilidades e un contínuum de valores con dous polos de certeza entre os cales se atopan os valores modais que supoñen certo grao de non-certeza.

(este último cobre o espazo que separa o factual do contrafactual).

Porén, Nuyts (2001a, pp. 21–22) inclúe explicitamente a certeza (positiva e negativa) na escala da modalidade epistémica, punto en que diverxe de Declerck (2011).

En liñas semellantes sitúase o tratamento da modalidade nalgúns dos principais modelos funcionalistas de gramática (vid. §3.1, p. 39; §3.2, p. 55). Na Gramática Funcional, os dous tipos de modalidade obxectiva (epistémica e deóntica) son concibidos como escalas integradas por diversas distincións (Dik, 1997, p. 242; Hengeveld, 1987, p. 57):

(13) a. Modalidade obxectiva epistémica
certo – probable – posible – improbable – imposible

b. Modalidade obxectiva deóntica
obrigatorio – aceptable – permisible – inaceptable – prohibido

Dun xeito semellante, o *status* (≈ modalidade epistémica) na Gramática de Papel e Referencia disponse nun contínuum que vai do real ao irreal (Foley & Van Valin, 1984, p. 213):

(14) Status
real ← necesario – probable – posible → irreal

Sen dúbida, a concepción da modalidade como unha escala relativa a valores de (non-)factualidade ou (in)certeza tivo moita difusión nas perspectivas funcional e cognitiva da lingüística. Tal visión é unha reacción á tendencia, propia dos enfoques formais, a tratar a modalidade en termos de categorías discretas, a saber, posibilidade e necesidade. Está claro, porén, que no caso das modalidades deóntica e epistémica as linguas distinguen máis de dous valores, os cales se codifican mediante termos como os de (13) e (14).

2.3.3. A modalidade como dinámica de forzas

Se o de Kratzer era o modelo estándar da modalidade na semántica formal, o traballo de Talmy (1988, 2000, pp. 409–470) sobre dinámica de forzas (*force dynamics* no orixinal) constitúe o equivalente no marco da lingüística cognitiva (vid. Boogaart & Fortuin, 2016; Janda, 2015; Mortelmans, 2007). Na lingüística cognitiva, os dominios conceptuais abstractos explícanse con base en dominios máis simples, dos que aqueles adoitan derivar por medio de procesos como a metáfora ou a metonimia.

A idea central do modelo de Talmy é que a dimensión lingüística da modalidade deóntica remite a forzas sociais que comprendemos con base no noso entendemento das forzas físicas.

A dinámica de forzas é unha categoría semántica que comprende a interacción das entidades en relación coa forza (Talmy, 2000, p. 409). Posúe unha presenza significativa na estrutura lingüística, principalmente en relación coa noción de causalidade, e é representada gramaticalmente en subconxuntos de preposicións e conxuncións mais, sobre todo, nas categorías modais. As expresións modais, e particularmente os auxiliares, constitúen a (principal) categoría gramatical correspondente á categoría semántica da dinámica de forzas ou, o que é o mesmo, a codificación gramaticalizada das diversas maneiras en que as entidades interactúan a respecto das forzas e as barreiras.

A dinámica de forzas implica catro parámetros principais: unha *oposición de forza* entre un agonista e un antagonista; unha *tendencia de forza intrínseca* (cara á acción ou cara ao repouso); as *forzas relativas* das entidades opostas (por medio das cales a entidade máis forte poderá impor a súa tendencia); e o *resultante* da interacción de forzas (desde o punto de vista do agonista). Tómese os seguintes exemplos:

(15) a. John cannot leave the house.
b. The cake can stay in the box. (Talmy, 2000, pp. 441–442)

En (15a), o suxeito sintáctico (o agonista) mostra unha tendencia cara á acción, expresada mediante o verbo auxiliar *can*, pero unha forza oposta (o antagonista) bloquea a realización do evento. A presenza da negación indica que a forza opositora é maior que a do agonista e, en consecuencia, a interacción resulta en repouso. No mesmo contexto, *may* amosaría a mesma configuración mais limitada a unha lectura interpersoal onde as forzas serían, respectivamente, o desexo individual de levar a cabo a acción e a negación de permiso por parte dunha autoridade. O modelo de Talmy dá conta deste xeito do significado dos modais e dos contrastes entre interpretacións dinámicas e deónticas. Pola súa parte, (15b) ilustra un caso de democión do agonista: o suxeito neste caso non é o agonista da situación senón o elemento controlado polo agonista real, que non está expresado.

Sweetser (1990, pp. 56–68) aplica o modelo de forzas á modalidade epistémica, convertendo, mediante metáfora, as forzas físicas e sociais do

mundo real en forzas epistémicas relativas ao mundo mental. No ámbito epistémico, as barreiras son sempre corpos de premisas, de modo que un enunciado como *John may be there* é interpretado como "I am not barred by my premises from the conclusion that he is there" (Sweetser, 1990, p. 61). Neste caso, existe unha forza epistémica, exercida por un conxunto de coñecementos (o antagonista) e expresada mediante *may*, que permite á falante (o agonista) alcanzar a conclusión expresada polo contido proposicional.

A visión de Sweetser non carece de complicacións. Mortelmans (2007) apunta a incapacidade da súa proposta para explicar por que unhas correspondencias metafóricas son mellores ca outras: mentres que *may* ou *must* permiten a extensión metafórica, *can* só admite lecturas epistémicas na forma negativa, na de pasado e en contextos interrogativos, *need* acéptaa en contextos negativos e de interrogación e *shall* non asume ningún tipo de interpretación epistémica.

Desde o punto de vista diacrónico, a proposta de Sweetser tamén comporta problemas, porque o carácter discreto da metáfora entra en conflito co que se sabe da evolución das categorías modais. Propostas no marco da teoría da gramaticalización (e.g., Traugott & Dasher, 2002; Traugott & König, 1991) mostran a natureza gradual do desenvolvemento dos valores epistémicos e postulan un proceso baseado na metonimia como explicación do desprazamento cara a estes significados.

O modelo de Talmy serviu de inspiración a moito do traballo sobre modalidade levado a cabo no ámbito da lingüística cognitiva, incluíndo o influente marco da Gramática Cognitiva (Langacker, 1987, 1991a, 2008). Con todo, a validez da dinámica de forzas para individualizar o campo da modalidade é dubidosa, como discutiremos a seguir.

3. A modalidade epistémica na tradición funcionalista

Os enfoques lingüísticos funcionalistas dedicaron moita atención á modalidade, especialmente no contexto das cualificacións de EdCs. Neste sentido, tempo, aspecto e modalidade conforman unha tríade, coñecida como TAM, e adoitan tratarse conxuntamente (e.g., Bybee et al., 1994; de Saussure, Moeschler & Puskas, 2007; Hollebrandse, van Hout & Vet, 2005). Este fenómeno de avaliación, localización e modificación da predicación é central para os principais modelos gramaticais funcionalistas, incluíndo a Gramática Funcional (*Functional Grammar*, FG; Dik, 1997) e a Gramática de Papel e Referencia (*Role and Reference Grammar*, RRG; Van Valin, 2005; Van Valin & LaPolla, 1997), que propoñen un tratamento en termos de operadores ordenados en estratos. A Gramática Funcional Procesual (*Functional Procedural Grammar*, FPG; Nuyts, 1992, 2001a) segue esta liña no seu achegamento ás dimensións cualificadoras, a cal supón unha das propostas máis detalladas e coherentes sobre a materia. En §3.1 repásanse estas tres aproximacións. Un modelo funcionalista que diverxe de maneira clara dos anteriores é o da modalidade e o modo na Gramática Sistémica Funcional (§3.2, p. 55), moi próximo aos achegamentos discursivos á linguaxe (§3.3, p. 58), os cales destacan o papel da modalidade epistémica no uso cotián da lingua e a importancia do contexto social e interactivo no estudo desta dimensión lingüística. Por último, a diversidade de sistemas formais que as linguas posúen para expresar a modalidade epistémica supón un reto para o funcionalismo tipolóxico (§3.4, p. 64), que achega respostas interesantes sobre a súa natureza e comportamento interlingüístico.

3.1. Os modelos funcionalistas de gramática

Modelos funcionalistas como os que se consideran aquí asumen que a variación interlingüística no ámbito das categorías cualificadoras de EdCs

agocha padróns universais referidos ao modo en que estas categorías se relacionan entre si e cos EdCs e as súas partes, propiedade coñecida como alcance ou *scope*. Deste xeito, as cualificacións de EdCs ordénanse, nestes modelos, en listaxes xerárquicas que reflicten o alcance relativo dos distintos tipos de cualificacións. As propostas respectivas da FG, a RRG e a FPG constitúen mostras diferentes de como se pode levar a cabo esta ordenación estratificada. O repaso que segue limítase a tratar a modalidade e dedica especial atención ao lugar que ocupa a modalidade epistémica en cada modelo.

3.1.1. A Gramática Funcional

Un dos primeiros tratamentos da modalidade no marco da FG foi o de Bolkestein (1980) para o latín, centrado en expresións que denotan valores de necesidade e obriga. Este, á súa vez, inspirou a Goossens (1985) a súa proposta para os auxiliares modais do inglés no mesmo marco. Goossens (1985) contempla tres posibles análises para integrar os auxiliares modais na construción de predicacións: (a) tratalos como predicados plenos (coa súa propia estrutura argumental e entrada no lexicón), (b) consideralos predicados non independentes suxeitos a regras de formación de predicados, mediante as cales se combinarían con outros predicados e darían lugar a predicados derivados, e (c) tratalos como operadores que se combinan cunha predicación, cun status parello ao dos marcadores de tempo e aspecto. Estas tres posibilidades son o reflexo de tres estadios diferentes no proceso de gramaticalización, que partiría dos predicados plenos (non-gramaticalizados) e, pasando polas regras de formación de predicados, chegaría aos operadores do predicado (plenamente gramaticalizados). Os marcadores que expresan as modalidades deóntica e facultativa (vid. §2.2.2, p. 23) corresponderían a predicados plenos, os que expresan a modalidade epistémica a regras de formación de predicados e as formas de futuro e condicional a operadores.

O traballo de Hengeveld (1987, 1988, 1989) sobre a modalidade foi o que se converteu en estándar na FG. Dik (1997), no seu breve tratamento desta dimensión lingüística, segue de preto as ideas deste autor. Para entender como se integra a modalidade na FG, hai que comprender a estrutura deste modelo (vid. Dik, 1997). Existen varios niveis semánticos e formais na organización da cláusula na FG. O nivel máis básico é o da predicación nuclear, que expresa un EdC e resulta da unión dun predicado




Figura 3.1.: Estrutura estratificada da cláusula na FG (elaboración propia)

(unha unidade que designa relacións ou propiedades) cos seus argumentos (os termos seleccionados polo predicado e sobre os que se aplica a súa semántica). Partindo da predicación nuclear, a estrutura da cláusula constrúese especificando en cada estrato os operadores gramaticais (π) e os satélites léxicos (σ) pertinentes. Deste modo, a predicación nuclear é cualificada mediante operadores e satélites do predicado (nivel 1), dando lugar á predicación central, que expresa un EdC cualificado. A predicación central é modificada por operadores e satélites da predicación (nivel 2), o cal resulta na predicación estendida, que designa un EdC cualificado e localizado. Os operadores e satélites proposicionais (nivel 3) cualifican a predicación estendida, dando lugar á proposición, que expresa un feito posible. Por último, a proposición é modificada por operadores e satélites ilocutivos (nivel 4) e dá lugar á cláusula. A Figura 3.1 resume estas ideas.

Os operadores e satélites correspondentes a cada nivel especifican diferentes propiedades. No nivel 1 engádense propiedades adicionais do EdC, como aspecto cualificativo, negación do predicado (π_1), maneira, participantes adicionais ou orientación espacial (σ_1). No segundo nivel, configúrase o EdC especificando, entre outros elementos, o tempo, o aspecto cuantificativo, a modalidade obxectiva, a polaridade (π_2) e a localización espacial e temporal (σ_2). Os cualificadores do terceiro nivel (π_3 e σ_3) atanguen a validez do contido proposicional e especifican dimensións como as modalidades subxectivas e a evidencialidade. Finalmente, mediante os cualificadores de nivel 4 (π_4 e σ_4) modifícase a proposición con elementos relativos á estratexia comunicativa do falante como a

atenuación e a intensificación da forza ilocutiva.

No tocante á modalidade, tanto Hengeveld como Dik renuncian a definir como entenden a noción. Por contra, os autores céntranse no estudo das súas clases e na integración destas no modelo xerárquico da FG. Os principais tipos de significado modal contemplados na FG son tres e diverxen no seu alcance (Dik, 1997, pp. 241–243; Hengeveld, 1987, 1988):

(i) Modalidade inherente (nivel 1): aqueles medios lingüísticos que serven para caracterizar a relación entre un participante dun EdC e a realización dese EdC. Este tipo de modalidade comprende valores como habilidade, volición, obriga ou permiso, é interno ao EdC e non coñece expresión por medios gramaticais[1].

(ii) Modalidade obxectiva (nivel 2): aqueles medios lingüísticos por medio dos cales a falante avalía o EdC en termos do seu coñecemento. Teñen alcance sobre a predicación e exprésanse mediante operadores da predicación (π_2), cando son realizados gramaticalmente, ou predicados compostos, cando son realizados lexicamente (σ_2). Existen dous tipos de modalidade obxectiva, correspondentes a dous tipos de coñecemento:

  (ii.i) Modalidade obxectiva epistémica: relativa ao coñecemento de situacións posibles resultantes da concepción que a falante ten da realidade ou de universos hipotéticos.

  (ii.ii) Modalidade obxectiva deóntica: relativa ao coñecemento de situacións posibles en relación cun sistema moral, legal ou social.

(iii) Modalidade epistemolóxica (nivel 3): aqueles medios lingüísticos por medio dos cales a falante expresa o seu compromiso coa verdade da proposición. Isto comprende as modalidades subxectivas (epistémica e volicional) e as evidenciais (inferencial, citativa/reportativa e experiencial). Cando son realizadas gramaticalmente, estas expresións constitúen operadores proposicionais (π_3) e cando se realizan por medios léxicos predicados compostos (σ_3).

O criterio de peso na clasificación da modalidade levada a cabo na FG é o alcance semántico. As distincións de significado típicas do ámbito

[1] Nótese que as ideas de Dik (1997, pp. 241–242) sobre este asunto refutan de maneira explícita o carácter gramatical de, cando menos, certos usos dos auxiliares *can*, *must*, *may* e *have to*.

Cadro 3.1.: Categorías modais na FG (Hengeveld, 2004, p. 1193)

	Participante	Evento	Proposición
Facultativa	+	+	–
Deóntica	+	+	–
Volitiva	+	+	+
Epistémica	–	+	+
Evidencial	–	–	+

modal (vid. §2.2, p. 18) vense eclipsadas por este criterio, aínda que as correspondencias entre un e outras non son difíciles de facer. Así, o nivel 1 correspondería coa modalidade dinámica, o nivel 2 coa deóntica e parte da epistémica e o nivel 3 con parte da epistémica e coa evidencialidade.

Hengeveld (2004) sistematiza e reelabora a súa proposta anterior con base en dúas dimensións: o albo da avaliación (*target of evaluation* no orixinal) e o dominio da avaliación (*domain of evaluation* no orixinal). O primeiro corresponde co alcance semántico dunha expresión (a parte dun enunciado que é modalizada) e serve para distinguir tres tipos de modalidade: orientada ao participante, orientada ao evento e orientada á proposición. O segundo corresponde co que Kratzer chama base modal (vid. §2.3.1, p. 28) ou co que comunmente se denominan clases de modalidade (§2.2, p. 18). Hengeveld (2004) define o dominio da avaliación como a perspectiva desde a que se leva a cabo o xuízo modal. Isto permite distinguir entre as modalidades facultativa, deóntica, volitiva, epistémica e evidencial. No Cadro 3.1 pode verse a combinación dos tres albos da avaliación (no eixe horizontal) cos cinco dominios (no eixe vertical), que dá lugar a 15 combinación posibles, cinco das cales están loxicamente excluídas.

Cómpre apuntar que o modelo de modalidade da FG xunto coas ideas desenvoltas en Hengeveld (2004) conforman a visión da modalidade da Gramática Funcional do Discurso (Hengeveld & Mackenzie, 2008), modelo teórico sucesor da FG.

No tratamento da modalidade por parte da FG, obsérvanse moitas diverxencias a respecto da visión tradicional da modalidade. A principal achega desta escola é a clasificación dos tipos de modalidade segundo o alcance semántico. Esta perspectiva pode ser interesante, por exemplo,

no caso da modalidade facultativa, cuxos diversos alcances corresponden de maneira próxima ás modalidades dinámica inherente e imposta ao participante e dinámica circunstancial (vid. §2.2.1, p. 18) e ofrecen unha base explicativa para tal distinción.

No caso da modalidade epistémica, as ideas desenvoltas no seo da FG contradín un dos poucos asuntos na literatura en que existe un razoable acordo: o alcance proposicional da modalidade epistémica. En realidade, o que fai a FG é dar un sustento, en termos de alcance semántico, á distinción obxectivo/subxectivo. Esta oposición remóntase, cando menos, a Lyons (1977) e foi obxecto de bastante atención na literatura sobre modalidade (vid. §4.2.1, p. 96). Para Hengeveld, as modalidades orientadas ao evento describen "the existence of possibilities, general obligations, and the like, without the speaker taking responsibility for these judgements" (Hengeveld, 2004, p. 1194), mentres que as orientadas á proposición especifican "the subjective attitude of the speaker towards the proposition" (Hengeveld, 2004, p. 1196).

(16) Certainly he may have forgotten. (Lyons, 1977, p. 808)

Segundo Hengeveld (2004), en (16) temos un adverbio modal de tipo epistémico (*certainly*) que ten a proposición como albo, a través do cal a falante se compromete coa veracidade da proposición *he may have forgotten*. Esta, á súa vez, contén un verbo modal de tipo epistémico (*may*) que ten como albo o evento e que describe a existencia da posibilidade de que teña lugar o evento descrito por *he has forgotten*. O feito de que os dous xuízos epistémicos non sexan harmónicos entre si (certeza fronte a posibilidade) non resulta en contradición, porque operan en niveis diferentes, de modo que "the speaker expresses his certainty about the existence of an objective possibility" (Hengeveld, 2004, p. 1195). É por isto que a modalidade epistémica orientada á proposición é chamada "subxectiva" e a orientada ao evento "obxectiva". A modalidade obxectiva é caracterizada en termos de dúas escalas, unha de valores epistémicos e outra de valores deónticos, representadas anteriormente en (13), §2.3.2, p. 36.

No caso da modalidade subxectiva epistémica, Hengeveld (2004) distingue tres subtipos: doxástica, dubitativa e hipotética. A modalidade doxástica sérvelle ao falante para indicar que cre que a proposición que presenta é certa. Dado que esta crenza é unha asunción típica cando se

asevera, este tipo de modalidade é escasamente expresado por medios gramaticais. Mediante a modalidade dubitativa, expresada gramaticalmente de maneira moito máis frecuente, exprésanse dúbidas en relación coa verdade da proposición descrita. A modalidade hipotética é empregada para indicar falta de compromiso a respecto da proposición presentada.

As ideas da FG sobre a modalidade epistémica resúmense no seguinte esquema:

(i) Modalidade obxectiva epistémica: caracteriza o evento segundo a posibilidade ou imposibilidade de que teña lugar en relación co que se sabe do mundo.

(ii) Modalidade subxectiva epistémica: caracteriza a proposición expresando diversos graos de compromiso a respecto dela. Principais clases:

(ii.i) Doxástica: e.g., *certamente*, *sen dúbida*.

(ii.ii) Dubitativa: e.g., *quizais*, *probablemente*.

(ii.iii) Hipotética: e.g., *se vén, (marcharei)*.

Os valores de (i) e de (ii) distribúense ao longo dunha mesma escala:

certo – probable – posible – improbable – imposible

3.1.2. A Gramática de Papel e Referencia

Desde a RRG, dedicouse escasa atención á natureza semántica da modalidade e, en xeral, das categorías TAM. Por contra, o que se fixo foi asumir e refacer as definicións tradicionais, centrándose no comportamento destas categorías a respecto da proxección de operadores da cláusula.

Ao igual que a FG, a RRG propón unha estrutura oracional dividida en estratos que orbitan arredor do núcleo verbal e as súas proxeccións. Un punto principal de diverxencia entre os dous marcos teóricos é o número e lugar dos estratos e a terminoloxía empregada para denominalos. Na RRG, o predicado é denominado "núcleo", o predicado xunto cos seus argumentos é o "centro" (predicación(s) na FG), o centro mais os adxuntos constitúen a "cláusula" (proposición na FG) e a cláusula mais os elementos que ocupan unha posición dislocada (*detached position elements*) conforman a oración. De maneira semellante á FG, na RRG aplícanse cualificacións aos diversos niveis da cláusula e faise unha distinción entre expresións gramaticais (operadores) e expresións léxicas




Figura 3.2.: Estrutura estratificada da RRG (baseada en Van Valin, 2005, p. 9; Van Valin & LaPolla, 1997, p. 47)

(adverbios) das cualificacións. A estrutura básica de estratos e operadores no modelo da RRG represéntase na Figura 3.2.

Os valores modais distribúense na RRG nas categorías modalidade e status (Van Valin & LaPolla, 1997, p. 41). Modalidade comprende valores de modalidade radical expresados mediante verbos auxiliares, como obriga (forte ou débil), habilidade e permiso. Así, a modalidade actúa no nivel da predicación (centro) e refírese á relación entre o referente do sintagma nominal suxeito e o EdC. Status, pola súa parte, inclúe non só a modalidade epistémica, senón tamén a negación externa e a distinción real/irreal, propia do modo verbal (vid. §4.1.1, p. 82). Status constitúe, polo tanto, unha supercategoría semántica, caracterizada polas

oposicións correlativas necesidade/posibilidade e real/irreal.

(17) Valores da supercategoría status
necesidade ⟷ posibilidade
real ⟷ irreal

Esta visión da categoría status diverxe da formulación anterior do modelo, onde os valores de necesidade e posibilidade eran integrados na distinción real/irreal, formando unha escala:

> Status is often viewed as a binary distinction between realis-irrealis and some languages use just such binary distinction. However, within the irrealis dimension many languages recognize further distinctions, whether the action is necessary, or likely, or merely possible. So within the irrealis poles we may have a continuum such as:
>
> Real ← necessary – probable – possible → unreal
>
> (Foley & Van Valin, 1984, p. 213)

A oposición en termos de necesidade/posibilidade, a partir da cal se reformula o novo modelo da RRG, axústase mellor á visión tradicional do campo da modalidade. A inclusión da distinción real/irreal, porén, resulta problemática, pois garda escasa relación coa modalidade, a pesar das aparencias (vid. §4.1.1, p. 82).

3.1.3. A Gramática Funcional Procesual e o achegamento paradigmático á modalidade epistémica

Na liña dos modelos anteriores, Nuyts (2001a, 2005, 2009, 2017) sitúa as diferentes categorías modais no contexto do sistema de cualificacións de EdCs, as cales son consideradas cognitivamente básicas e universais e posúen unha estrutura interna que se manifesta lingüisticamente no seu alcance semántico respectivo.

(18) É moi probable que mañá chova.

Nun exemplo como (18), o xuízo da falante sobre as probabilidades do EdC non está restrinxido polo marcador de tempo *mañá*, senón que se sitúa no momento da enunciación. O marcador de tempo ten alcance sobre o EdC, que localiza temporalmente, mais non sobre a

cualificación modal epistémica. O mesmo se pode dicir, mutatis mutandis, da modalidade deóntica e o tempo en exemplos como (6b), p. 21. Estas observacións, aplicadas ao resto de categorías, resúmense nunha xerarquía de cualificacións de EdCs (un sistema conceptual) como a representada no esquema (19) (vid. Nuyts, 2001a, 2005, 2009, 2017):

(19) > evidencialidade inferencial
> modalidade epistémica
> modalidade deóntica
> tempo
> aspecto cuantitativo [frecuencia]
> aspecto cualitativo [fases internas]
> (partes do) ESTADO DE COUSAS

Neste esquema, a evidencialidade inferencial e as modalidades epistémica e deóntica aparecen separadamente xunto co tempo[2] e os dous tipos de aspecto. Mostrar a orde xerárquica destas últimas categorías é doado, mais demostrar a separación entre a evidencialidade, a modalidade epistémica e a modalidade deóntica resulta complexo. Segundo Nuyts, estas categorías dificilmente poden ser combinadas nun único enunciado debido a razóns conceptuais relativas ao seu status específico. Nuyts (2009) propón un principio de "un só compromiso por cláusula" ("the 'one-commitment-per-clause' principle"), segundo o cal as categorías modais ou actitudinais remiten ao compromiso da falante co EdC de cadansúa forma diferente e, polo xeral, as falantes non precisan marcar ese compromiso de varias maneiras. A evidencialidade inferencial e as modalidades epistémica e deóntica constitúen tres clases de cualificacións de EdCs que teñen en común o feito de se ocuparen de en que medida a emisora pode comprometerse co enunciado. Emitir un xuízo modal, neste sentido, require tomar en consideración feitos externos ao EdC e tirar conclusións deles: para a evidencialidade inferencial, realizar deducións a partir de evidencias e asignar un grao de fiabilidade a este proceso inferencial; para a modalidade epistémica, avaliar o status factual dun evento a partir do coñecemento do mundo e asignarlle un grao de pro-

[2]Nuyts (2009, p. 158) apunta que o espazo debe ser incluído na xerarquía como un tipo de localización do EdC. Enténdese que isto tamén aplicaría a categorías que especifican as coordenadas lóxicas, como causa ou finalidade, e que son tipicamente codificadas mediante circunstanciais, da mesma maneira que o tempo e o espazo.

babilidade a ese evento; e, para a modalidade deóntica, determinar a adecuación dunha situación ao sistema moral da emisora e asignarlle un grao de aceptabilidade.

O procesamento de elementos externos ao EdC e a toma de decisións a respecto dun xuízo, na forma da asignación dun valor nunha escala, converten as tres categorías cualificadoras superiores en moito máis complexas que o resto desde o punto de vista cognitivo. De feito, segundo Nuyts, isto constitúe outro motivo polo cal é difícil combinalas nun mesmo enunciado, pois un xuízo modal explota intensamente os recursos de atención humanos, os cales son limitados: "the restrictions on combining performative deontic, epistemic and evidential expressions may be no more than a very direct reflection of the limits of the processing capabilities of the central conceptual system" (Nuyts, 2009, p. 160). Esta explotación intensiva é en boa medida debida á vastísima variabilidade tipolóxica da información empregada no proceso racional que subxace a calquera avaliación modal.

A pesar da súa suposta incompatibilidade sintagmática, Nuyts (2009) considera posible construír de maneira lóxica as relacións xerárquicas entre as categorías cualificadoras superiores: a evidencia acerca dun EdC é necesaria para poder comezar a pensar en avaliar as súas probabilidades, mais o contrario non ten sentido, de maneira que a evidencialidade precede a modalidade epistémica; as conxecturas sobre a posible existencia ou non existencia dun EdC son necesarias para poder comezar a pensar na súa desexabilidade moral, de xeito que a modalidade epistémica precede a deóntica. Estas observacións veñen reforzar a idea de que estas nocións son tan diferentes entre si como a respecto de categorías como o tempo, o espazo e o aspecto.

En (19), é notable a ausencia da modalidade dinámica. Nuyts (2005) considera esta noción modal unha subcategoría do aspecto cuantitativo, ao entender que conceptos como 'habilidade/potencial' e 'necesidade' son semanticamente afíns a outros como 'iterativo', 'habitual' ou 'xenérico', no sentido de que todos eles fan referencia á "aparencia" do EdC. Ademais, a diferenza dos outros tipos de modalidade, a dinámica constitúe unha categoría discreta.

O esquema xerárquico anterior non lle impide a Nuyts recoñecer a existencia de niveis de organización superiores, onde algunhas das nocións modais si poden constituír un grupo. Unha primeira barreira

na xerarquía (19) atópase entre o aspecto cualitativo e o cuantitativo: baixo esta separación, as categorías refírense ás propiedades internas ou "detalles" do EdC. A segunda barreira atopámola entre o tempo e a modalidade deóntica: tempo e aspecto cuantitativo forman unha supercategoría encargada de localizar o EdC no mundo. Finalmente, as tres categorías restantes implican algún tipo de compromiso pola parte da falante co EdC ou, noutras palabras, diferentes tipos de actitudes da emisora cara á situación.

Na proposta da FPG, a modalidade epistémica é unha categoría conceptual básica referida a estimacións de probabilidade. Posúe características comúns a outros tipos de cualificacións de EdCs, pero o seu procesamento cognitivo e a súa expresión lingüística son particulares e altamente complexos, o cal a fai merecente de ser estudada por dereito propio. Neste sentido, Nuyts (2001a) interésase polos factores funcionais que motivan a variedade de recursos formais existentes para a expresión da modalidade epistémica.

Nuyts (2001a) identifica e compara catro tipos de expresións en alemán, inglés e neerlandés (adverbios e adxectivos modais, verbos cognitivos e auxiliares modais) e emprega catro factores funcionais para explicar a súa distribución:

1. A *(inter)subxectividade* ou *evidencialidade*[3] refírese ao status da evidencia considerada e o xuízo elaborado a partir dela: un xuízo marcado como subxectivo implica que a evidencia só é coñecida polo falante, quen tira conclusións da mesma, mentres que un xuízo marcado como intersubxectivo supón que a evidencia e as conclusións son compartidas por un grupo amplo de persoas.
2. A *performatividade* ten que ver co feito de que algúns recursos expresivos só serven para manifestar a avaliación modal que fai a falante do estado de cousas[4] (EdC) no momento da enunciación (uso performativo), mentres que outros tamén poden ser empregados para describir unha avaliación epistémica que non corresponde á falante no momento da enunciación (uso descritivo).

[3]Posteriormente, Nuyts (2012, 2017) negaralle á (inter)subxectividade o carácter de evidencial.

[4]Emprego *estado de cousas*, *evento* e *situación* como sinónimos para facer referencia ao contido designado por unha predicación, isto é, á estrutura semántica correspondente a algún tipo de suceso do mundo.

Cadro 3.2.: Factores decisivos no uso das expresións epistémicas (Nuyts, 2001a, p. 227)

	cualificación epistémica			
	↙	↓	↓	↘
(inter)subxectividade	–	+	++	(–)
uso descritivo	–	(+)	+	(–)
uso focal	–	++	(+)	–
mitigación	–	–	+	–
xestión da discusión	+	–	–	+
	↓ adverbio	↓ adxectivo	↓ verbo cognitivo	↓ auxiliar

3. A *estrutura informativa*, entendida como diferenzas no status ou importancia das partes informativas dun enunciado no contexto discursivo, enfronta a cualificación epistémica ao EdC alcanzado por esta. Segundo este factor, os tipos de expresións modais epistémicas poden ser focais ou non focais.
4. A *estratexia discursiva* recolle a observación de que as unidades epistémicas son empregadas con frecuencia para obter certos efectos especiais na interacción, como mitigar ou xestionar a discusión.

Na proposta de Nuyts (2001a), estes factores serven para explicar por que as falantes escollen un determinado tipo de expresión fronte aos demais nun contexto determinado. A maneira en que os factores interactúan é complexa, como se pode ver no Cadro 3.2.

O signo "+" indica que o factor é frecuentemente responsable do uso dun determinado tipo de expresión, "++" indica que o factor é o máis determinante no uso do tipo expresivo, "–" indica que o factor non xoga un papel no uso dese recurso formal e as parénteses arredor dos signos atenúan o seu valor.

Algúns medios expresivos están claramente determinados: os adxectivos son empregados principalmente para a expresión focal da modalidade epistémica, (20), e, en menor medida, para a expresión de xuízos intersubxectivos, (20) e (23a); mentres que os verbos cognitivos se usan principalmente para a expresión subxectiva da modalidade epistémica, (21), para mitigar elementos do discurso, (22), e, en raras ocasións, foca-

lizar a cualificación. Ademais, ambos os recursos poden ser empregados para describir cualificacións epistémicas, (23).

(20) Non só non é seguro, senón moi pouco *probable* que contraten un substituto.

(21) Eu *creo* que ela nunca confiou en ninguén como en seu avó.

(22) [Son as 11:55 e a reunión comeza ás 12:00. Neste contexto, A dille a B:] *Creo* que debemos ir indo.

(23) a. Daquela non parecía *probable* que Trump fose chegar a presidente.

b. O veciño *cre* que mañá vai chover.

Outros tipos de medios expresivos parecen ser neutros en termos da maioría de factores indicados: trátase dos adverbios e dos verbos auxiliares, os cales, segundo Nuyts (2001a), non marcan (inter)subxectividade, nin adoitan ser usados para describir cualificacións nin como foco. Nuyts (2001a) si lles outorga un papel na xestión da interacción, lixeiramente diferente á función mitigadora propia dos verbos de cognición. Parece, entón, que estes dous tipos de expresións ocupan un mesmo lugar funcional. Unha das diferenzas que observa Nuyts (2001a) é a precisión do valor semántico dos adverbios, moi específico en termos da escala epistémica, fronte á maior vaguidade dos auxiliares. Aínda que esta diferenza semántica pode ser relevante na elección dun ou outro elemento, para o autor, a existencia destes dous tipos funcionalmente equivalentes xustifícase principalmente por un feito de natureza sintáctica: a posibilidade de empregar ambos os recursos no mesmo enunciado, de maneira que a falante pode expresar varias dimensións semánticas (habitualmente cualificacións de EdCs) distribuíndo esta carga de maneira proporcional entre diferentes tipos de recursos expresivos.

O anterior leva a Nuyts (2001a) a concluír que os diferentes tipos de expresións epistémicas forman un paradigma, é dicir, un conxunto de alternativas formais para a expresión dunha mesma categoría funcional cuxa escolla está determinada por factores alleos a esta última. Así, Nuyts (2001a) considera que a modalidade epistémica é inherente á semántica léxica dos distintos tipos de expresións e que os factores funcionais do Cadro 3.2 actúan (case) sempre a través da sintaxe destes dispositivos formais. O autor explica as diferenzas na especificidade do

Cadro 3.3.: Padróns sintácticos das expresións epistémicas

	complementación	estrutura plana
adxectivos/adverbios	*é probable* que EdC	E *probablemente* dC
verbos cognitivos	*(eu) creo* que EdC	E, *creo (eu)*, dC
auxiliares	*pode* que EdC	E *pode* dC

valor epistémico das clases formais (alta en adxectivos e adverbios, baixa en verbos cognitivos e auxiliares) aludindo a factores externos á categoría funcional da modalidade epistémica: os adxectivos poden ser máis específicos que os adverbios (cf. *moi/bastante/pouco/moi pouco probable* vs. *moi/*bastante/*pouco/*moi pouco probablemente*) e estes á súa vez sono máis que os verbos auxiliares. Isto ten que ver coa estrutura informativa, pois unha especificidade alta da cualificación epistémica suxire un status informativo prominente. É dicir, os adxectivos empréganse frecuentemente cando o xuízo epistémico é o foco do enunciado porque son capaces de soportar a maior carga informativa que esta función require.

Por último, Nuyts (2001a, p. 262) observa que as expresións epistémicas se agrupan arredor de dous padróns sintácticos, ilustrados no Cadro 3.3. Se se consideran, no plano sintáctico, adxectivos e adverbios como variantes dunha mesma clase de expresións, cada unha destas posúe dúas alternativas para a súa realización formal. Na estrutura de complementación, a cualificación epistémica aparece nunha oración superordinada e o EdC nunha oración subordinada. Na estrutura plana, a cualificación "infíltrase" na expresión do EdC, con diferentes graos de integración, desde moi alta nos auxiliares ata moi baixa nos parentéticos. Ademais, cada clase expresiva mostra tendencias a respecto destas opcións sintácticas, de acordo cos resultados do estudo: as dúas opcións son comúns con adxectivos e adverbios, os verbos cognitivos teñen preferencia pola expresión parentética e os auxiliares tenden á complementación. Segundo Nuyts (2001a), esta situación explícase, desde un punto de vista macroestrutural e histórico, pola complexa interacción (ou *contraacción*) de dúas forzas: unha *forza da estrutura informativa*, que levaría a adaptar a forma lingüística da cualificación modal ao seu status informativo a respecto do EdC, favorecendo a expresión non focal da cualificación e as estruturas planas; e unha *forza icónica*, que levaría a preservar na estrutura lingüística as relacións conceptuais existentes entre as partes do enunciado, isto

é, o status da cualificación epistémica como metaoperador sobre o EdC, que ten o seu reflexo formal na estrutura de complementación.

En termos da primeira forza, obsérvase que a cualificación epistémica tende a tomar unha posición non focal na expresión. Xeralmente, a cualificación dun EdC en termos epistémicos ten lugar nun contexto en que o discurso trata sobre ese EdC e non sobre a cualificación epistémica. Esta última adquire a calidade de foco, case exclusivamente, cando se atopa nunha situación de contraste, como a de (20). En xeral, a cualificación epistémica constitúe información secundaria ou dependente a respecto da información sobre o EdC. Desde o punto de vista da iconicidade, o padrón de complementación reflicte o status de metaoperador (é dicir, de discurso sobre o discurso) que ten a cualificación en relación co EdC. Isto explica a afinidade dos marcadores epistémicos pola estrutura de complementación. Porén, esta non resulta atractiva desde o punto de vista do seu status informativo, pois a subordinación sintáctica adoita ir da man da subordinación no nivel da estrutura da información. As dúas forzas empurran, en boa medida, en direccións opostas. Neste sentido, Nuyts (2001a) suxire que a posición "libre" que adoitan tomar as expresións internas á oración (adverbios e parentéticos) é un compromiso entre as dúas forzas: este padrón sintáctico axústase perfectamente á forza da estrutura informativa, dado que sitúa a expresión da cualificación nun lugar pouco prominente, e é aceptable desde o punto de vista icónico, pois o contorno entoativo propio pon de manifesto que a cualificación non é parte do EdC.

Estas son as liñas mestras do achegamento paradigmático de Nuyts (2001a). Ningunha outra contribución, nin sequera no ámbito funcionalista, dá unha explicación tan sofisticada da expresión lingüística da modalidade epistémica no seu conxunto. Non quere isto dicir que o achegamento paradigmático tal e como o formula Nuyts (2001a) sexa un produto impecable. O estudo non foi reproducido noutras linguas, mais é obvio que certas conclusións están determinadas pola mostra de linguas empregada no estudo. Por exemplo, a preferencia dos tipos expresivos por un determinado padrón sintáctico é algo que moi probablemente variará dunha lingua ou familia de linguas a outra (pénsese na liberdade posicional dos adverbios en galego en comparación co inglés). Aínda máis, a neutralidade dos adxectivos en relación coa (inter)subxectividade bate con achados feitos nunha lingua como o español: segundo Delbecque

(2009), existe un contraste entre os adxectivos *cierto* e *seguro* en termos de (inter)subxectividade, a cal vén determinada polos padróns sintácticos (*es cierto* vs. *estoy seguro*). Este tipo de observacións non minan a validez do modelo paradigmático a nivel xeral, mais si revelan a que quizais é a súa maior eiva: a omisión da variación e oposicións existentes dentro de cada un dos subparadigmas expresivos. A (inter)subxectividade non só determina o uso dun tipo expresivo fronte a outro, senón que tamén actúa na escolla entre formas competidoras pertencentes a un mesmo subparadigma (por exemplo, os adxectivos *cierto* e *seguro*). Existe variación dentro dos subparadigmas epistémicos e esta, ou polo menos unha parte relevante desta, debe responder a factores de natureza funcional.

3.2. A Gramática Sistémico-Funcional

A Lingüística Sistémica é unha das principais abordaxes funcionalistas da actualidade. O modelo gramatical xurdido desta escola adoita denominarse Gramática Sistémico-Funcional (*Systemic Functional Grammar*, SFG). O seu máximo expoñente foi o lingüista británico M. A. K. Halliday, recentemente falecido. O traballo de Halliday bebe da obra de J. R. Firth, que á súa vez tomou como inspiración o pensamento de antropólogos como Bronisław Malinowski. Entre os modelos funcionalistas de gramática, o da SFG pon especial énfase nas funcións sociais e culturais da comunicación, as cales ocupan un lugar central na teoría (vid. Butler, 2003, pp. 43–48; Robins, 2000, pp. 301–307).

Comunicar a través da linguaxe implica, neste modelo, tres metafuncións (Halliday, 1970b, pp. 141–144; Halliday, 2014, pp. 82–86)[5]: a *ideacional* ou *experiencial*, isto é, a linguaxe como expresión de contido desde a perspectiva de quen fala; a *interpersoal*, referida ao uso da linguaxe para crear e manter relacións sociais; e a *textual*, que permite fiar elementos lingüísticos con elementos do contexto ou outros elementos da linguaxe e, en definitiva, construír textos.

A modalidade na SFG (vid. Aijmer, 2016, pp. 497–502; Halliday, 2004, 2014) é produto da metafunción interpersoal e está intimamente ligada ao sistema do MODO (sic), que domina as escollas lingüísticas relacionadas co intercambio de información na oración e a xestión dos papeis de falante e oínte. Concretamente, o MODO ten que ver coa

[5]En Halliday (2004, pp. 58–62) menciónase unha cuarta función, denominada lóxica.




Figura 3.3.: Representación simplificada da modalidade na SFG (Aijmer, 2016, p. 499)

elección entre imperativo e indicativo e, no caso deste último, entre declarativo e interrogativo. Cando se escolle o modo indicativo, aparece como opción a *modalidade*. Esta, á súa vez, divídese en *modalización* e *modulación*, categorías relacionadas, respectivamente, coa *probabilidade* e a *habitualidade* (*usuality* no orixinal) e coa *inclinación* e a *obriga* (vid. Figura 3.3). Desta maneira, a SFG evita empregar termos tradicionais como modalidade epistémica ou modalidade deóntica.

No presente traballo, interesa especialmente a modalización e, en particular, a probabilidade. Esta pode ser expresada mediante operadores finitos, adxuntos modais ou unha combinación de ambos, organizados en tres niveis diferentes que corresponden a graos de certeza, como se pode ver no Cadro 3.4. A organización do sistema está motivada pola interacción destas formas modais coa negación. Na fila central do cadro, a negación afecta a proposición, independentemente de que o operador negativo se sitúe no elemento modal ou na cláusula introducida por este (*that's probably not true = that's not probably true*). Porén, nas filas externas, a posición do operador negativo muda a interpretación: *that's certainly not true = that's not possibly true*; *that's possibly not true = that's not certainly true*. Este comportamento do inglés leva a Halliday

Cadro 3.4.: Paradigma da probabilidade na SFG (Halliday, 2014, p. 179)

Certain	*that must be true*	*that's certainly true*	*that must certainly be true*
Probable	*that will be true*	*that's probably true*	*that will probably be true*
Possible	*that may be true*	*that's possibly true*	*that may possibly be true*

a concluír que a área da probabilidade está organizada arredor de tres valores: un valor medio ou 'probable', un valor alto ou 'certo' e un valor baixo ou 'posible'. O primeiro é indiferente á negación mentres que os outros dous conmutan os seus valores interactuando coa polaridade.

O autor fai outra distinción en termos de obxectivo/subxectivo e a súa expresión explícita ou implícita. Deste modo, *that must be true* e *that's certainly true* non son xeitos diferentes de dicir o mesmo: a primeira é unha forma subxectiva (preséntase como un xuízo que emana da falante) e a segunda unha forma obxectiva (presenta o xuízo como independente de quen fala). Ademais, estas formas son implicitamente obxectivas ou subxectivas e opóñense a aquelas que explicitamente marcan obxectividade (e.g., *it is certain that it is true*) e subxectividade (e.g., *I'm certain that it is true*).

Halliday tamén recoñece expansións metafóricas da modalidade, as cales constitúen realizacións gramaticais alternativas ás mencionadas anteriormente. Un caso destacado é o dos verbos cognitivos intensionais:

(24) I don't believe that pudding ever will be cooked.
(Halliday, 2014, p. 686)

En (24), *I don't believe* é unha realización metafórica da probabilidade, que se expresa como se fose un produto da percepción. Pouco despois de introducir esta distinción, Halliday (2004, 2014) detén a súa análise, pois "[t]he actual number of systematic distinctions that are made in this corner of the language runs well into the tens of thousands" (Halliday, 2014, p. 696).

A modalidade na SFG, tal e como é explicada por Halliday (2004, 2014), permite estudar un gran número de dispositivos formais e explicar as súas características distintivas con base no papel que aqueles xogan na interacción comunicativa. Martin e White (2005) desenvolven o modelo de Halliday baixo a etiqueta de *appraisal*. Esta inclúe tres tipos de avaliación: *actitude*, relacionada cos sentimentos do emisor; *engagement*,

ocupada coa referencia á fonte das actitudes e o xogo de voces no discurso; e *graduación*, que, como suxire o seu nome, serve para graduar e así amplificar ou diluír elementos do discurso. Ademais, a categoría *actitude* inclúe outras tres dimensións, a saber, *afecto* (a expresión de emocións), *xuízo* (relacionado con valoracións morais) e *apreciación* (encargada de comentarios estéticos). A categoría máis próxima á modalidade tradicional é a de *engagement*, que constitúe un sistema de opcións que serve para indicar o grao de compromiso coa avaliación expresada. A esta categoría asócianse os recursos tipicamente vinculados á evidencialidade, á modalidade ou á atenuación. Este achegamento teórico é dialóxico, no sentido de que dá conta dos elementos modais en contextos reais de uso. Así, recoñécense categorías como aceptación, desafío, manipulación ou persuasión. Unha aplicación destas ideas témola no traballo de Simon-Vandenbergen e Aijmer (2007), que será presentado brevemente ao final da próxima sección. Desta maneira, a SFG conecta cos enfoques que tratan a modalidade na súa realidade discursiva.

3.3. A lingüística funcional do discurso e da interacción

Nesta sección trátanse achegamentos diversos, non sempre vinculados a un determinado modelo teórico, que estudan a modalidade desde o punto de vista da construción e organización da interacción e o discurso[6]. Máis concretamente, estas análises caracterízanse por achegarse á modalidade a través de datos lingüísticos reais extraídos de corpus e explicar as funcións das expresións modais en termos da estrutura do discurso, a situación comunicativa, o tipo de texto e o tipo de canle.

Un termo de uso xeral neste tipo de achegamentos é o de *stance* ou posicionamento (e.g., Biber & Finegan, 1988; Du Bois, 2007; Kärkkäinen, 2003; Ochs, 1996), o cal é empregado para facer referencia ás funcións dos elementos modais non só nos estudos puramente lingüísticos, senón tamén en disciplinas como a sociolingüística, a análise do discurso e a antropoloxía. Termos próximos e ás veces equivalentes son *commitment* (Stubbs, 1986), *engagement* (Martin & White, 2005; White, 2003), *eviden-*

[6] Adapto a denominación "discourse-functional and interactional approaches" de Aijmer (2016).

tiality (Chafe, 1986; Downing, 2001) ou o propio *modality* (Schoonjans, 2019).

O posicionamento epistémico "refers to knowledge or belief vis-à-vis some focus of concern, including degrees of certainty of knowledge, degrees of commitment to truth of propositions, and sources of knowledge, among other epistemic qualities" (Ochs, 1996, p. 410). Para Biber e Finegan (1988, p. 2), a marcaxe da actitude ou *stance* acolle un amplo rango de funcións, as cales inclúen a expresión de certeza, xeneralización e factualidade. Estas constitúen a manifestación ben das actitudes da falante cara á mensaxe, ben dun xuízo dos seus contidos, ben do grao de compromiso coa súa veracidade.

Un dos modelos máis influentes para a comprensión do posicionamento é o de Du Bois (2007), "the stance triangle", que descompón o posicionamento en tres aspectos relacionados triangularmente: *evaluation*, *positioning* e *alignment*. Neste marco, o posicionamento é entendido como un triple acto simultáneo mediante o cal un actor social avalía un obxecto, posiciona un suxeito (tipicamente el mesmo) e o aliña con outros suxeitos. Ademais, este acto social ten o seu reflexo lingüístico no que Du Bois (2007) chama sintaxe dialóxica, que se interesa por como os falantes manexan a interacción construíndo os seus enunciados a través da reprodución selectiva de elementos empregados previamente polo seu interlocutor.

Nestes achegamentos discursivos e interactivos, o termo *modalidade* é adoito empregado para designar a expresión lingüística do posicionamento ou actitudes. Da mesma maneira que *stance* é un concepto amplo, a súa expresión lingüística vai ben máis alá dos verbos auxiliares modais e inclúe todas aquelas formas lingüísticas que serven para mostrar apego ou desapego nunha situación comunicativa concreta. Neste sentido, recoñécese o papel fundamental que xoga a frecuencia de uso na consolidación dun número reducido de formas como marcadores epistémicos, especialmente en situacións interactivas conversacionais (Kärkkäinen, 2003, pp. 20–21).

A ubicuidade do posicionamento leva a Stubbs a considerar que "the expression of commitment and detachment, or of modality in all its senses, can be seen as a central organizing principle in language" (Stubbs, 1986, p. 4), de maneira que "markers of commitment and detachment require to be studied through prolonged fieldwork, ethnography, and textual analysis" (Stubbs, 1986, p. 2). Esta chamada a emprender un novo

programa de estudo da modalidade, orientado á súa realidade textual e discursiva, tivo unha enorme resposta: véxase, por citar só algunhas referencias recentes, Hennoste, Rääbis e Laanesoo (2017), Jacknick e Avni (2017), a sección C de Marín-Arrese, Haßler e Carretero (2017) ou os números especiais de *Lingua* ("Essays on evidentiality", vols. 186-187, 2017), *Pragmatics and Society* ("Discourse approaches to evidentiality in Spanish", vol. 9, nº 3, 2018) e *Language Sciences* ("Investigating stance in English: Synchrony and diachrony", vol. 82, 2020).

Un bo exemplo do programa de investigación da lingüística funcional do discurso e da interacción é o estudo de Kärkkäinen (2003) sobre o posicionamento epistémico en inglés americano. Nos seus datos, o marcador máis común é a "frase epistémica" *I think*, a cal desenvolve múltiples funcións en posición inicial. Unha delas é a que a autora chama "deseño do enunciado orientado ao receptor". Véxase o seguinte exemplo:

(25) Doris: Isn't that what you gave the neighbor one time?
Sam: I...
Doris: You gave him some kind of herb.
Sam: I gave him a red pepper.
Doris: *I think* ... *I think* you gave him ... some ... herb of some kind.
Sam: I may have given ... given him some basil.
(adaptado de Kärkkäinen, 2003, p. 147)

Neste exemplo, unha das participantes, Doris, mostra desacordo co expresado na quenda anterior e emprega *I think* para introducir a súa aserción. Neste caso, a falante non emprega o marcador epistémico para realizar unha estimación de probabilidades, pois está retomando unha afirmación precedente introducida sen cualificación modal. A función de *I think* neste contexto é a de introducir un contraargumento á aserción inmediatamente anterior, a cal, ademais, xa foi rexeitada pola interlocutora. É dicir, o que está a facer a emisora é botar man dunha forma que codifica dúbida para atenuar a forza ilocutiva dunha aserción que, no seu contexto, constitúe unha ameaza para a imaxe pública da receptora. Polo tanto, conclúe Kärkkäinen (2003), *I think*, e os marcadores epistémicos en xeral, teñen un rol fundamental no (re)deseño das intervencións en contextos interactivos[7]. Na mesma liña, Downing (2001) considera que

[7] Cómpre ter presente que unha mesma forma pode ter diferentes funcións dependendo do contexto: Simon-Vandenbergen (2000) contrasta os usos de *I think* en

surely é un "fighting word" e Cornillie (2015), sobre *a lo mejor*, sinala que

> no se utiliza solo para introducir hipótesis con información nueva, sino que también invita al interlocutor(es) a confirmar o rechazar el estado de cosas (o parte de él) presentado, es decir, que el adverbio juega un papel en el proceso del cambio de turno de palabra. (Cornillie, 2015, pp. 136–137)

Para comprender a conexión dos marcadores modais co contexto discursivo e social son fundamentais as nocións de *indexicalidade* e *reflexividade* (cf. Simon-Vandenbergen & Aijmer, 2007, pp. 44–50). A primeira delas remóntase ao traballo de antropólogos como Gumperz (1982) ou Ochs (1996), onde se suxire que os contextos teñen unha importancia fundamental na interpretación dos enunciados e que existe unha relación relativamente convencionalizada entre ambos os elementos. Esta idea é desenvolta sobre todo no traballo de Ochs (1996), para quen os marcadores lingüísticos que indican o posicionamento epistémico apuntan indirectamente cara a accións, identidades e relacións sociais[8]. O modelo de Ochs (1996) comprende unha serie de dimensións que son evocadas mediante o uso de marcadores modais: identidade social, acto social, actividade, posicionamento afectivo e posicionamento epistémico. As relacións entre as diferentes dimensións poden ser explicadas, segundo Ochs (1996), a través de "valencias indexicais", é dicir, vínculos construídos culturalmente: "in all societies, members have tacit understandings of norms, preferences, and expectations concerning how situational dimensions such as time, space, affective stance, epistemic stance, social identity, social acts, and social activities cluster together" (Ochs, 1996, p. 417). Pode considerarse, pois, que a indexicalidade é o principio reitor da socialización baseada na linguaxe.

A segunda noción chave no tratamento discursivo da modalidade é

discursos políticos e en conversas informais e mostra como o contexto social determina a función do marcador. Desta maneira, o *I think* que aparece nas discusións políticas non se emprega para atenuar a forza asertiva senón para loitar polo poder na interacción.

[8] A modalidade epistémica é ás veces considerada un mecanismo próximo á indexicalidade, aínda que nun sentido bastante diferente: "If the proposition is thought of as an expressed world (the 'described event') which is related to an actual referenced world, then epistemic modality can be said to index the degree of distance from the actual world" (Traugott & Dasher, 2002, p. 107).

a reflexividade. Esta alude á capacidade da linguaxe para se referir a si mesma, a cal ten un papel fundamental na actividade comunicativa. Isto vai alén da posibilidade de, por exemplo, aclarar o referente dunha determinada unidade lingüística: o procesamento metalingüístico está presente en todo momento e serve para estruturar o acto lingüístico (Verschueren, 2000). Non se trata xa dunha simple característica da linguaxe, senón dunha actividade continua de automonitorización: "there is no language use without a constant calibration (...) between pragmatic and metapragmatic functioning" (Verschueren, 2000, p. 446). Gumperz (1982), pola súa banda, fala da importancia que certas formas lingüísticas teñen para a interpretación do contexto:

> constellations of surface features of message form are the means by which speakers signal and listeners interpret what the activity is, how semantic content is to be understood and how each sentence relates to what precedes or follows. These features are referred to as contextualization cues. (Gumperz, 1982, p. 131)

Os mecanismos indexicais e reflexivos da lingua non só fan referencia ao contexto, senón que tamén o alteran. Unha boa mostra disto é o estudo de Simon-Vandenbergen e Aijmer (2007) sobre "o campo modal da certeza epistémica", onde se tratan unha serie de adverbios do inglés mediante datos de corpus. Por unha banda, estes adverbios teñen un carácter indexical na medida en que serven para codificar información implícita no contexto, relacionada, por exemplo, coa identidade social, a solidariedade ou a cortesía. Por outra banda, teñen un carácter reflexivo que resulta nun rol central na estruturación do discurso e que manifesta a consciencia das falantes sobre como as súas intervencións se relacionan con enunciados precedentes ou seguintes.

Para completar a súa receita de estudo dos adverbios de certeza, Simon-Vandenbergen e Aijmer (2007) engaden á indexicalidade e á reflexividade un último (ou primeiro) ingrediente, a dialoxicidade. Inspiradas polo concepto de heteroglosia (vid. Bakhtin, 1981), as autoras asumen que o discurso é fundamentalmente argumentativo e que, en consecuencia, é preciso distinguir entre o significado epistémico dos adverbios e a súa función retórica. Para isto, toman o modelo de White (2003), que serve para explicar o potencial dialóxico das unidades lingüísticas mediante diferentes tipos de estratexias. No caso particular dos adverbios de certeza, Simon-Vandenbergen e Aijmer (2007) recoñecen categorías como

persuasión, manipulación, aceptación, desafío e confrontación. Vexamos o exemplo de *of course*:

(26) And *of course* during the nineteenth century we can't hide the fact Egypt became very much of a hunting ground for agents on behalf of museums in Europe. (Simon-Vandenbergen & Aijmer, 2007, p. 205)

Usos de *of course* como (26) serven, segundo as autoras, para restablecer o equilibrio de poder entre a falante, en tanto que fornecedora da información, e o oínte, en tanto que receptor da mesma. Nestes contextos, a forma lingüística significa 'como xa sabes', mais non importa se o receptor realmente sabe: trátase dun mecanismo de preservación da imaxe pública, en dous sentidos. Por unha parte, ao implicar que o oínte sabe tanto como a emisora, *of course* é unha marca de solidariedade e igualdade (epistémica) que protexe a imaxe pública do interlocutor. Por outra parte, a falante preserva a súa propia imaxe ao marcar a información como coñecemento común e evitar parecer inxenua por dar a entender que a información que achega é nova para o oínte. En certa maneira, *of course* codifica tamén superioridade, de maneira que é xusto nesta ambivalencia onde reside o seu potencial retórico. En conclusión, neste modelo, "adverbs of certainty can be analysed as social markers and as contextualization cues signalling or guiding the organization of the message in the evolving discourse" (Simon-Vandenbergen & Aijmer, 2007, p. 50).

O anterior é só unha pequena mostra do tratamento da modalidade no amplísimo campo da lingüística funcional do discurso e da interacción. Neste campo, a noción de posicionamento ou *stance* incide na interacción da modalidade coa situación social e coa negociación discursiva que levan a cabo os participantes na interacción. Deste xeito, préstase atención aos recursos mediante os cales as falantes constrúen a súa imaxe pública, expresan actitudes cara ao que se di ou mostran o seu (non) aliñamento co discurso precedente. Ademais, os elementos modais tamén teñen un papel importante en actos como a suxestión e a petición de permiso. Outro punto interesante desta proposta de estudo é a inclusión de todo tipo de recursos lingüísticos, sen prexuízos cara a un tipo de formas concreto. Como tacha, pódese apoñer unha falta de interese, bastante xeneralizada, por caracterizar a noción de modalidade de maneira estrita, de modo que o obxecto de estudo pode variar notoriamente dun autor a

outro e non sempre queda claro por que se inclúen certas unidades na análise e non outras (vid. Narrog, 2005b, pp. 169–176).

3.4. O funcionalismo tipolóxico

A tipoloxía lingüística estuda a linguaxe a partir das propiedades (estruturais) das linguas do mundo. No caso da modalidade epistémica, o interese tipolóxico é evidente, por se tratar dun dominio funcional cunha expresión variada e, moi probablemente, presente en todas as linguas humanas (Boye, 2012, pp. 114–124; Nuyts, 2005, pp. 18–19, p. vid.). Seguindo a tendencia propia desta disciplina, os estudos tipolóxicos sobre a modalidade céntranse en rastrexar e analizar as súas posibilidades de expresión nas diferentes linguas. Dada a complexa (e confusa) natureza do dominio da modalidade, a tipoloxía lingüística dedicou, desde os seus primeiros achegamentos, unha especial atención á compartimentación do campo modal e aos seus aspectos semánticos. Ademais, a dificultade para describir de maneira exhaustiva a expresión formal da modalidade epistémica constitúe un verdadeiro reto para un campo de estudo ocupado de detectar padróns nas estruturas das linguas.

Os primeiros achegamentos tipolóxicos á modalidade son os de Givón (1982, 1984), Chung e Timberlake (1985) e Palmer (1986). Tanto Givón como Chung e Timberlake tratan a modalidade (epistémica) conxuntamente co modo no marco das categorías TAM (tempo, aspecto, modalidade/modo) e fano nun espazo relativamente reducido. Givón (1984) considera tempo, aspecto e modalidade "three points of departure in our experience of time" (p. 272). A modalidade ocúpase, concretamente, da noción de realidade e comprende os valores 'verdadeiro', 'falso' e 'posible'. As modalidades máis comunmente codificadas nas linguas humanas son catro:

> (a) Presupposition: P is true by prior agreement
> (b) Realis-assertion
> (i) Affirmative: P is strongly-asserted as true
> (ii) Negative: P is strongly-asserted as false
> (c) Irrealis-assertion: P is weakly-asserted as possibly true
>
> (Givón, 1984, p. 284)

A proposta de Givón (1984) céntrase nos elementos (b) e (c). Na súa

visión, a modalidade é unha propiedade asociada aos tempos verbais (*tenses*), de maneira que pasado e presente serían tempos reais e o futuro sería un tempo irreal. Ademais, a modalidade irreal pode proceder tamén de adverbios e verbos modais epistémicos (e.g., *quizais*, *deber*) e de todo tipo de verbos intensionais (e.g., *buscar*, *querer*, *imaxinar*, *soñar*). Por último, certos tipos de cláusulas complexas (condicionais, imperativos, interrogacións absolutas, complementos de verbos intensionais...) requiren unha modalidade irreal, mentres que outros tipos, polo menos combinados co tempo pasado, esixen unha modalidade real (subordinadas causais, temporais, concesivas e relativas, complementos de verbos factivos...). A concepción da modalidade de Givón está estreitamente ligada á noción de referencialidade e confúndese en gran medida coa distinción funcional real/irreal, máis ligada ao modo morfolóxico que ao que comunmente se entende por modalidade.

Givón (2001, vol. 1) mantén a concepción da modalidade de 1984 e engade información sobre a distribución gramatical da modalidade. Por unha banda, escasean as linguas en que a marcaxe gramatical, principalmente morfolóxica, de todas as modalidades (coa excepción da negación) sexa uniforme. Esta falta de uniformidade na marcaxe morfolóxica da modalidade débese a que os seus tres tipos (presuposición, real e irreal) poden ter orixes diacrónicas moi diverxentes, o cal á súa vez é resultado da presenza destas tres modalidades en contextos gramaticais variados. Por outra banda, a distribución dos diferentes tipos de modalidade por contextos si pode ser obxecto dun estudo preciso. Os principais contextos gramaticais para a modalidade inclúen os verbos léxicos, o tempo-aspecto e os auxiliares, os verbos modais e diversos tipos de cláusulas.

Givón (2001, vol. 1) presenta un sétimo capítulo sobre a organización tipolóxica das categorías TAM, elaborado desde a perspectiva diacrónica. Acerca da complexidade dos sistemas modais, advirte: "[t]he amount of cross-language variation that can arise from such complexity is enormous, making the resulting typology less than predictive, so that it is not entirely a 'typology' in the proper sense of the term" (Givón, 2001, vol. 1, p. 337). Certamente, esta parte da obra constitúe máis unha miscelánea que unha tipoloxía de sistemas modais. Deste xeito, Givón (2001, vol. 1) trata as categorías TAM nas linguas crioulas, a gramaticalización dos verbos auxiliares e outros asuntos centrados no tempo e o aspecto e as súas interaccións. Tamén dedica un apartado á gramaticalización

da modalidade, especialmente dos tipos presuposición e irreal, máis interesantes, pois a negación está marcada dunha maneira bastante uniforme no conxunto das linguas e a modalidade real tende a ser o elemento non marcado do sistema. Así, Givón céntrase en sistemas de marcaxe do irreal, distinguindo entre sistemas escindidos e sistemas uniformes (isto é, o uso dunha mesma marca para irreal en diferentes contextos fronte ao uso de diferentes marcas dependendo do contexto), e tamén atende a certos aspectos no uso do subxuntivo.

Chung e Timberlake (1985), pola súa parte, propoñen un marco para a descrición das categorías TAM nunha perspectiva tipolóxica. Para isto, toman como noción central a de evento (EdC), aproveitando deste xeito o modelo de mundos posibles como marco de explicación da modalidade. Dividen o espazo modal en modo epistémico, modo epistemolóxico (isto é, evidencialidade) e modo deóntico e tratan á parte as oracións condicionais. Ademais, consideran que "particular languages tend to be less concerned with distinguishing necessity from possibility than with distinguishing different types of possibility" (Chung & Timberlake, 1985, p. 242). Cómpre apuntar, por último, que a atención destes autores se centra naqueles elementos expresados morfoloxicamente no verbo, é dicir, nos modos real e irreal (vid. §4.1.1, p. 82) e no modo imperativo.

Entre os traballos pioneiros no tratamento tipolóxico da modalidade destaca, sen dúbida, o de Palmer (1986), por tratarse dunha monografía dedicada exclusivamente ao estudo da área lingüística que nos ocupa e pola súa orixinalidade no seu achegamento a esta materia. Palmer (1986) caracteriza a modalidade como unha categoría gramatical parella ao aspecto, o tempo, o número ou o xénero e apunta como posible definición, seguindo a Lyons (1977), a opinión ou actitudes da falante. Existen diversos mecanismos gramaticais para marcar a modalidade (verbos modais, modo e partículas ou clíticos) e as linguas poden empregar un ou varios destes recursos. Así, o inglés posúe un sistema de verbos modais, o latín un sistema de modo morfolóxico e o luiseño un sistema de clíticos modais. Ademais, existen sistemas complexos que combinan diferentes tipos de clíticos e partículas con elementos da morfoloxía verbal.

Palmer (1986) inclúe baixo a etiqueta de modalidade epistémica todo sistema modal que indique o grao de compromiso co enunciado. Isto inclúe non só as nocións de necesidade e posibilidade, senón tamén

as referencias á fonte de información (evidencialidade). Desta maneira, a modalidade epistémica está conformada por dous subsistemas, un de xuízos (integrado polas categorías especulativo e dedutivo) e outro de evidenciais. Algunhas linguas codifican gramaticalmente só un dos compoñentes da modalidade epistémica: por exemplo, o inglés limítase aos xuízos e o tuiuca aos evidenciais. Outras linguas, como o alemán, expresan gramaticalmente ambos os dous subsistemas. Por último, Palmer (1986) inclúe un compoñente paralelo que recolle os marcadores discursivos que contribúen de maneira máis ou menos directa ao posicionamento epistémico.

Aínda que, nominalmente, Palmer (2001) é a segunda edición da obra homónima de 1986, as diferenzas entre os dous libros son suficientemente notorias como para consideralos traballos distintos. Neste segundo traballo, Palmer (2001, p. 1) caracteriza a modalidade como unha categoría ocupada do status da proposición que describe o evento, o cal contrasta coa definición anterior en termos de actitude ou opinión. A concepción da modalidade epistémica tamén se ve alterada e deixa de incluír a evidencialidade: a nova modalidade proposicional divídese en epistémica e evidencial. Á súa vez, a modalidade epistémica comprende as modalidades especulativa, dedutiva e presuntiva (vid. §2.2.2, p. 23).

No capítulo cuarto, titulado "Modal systems and modal verbs", Palmer (2001) trata o solapamento na expresión formal, principalmente a través de verbos auxiliares, dos sistemas de modalidade epistémica e modalidade eventual, isto é, encárgase da polisemia dos verbos modais. A explicación atopada por Palmer para este fenómeno descansa nas nocións lóxicas de posibilidade e necesidade, as cales constitúen o substrato común das modalidades tradicionais. Así, o autor ilustra estes conceptos lóxicos á maneira típica dos manuais de semántica, botando tamén man da negación e ofrecendo, ademais, exemplos de diversas linguas. Ao longo do capítulo, Palmer repasa as propiedades formais dos verbos modais en inglés e noutras linguas. Outros capítulos da obra dedícanse a explorar as contribucións das distincións indicativo/subxuntivo e real/irreal, así como do tempo pasado, aos diferentes sistemas modais.

Aínda que a obra de 2001 supón unha ampliación de moitas das ideas da súa predecesora, é de lamentar a desaparición das case 20 páxinas dedicadas en 1986 aos tipos gramaticais. Esta desaparición supuxo unha expansión da atención aos verbos modais e ao modo, de

maneira que mecanismos como as partículas e os clíticos modais apenas están representados na nova edición. O inglés é o punto de referencia ao longo de toda a obra e seguramente por iso os verbos modais reciben unha atención desmesurada.

A principal tacha que se lle pode apoñer ás obras de Palmer (1986, 2001) é a limitación dos seus intereses a recursos gramaticais, o cal resulta nunha visión moi parcial do sistema de modalización, polo menos no caso da modalidade epistémica, onde abundan os recursos léxicos. Tamén resulta confusa a súa perspectiva sobre dominios lingüísticos como o modo ilocutivo, os marcadores discursivos, o tempo e o aspecto e a interacción destes coa modalidade. Desde o punto de vista conceptual, os traballos de Palmer non supoñen ningunha innovación, pois retoman a caracterización da modalidade de autores clásicos como von Wright (1951) e Lyons (1977).

Tras os traballos pioneiros da década de 1980, van aparecendo contribucións diversas que tratan a modalidade (epistémica) desde diferentes perspectivas dentro do marco da tipoloxía lingüística. Unha contribución destacada é a de Bybee et al. (1994), a cal estuda a tríade TAM cun enfoque diacrónico e interlingüístico. Para isto, os autores empregan unha mostra de 76 linguas, seleccionadas para representar a diversidade lingüística mundial, a maioría delas pertencentes a filos cun número de membros maior de 22. O seu obxectivo é descubrir o que teñen en común as linguas a respecto de certos dominios semánticos expresados a través de medios gramaticais, que denominan *grams*, como afixos, mudanzas na raíz, reduplicación, auxiliares e partículas. No caso da modalidade, o seu propósito non é fornecer unha definición da noción, senón "to establish the major paths of development for mood and modality notions, and to try to determine how and why particular grammatical meanings arise in this domain" (Bybee et al., 1994, p. 176). As "rutas" deseñadas por Bybee et al. (1994) constitúen padróns de gramaticalización que reflicten a evolución das pezas gramaticais que expresan modalidade e o desenvolvemento de significados modais a partir doutros tipos de modalidade ou de elementos non modais. Estas rutas son aproveitadas por van der Auwera e Plungian (1998) para elaborar o mapa semántico da modalidade, que explica non só o desenvolvemento de significados modais, senón tamén as relacións sincrónicas que poidan existir entre diferentes clases semánticas (é dicir, a polisemia dos marcadores gramaticais).

A de Pietrandrea (2005) é unha monografía sobre a modalidade epistémica en italiano elaborada desde un punto de vista funcional. No seu segundo capítulo, a autora confecciona unha clasificación tipolóxica dos sistemas epistémicos que distingue cinco parámetros. O primeiro deles serve para opoñer linguas que posúen marcadores específicos, isto é, mecanismos que expresan exclusivamente modalidade epistémica, a linguas que empregan marcadores parasitos para codificar o dominio modal epistémico, é dicir, que teñen como semántica principal outro elemento de significado. O segundo parámetro confronta sistemas cun único marcador de modalidade epistémica a sistemas con varios elementos. No primeiro caso, o mecanismo epistémico indica que o contido proposicional pertence ao ámbito de crenza da falante sen especificar o seu grao de compromiso con el, mentres que no segundo caso os diferentes elementos especifican diversos graos de certeza ou compromiso. Unha terceira distinción dáse entre aquelas linguas que distinguen epistemicidade xenuína de evidencialidade inferida e aquelas que non. Coates (1983, pp. 18–20) xa propuxera a división da modalidade epistémica nun tipo inferencial e un tipo non inferencial. Esta distinción está presente no contraste entre os auxiliares *may* (xenuinamente epistémico) e *must* (inferencial). O cuarto parámetro corresponde cos tipos de evidencialidade. Neste punto, Pietrandrea (2005) segue a Plungian (2001), quen introduce a distinción entre evidencialidade mediada (i.e., reportativa) e non mediada xunto á xa común directa/indirecta. Desta maneira, o cuarto parámetro resulta en tres tipos lingüísticos: linguas que diferencian entre evidencialidade mediada e non mediada; linguas que distinguen entre evidencialidade directa e indirecta; e linguas que fan as dúas distincións. Por último, o quinto criterio alude a elementos relacionados coa performatividade, como a agramaticalidade de proposicións modalizadas en oracións condicionais e interrogativas ou a ausencia de flexión en formas modais de pasado, os cales serven para distinguir entre sistemas máis e menos performativos.

Este breve capítulo da obra de Pietrandrea (2005) recolle bastantes exemplos de linguas xeneticamente distantes, mais a súa escolla non é sistemática, a diferenza de traballos como o de Bybee et al. (1994). Por contra, Pietrandrea (2005) toma os exemplos de diversas fontes secundarias, entre elas Givón (1982), Palmer (1986) ou Van Valin e LaPolla (1997). Como consecuencia, a validez tipolóxica das afirmacións sobre a rareza ou regularidade de certos fenómenos é cuestionable, pois

Pietrandrea (2005) non emprega unha mostra de linguas representativa da diversidade lingüística.

Nauze (2008) leva a cabo unha comparación dos sistemas modais de seis linguas: neerlandés (indoeuropea), fon (atlántico-congo), coreano (coreánica), lillooet (salishana), turco (túrquica) e tuvaluano (autronesia)[9]. Trátase dunha mostra de linguas pequena pero moi variada desde o punto de vista xenético. Nauze (2008) toma a concepción da modalidade de van der Auwera e Plungian (1998) e non se limita á expresión gramatical dos significados modais, senón que considera tamén ítems léxicos. Para cada lingua, o autor presenta o sistema modal correspondente e atende á combinación de elementos modais para comprobar a súa hipótese sobre o alcance dos diferentes tipos de modalidade (a epistémica modifica a externa ao participante e esta á súa vez ten alcance sobre a interna ao participante). Desta maneira, Nauze (2008) chega a varias conclusións: a súa mostra de linguas apoia a visión da modalidade proposta por van der Auwera e Plungian (1998); a súa hipótese sobre o alcance das clases modais é correcto; a polifuncionalidade (i.e., polisemia) dos marcadores modais non é universal, senón un fenómeno tipicamente europeo, como afirman van der Auwera, Ammann e Kindt (2005).

Boye (2012) ocúpase do "significado epistémico", é dicir, da problemática relación entre modalidade epistémica e evidencialidade. A súa finalidade principal é demostrar a necesidade de recoñecer tres categorías descritivas nos achegamentos interlingüísticos ao problema da epistemicidade. Trátase da *xustificación epistémica* (i.e., evidencialidade), do *apoio epistémico* (i.e., modalidade epistémica) e da *epistemicidade* ou apoio xustificativo, constituída esta última polas dúas anteriores. Por causa da súa novidade, é esta a que ocupa o centro da argumentación ao longo da obra. As expresións epistémicas pertencentes a 50 linguas diferentes constitúen a base empírica do estudo. Os catro capítulos centrais ocúpanse de xustificar cadanseu obxectivo. En primeiro lugar, deféndese a existencia de tres tipos de sistemas morfosintácticos a nivel interlingüístico: un sistema xeral correspondente á categoría da epistemicidade e dous subsistemas, isto é, un sistema evidencial e un sistema modal epistémico. Nalgunhas linguas, pode atestarse máis dun destes sistemas. En segundo lugar, por medio do mapeado semántico (vid. Haspelmath, 2003; van der Auwera, 2008),

[9] Sigo a clasificación de familias lingüísticas proposta en *Glottolog 4.3* (Hammarström, Forkel, Haspelmath & Bank, 2020).

móstrase que a variación interlingüística referida á mudanza diacrónica dos significados epistémicos e á polifuncionalidade sincrónica das formas correspondentes pode ser explicada a través das tres categorías descritivas propostas. En terceiro lugar, mantense que todos os significados tratados baixo a etiqueta de epistemicidade posúen alcance proposicional e que os padróns morfosintácticos recorrentes das expresións epistémicas poden ser entendidos como o reflexo dunhas mesmas propiedades de alcance semántico. Por último, coa finalidade de explicar os datos tipolóxicos anteriores, proponse unha análise do significado epistémico en termos de fenómeno cognitivo ancorado funcionalmente.

Outras contribucións que estudan a modalidade desde un punto de vista tipolóxico inclúen capítulos, tanto en monografías (e.g., de Haan, 2006) e manuais (e.g., a terceira parte de Nuyts & van der Auwera, 2016) sobre a modalidade como en obras centradas na tipoloxía lingüística (e.g., Timberlake, 2007), así como libros colectivos ocupados do estudo tipolóxico das categorías TAM (e.g., Hogeweg, de Hoop & Malchukov, 2009). Estas achegas contribúen de maneira significativa á discusión sobre a natureza e o comportamento estrutural da modalidade nas linguas do mundo, mais a súa revisión excede os propósitos deste capítulo.

Con todo, dada a natureza do proxecto en que se integran, non poden deixar de mencionarse os tres capítulos que forman parte de *The world atlas of language structures online* (WALS; Dryer & Haspelmath, 2013). Estes ocúpanse da posibilidade circunstancial (van der Auwera & Ammann, 2013c), da posibilidade epistémica (van der Auwera & Ammann, 2013a) e do solapamento entre os dous tipos de marcaxe modal anteriores (van der Auwera & Ammann, 2013b). A posibilidade circunstancial comprende as posibilidades deóntica, circunstancial no sentido de Nuyts (vid. (5), p. 20) e aquelas relacionadas coa habilidade. Na práctica, equivale á modalidade non epistémica. O antagonista da posibilidade é a necesidade e estas dúas nocións combinadas conforman o campo da modalidade. Temos, así, un concepto de modalidade moi próximo ao dos achegamentos formais e lóxicos, baseado nas ideas que o propio van der Auwera propuxera anteriormente (van der Auwera & Plungian, 1998).

O interese de van der Auwera e Ammann (2013a, 2013b, 2013c) pola posibilidade en detrimento da necesidade parece estar xustificado tipoloxicamente, pois, como apuntaban Chung e Timberlake (1985) (vid.

supra), as linguas tenden a dedicar máis recursos a marcar a posibilidade e os seus tipos que a singularizar a necesidade.

Como todos os capítulos do WALS, os tres que nos ocupan ilustran a distribución dun determinado parámetro lingüístico entre as linguas do mundo a partir dunha mostra delas. Neste caso, o número de elementos da mostra oscila entre 200 e 240, segundo o capítulo. Todos os capítulos distinguen tres tipos de linguas. Nos dous capítulos encargados de cada tipo de modalidade (van der Auwera & Ammann, 2013a, 2013c), distínguense tres clases de linguas segundo a estratexia formal empregada para expresar a categoría funcional correspondente en oracións declarativas afirmativas. No caso da posibilidade circunstancial (mostra de 234 linguas), existen linguas que a poden expresar mediante afixos verbais (63 linguas), linguas que non contan con afixos para este fin pero si con construcións verbais, é dicir, verbos modais (158 linguas), e linguas que non contan con marcadores dos tipos anteriores, senón doutro tipo, como partículas, adverbios ou adxectivos (13 linguas). Estas últimas son infrecuentes e localízanse en puntos illados do planeta. As linguas que empregan afixos son moi comúns en Nova Guinea e América do Norte e inclúen numerosas linguas polisintéticas. O tipo máis común, o que emprega construcións verbais, abunda en Europa, África e sur e sueste de Asia e é raro en Nova Guinea e Australia.

Para a posibilidade epistémica (mostra de 240 linguas), distínguense linguas que a poden expresar mediante construcións verbais (65 linguas), linguas que non contan con construcións verbais pero si con afixos (84 linguas) e linguas que só posúen outros tipos de marcadores (91 linguas). O uso de verbos modais para expresar posibilidade epistémica é un fenómeno eminentemente europeo, atestado na maioría das linguas das familias indoeuropea e urálica. Tamén é común no sur da India e en África Occidental. No resto do mundo, a súa presenza é escasa e, nas Américas, non se dá ningún caso. As linguas que empregan afixos e as que empregan outros recursos repártense a maioría do planeta, con algunhas zonas de predominancia dun dos tipos (e.g., afixos en Nova Guinea, outros recursos no centro de África).

No terceiro capítulo, van der Auwera e Ammann (2013b) examinan ata que punto as linguas do mundo posúen marcadores comúns para os dous tipos de modalidade investigados. Tamén distinguen agora tres tipos de linguas: aquelas con marcadores modais que cobren toda a área

da modalidade (posibilidade e necesidade, tanto circunstancial como epistémica), aquelas con marcadores que cobren ben as posibilidades circunstancial e epistémica, ben as necesidades circunstancial e epistémica, e aquelas con marcadores que en ningún caso codifican simultaneamente modalidade circunstancial e epistémica. No primeiro caso falamos de linguas cun alto grao de solapamento (36 linguas), no segundo de linguas con certo grao de solapamento (66 linguas) e no terceiro de linguas sen solapamento (105 linguas). As primeiras son características de Europa e realmente raras fóra desta área. O predominante xeograficamente é a non existencia de solapamento na expresión dos tipos de modalidade, aínda que as linguas con certo grao de solapamento son comúns na maioría do planeta.

Van Olmen e van der Auwera (2016, pp. 365–373) analizan a modalidade desde a perspectiva do europeo medio estándar (*Standard Average European*), unha área lingüística ou *Sprachbund* que ten no seu centro as linguas xermánicas occidentais e as galorromances, pero que cobre a maioría do continente europeo. A partir dos datos do WALS, conclúen que a dobre polifuncionalidade modal (equivalente ao alto grao de solapamento de van der Auwera & Ammann, 2013b) e a "verbalidade" da modalidade epistémica (a expresión deste tipo de modalidade mediante verbos auxiliares) son trazos eminentemente europeos, isto é, características presentes na maioría de linguas de Europa, ausentes nas linguas indoeuropeas orientais e raras nas linguas xeograficamente adxacentes e na maioría do resto das linguas do mundo (cf. Haspelmath, 2001).

Os datos do WALS mostran que (i) os verbos auxiliares son, a nivel tipolóxico, o mecanismo máis frecuente para expresar a modalidade non-epistémica; (ii) no caso da modalidade epistémica, a utilización de verbos modais é un trazo eminentemente europeo, aínda que tamén é frecuente noutros puntos do planeta, como o sur da India e África Occidental; (iii) a polisemia modal total ou dobre polifuncionalidade é moi rara fóra de Europa.; (iv) a existencia de auxiliares verbais modalmente polisémicos responde ás características particulares das linguas europeas e non é representativo da diversidade lingüística. Dado o lugar privilexiado que ocupan as linguas europeas na teoría lingüística, non é disparatado concluír que as súas particularidades formais sexan en boa medida responsables do problemático concepto de modalidade actualmente dominante.

O traballo tipolóxico ocupado da modalidade caracterízase, principal-

mente, por dedicar unha especial atención á natureza desta categoría semántica e ás posibilidades formais das linguas á hora de expresala e por incluír outras categorías lingüísticas na discusión (fundamentalmente tempo, aspecto e evidencialidade). Para nos facermos unha idea da variación interlingüística da modalidade (epistémica) é preciso contar con descricións detalladas deste dominio funcional para o maior número de linguas posible. Neste sentido, un dos maiores obstáculos que afronta a empresa tipolóxica é a escaseza de materiais que dean conta dos aspectos pertinentes das linguas do mundo. Un bo exemplo disto témolo en Bybee et al. (1994), cuxa mostra inicial de 94 linguas foi reducida a 76 tras verificarse a falta de documentación para certos grupos lingüísticos localizados no Pacífico e América do Sur. Con todo, nas últimas décadas foron aparecendo traballos descritivos de linguas cuxo comportamento modal era pouco ou nada coñecido. Sirvan como exemplo o número monográfico do *Australian Journal of Linguistics* (vol. 32, núm. 1, 2012), enfocado ao estudo das categorías TAME (TAM + evidencialidade) nas linguas de Australia, a tese sobre a expresión da modalidade en ewe (atlántico-congo) realizada na Universidade de Antuerpe (Gbegble, 2012), ou os estudos sobre as linguas iroquesas, o grupo chádico das linguas afroasiáticas e o grupo oceánico das austronesias contidos na terceira parte de Nuyts e van der Auwera (2016). Tampouco é un problema menor para a tipoloxía a falta de consenso sobre os criterios que deben guiar a análise dos datos, especialmente no caso da modalidade, cuxa natureza non está exenta de debate. A pesar destas pexas, o número de traballos ocupados da variación interlingüística da modalidade é considerable e cada vez maior e os seus resultados achegan información de grande interese sobre a natureza e o comportamento formal desta área das linguas humanas.

4. A modalidade epistémica e outras categorías lingüísticas

Dada a complexidade e amplitude do concepto de modalidade, faise necesario prestar atención a outras categorías da lingua que poden contribuír de maneira relevante á súa delimitación. Por unha banda, existe unha interacción complexa entre (tipos de) modalidade e categorías cualificadoras (§4.1), as cales, en diferentes graos, inflúen no comportamento da modalidade (epistémica) ou mesmo se solapan con ela. Por outra banda, é preciso aclarar cal é a relación entre a modalidade epistémica e nocións como atenuación, reforzo e (inter)subxectividade (§4.2).

4.1. Interaccións entre cualificacións: a modalidade epistémica e as categorías TAME

Dos Capítulos 2 e 3 pódese tirar unha conclusión fundamental: a modalidade é unha categoría ampla moi difícil de delimitar e definir. As principais propostas pasan por considerar a modalidade unha oposición lóxica entre necesidade e posibilidade (§2.3.1, p. 28), unha categoría gradual que acolle diversos valores non factuais (§2.3.2, p. 32) ou unha noción eminentemente pragmática baseada nas actitudes de quen fala (§3.3, p. 58), alén da súa caracterización en termos de dinámica de forzas (§2.3.3, p. 36). O resultado desta gran diversidade de enfoques é un número amplo de visións sobre as relacións entre a modalidade e categorías como o tempo, o aspecto, o modo (§4.1.1, p. 82) e a evidencialidade (§4.1.2, p. 88), ás cales nos referimos coa etiqueta TAME. Estas relacións van desde a interacción funcional entre categorías claramente independentes (caso do aspecto) ata o solapamento das fronteiras entre dominios funcionais (este é o caso ben coñecido da evidencialidade, mais tamén en certa medida do tempo), pasando por correspondencias confusas (pénsese

no desconcertante comportamento do modo gramatical, particularmente no relativo ás súas interaccións coas categorías modais). Como indica Squartini (2016, p. 51), as controversias afectan á expresión gramatical destes dominios (tempos e perífrases verbais) e non aos marcadores léxicos (por exemplo, adverbios como o temporal *mañá* ou o evidencial *supostamente*). Como en casos anteriores, limitareime a expoñer aquelas cuestións que resultan máis relevantes para o presente traballo, isto é, as relacións do ámbito máis restrinxido da modalidade epistémica coas categorías TAME.

4.1.1. Tempo, aspecto e modo

Tempo, aspecto e modo son tradicionalmente consideradas categorías gramaticais do ámbito verbal, isto é, clases semánticas expresadas mediante a morfoloxía ou as perífrases do verbo. Con todo, non sempre está claro que valores se inclúen dentro de cada categoría. Neste sentido, Dik (1997, Capítulo 9) propón distinguir entre o conxunto de valores semánticos relacionados coa categoría (*temporalidade*, *aspectualidade*, *modalidade*) e o subconxunto destes que se expresa mediante medios gramaticais e non léxicos (*tempo*, *aspecto*, *modo*). Nótese que estes termos tamén se empregan con frecuencia para designar os correlatos formais das categorías semánticas, é dicir, determinados conxuntos de morfemas e perífrases verbais. Nesta dupla tríade, é o binomio modalidade-modo o que máis dificultades comporta (Bybee et al., 1994, p. 176; Chung & Timberlake, 1985, p. 241), pois o modo como categoría flexiva do verbo é demasiado restritivo para ser identificado como a principal expresión (gramatical) da modalidade (Narrog, 2012, p. 1). Por isto, moitas veces *modalidade* acaba substituíndo a *modo* na conformación do acrónimo TAM.

Tempo

Unhas décadas antes da recente discusión sobre o status da evidencialidade, as fronteiras entre a modalidade e a expresión lingüística do tempo foron debatidas en termos semellantes na literatura lingüística. Por exemplo, Lyons (1977) chega a afirmar que "tense is a kind of modality" (p. 820). Aínda hoxe en día, as relacións entre referencia temporal e modalidade gozan da atención dos achegamentos cognitivos á linguaxe

(e.g., De Wit, 2017; Patard & Brisard, 2011).

Nunha caracterización xa clásica (Comrie, 1985), o tempo (*tense*), concibido como a codificación gramatical(izada) da categoría cognitiva da temporalidade, serve para localizar un EdC no eixo temporal, concretamente en tres posicións alternativas: presente, pasado ou futuro. Nesta visión, o tempo é claramente distinto da modalidade, pois implica unha localización obxectiva no eixo temporal fronte á cualificación subxectiva do EdC que leva a cabo a modalidade. Así, casos como os de (27) son considerados excepcións ao uso prototípico da categoría gramatical do tempo.

(27) a. Chegou un paquete. *Será* o que pedín onte.

b. Se acertase algunha vez, *faría*lle caso.

Ningún dos marcadores de tempo en (27) corresponde cunha interpretación canónica: o verbo conxugado en futuro de (27a) refírese ao tempo presente, mentres que o uso do pospretérito en (27b) non indica posterioridade a respecto dun evento pasado.

A relación entre futuridade e non-factualidade é de natureza filosófica e, en xeral, a lingüística prefire non abordala. Si presta atención, porén, ás razóns para falar do futuro, que, segundo Dahl (2000), son tres: facer predicións, comunicar intencións e expresar plans futuros (*scheduling*). Curiosamente, esta última categoría é a que implica maior factualidade e a única das tres que non se codifica a través de marcadores de futuro, senón de presente, nas linguas europeas estudadas por Dahl (2000). O tempo futuro emprégase, principalmente, para referirse a eventos posteriores cuxa factualidade é dubidosa (predicións e intencións) e para facer conxecturas sobre sucesos situados no presente ("futuro epistémico/inferencial"), como en (27a). Parecería, entón, que os tempos presente e futuro non se opoñen, polo menos nalgúns contextos, pola súa referencia temporal, senón polo carácter [+/– factual], e precisamente a non-factualidade serve de base para algunhas definicións da modalidade, como xa se viu (§2.3.2, p. 32).

De maneira semellante, o pospretérito pode debuxar unha situación hipotética localizada no presente, como en (27b), no canto de situar un EdC no futuro a respecto dun punto de referencia pasado, é dicir, pode ter unha lectura non-factual ≈ modal en vez de unha temporal. Este tipo de solapamento entre a función temporal (futuro no pasado) e a modal

(condicional) é moi común nas linguas de Europa occidental (Thieroff, 2010, p. 13).

Por outra banda, o pospretérito pode funcionar como un futuro epistémico/inferencial no pasado, feito que reforza a relación entre futuridade e non-factualidade.

(28) a. (Agora) *haberá* unhas 30 persoas aí fóra.

b. (Onte) *habería* unhas 30 persoas aí fóra.

Os dous exemplos de (28) describen o mesmo evento, con referencias temporais diferentes: (28a) é unha conxectura sobre o número de persoas presentes nun lugar no momento da enunciación, mentres que (28b) é o seu equivalente no pasado.

Este tipo de feitos levaron algúns estudosos a propor unha reestruturación das categorías de tempo e modalidade, principalmente agrupándoas baixo unha mesma categoría de carácter máis xeral, denominada con diversas etiquetas: *disociativo*, *irrealidade*, *distancia* ou *virtualidade* (Squartini, 2016, p. 55). No marco da Gramática Cognitiva (Langacker, 1991b), a proximidade entre tempo e modalidade é especialmente evidente, pois ambos os sistemas contribúen ao *grounding*, isto é, a relacionar o contido lingüístico expresado co acto comunicativo e os seus participantes. No marco proposto por Langacker (1991b), que ten unha reelaboración recente en De Wit (2017), o compoñente modal do tempo gramatical é básico, fronte ao compoñente temporal, que é específico. Isto quere dicir que, no modelo da Gramática Cognitiva, o tempo gramatical ten como principal función distinguir entre irrealidade (futuro, auxiliares modais) e realidade e, dentro desta, entre realidade inmediata (presente) e realidade non inmediata (pasado). Neste modelo, o tempo gramatical emprégase para levar a cabo a distinción temporal tradicional só de maneira secundaria, pois é basicamente epistémico.

Exemplos como os de (27a) e (28) interesan especialmente aquí, pois estas formas temporais son bos candidatos para formar parte do paradigma da modalidade epistémica[1]. Neste sentido, tense recoñecido, sobre todo para as linguas románicas, o carácter *modal* das formas de futuro e pospretérito. O principal debate nesta área ten que ver co carácter

[1] Hai quen tamén inclúe os casos de predición como parte do sistema de modalización epistémica (e.g., Giannakidou & Mari, 2018).

epistémico e/ou evidencial destas formas temporais. Para Pietrandrea (2005), en italiano só codifican modalidade epistémica, mentres que, para Hennemann (2014), en español só codifican evidencialidade inferida. Outras autoras (Oliveira, 2015; Rodríguez Rosique, 2017) recoñécenlle un carácter híbrido a estes recursos na súa función modal e aceptan o seu carácter modal epistémico e evidencial inferencial. Squartini (2001) prefire a etiqueta "inferencial" para os usos modais do futuro e o pospretérito, sen que isto impida admitir a presenza de valores de modalidade epistémica. Para o portugués, Oliveira (2015) distingue a función "típica" epistémico-evidencial, que iguala ao uso do auxiliar *dever*, (29), e a función evidencial reportativa do futuro composto que, sinala a autora, é exclusiva do portugués europeo, (30).

(29) a. A esta hora o João *estará/deve estar* em casa.

b. Quando a conheci, ela *teria/devia ter* uns 15 anos.

(30) a. O sujeito *terá fugido* a pé.

b. De acordo com a polícia, ele *teria aliciado* a vítima pela Internet.
(Oliveira, 2015, p. 102)

Nas gramáticas do galego, tamén se dá conta dos valores do futuro e do pospretérito que se desvían da súa referencia temporal canónica. Tanto Álvarez e Xove (2002, pp. 280–281) como Freixeiro Mato (2006b, pp. 349–354) relacionan os usos *epistémicos* destes dous tempos verbais coa probabilidade e indican que se opoñen polo seu valor temporal —presente fronte a pasado, respectivamente, ou, nos termos de Álvarez e Xove (2002), "non anterioridade" fronte a "anterioridade"—. Segundo Álvarez e Xove (2002), estes tempos participan dunha gradación de atenuación ou cortesía que consta de tres posicións, representadas en (31) e ilustradas mediante o exemplo (32).

(31) non-probable[2] > probable > irreal

(32) Tamén *hai/haberá/habería* que levar connosco o bo de Pedro.
(Álvarez & Xove, 2002, p. 281)

[2]Para Álvarez e Xove (2002, p. 280) 'non-probable' equivale a 'seguro', é dicir, á ausencia dun xuízo de probabilidade.

Repárese, porén, en que o pospretérito de (32) corresponde a un uso "condicional", como o de (27b), e non a usos epistémicos/inferenciais, como o de (28b). En calquera caso, queda claro que tempo e modalidade se relacionan de maneiras complexas e que as súas interaccións non pasaron desapercibidas para as gramáticas galegas máis recentes.

Aspecto

As conexións entre aspecto e modalidade epistémica son moito menos interesantes que as existentes entre esta última e o tempo. A definición tradicional do aspecto non deixa lugar á confusión con ningunha categoría modal: o aspecto é a expresión gramatical(izada) da constitución temporal interna dun EdC (Comrie, 1976). A aparencia dun EdC pode corresponder, na versión máis básica, a situacións en curso aínda incompletas (aspecto imperfectivo) ou a eventos finalizados (aspecto perfectivo). Desta maneira, o aspecto ten pouco a ver con posibilidades e necesidades, coa non-factualidade ou coas actitudes de quen fala.

Non obstante, si se ten botado man do aspecto como depósito para categorías modais que non encaixan cunha determinada definición da modalidade. É este o caso da modalidade dinámica, que Nuyts (2005) considera parte do aspecto cuantificativo e, polo tanto, próxima a categorías aspectuais como 'iterativo', 'habitual' ou 'xenérico' (vid. §3.1.3, p. 47).

En calquera caso, existen interaccións notables entre (escollas de) aspecto e (interpretacións da) modalidade. De feito, as dúas nocións foron obxecto de atención conxunta nalgunhas ocasións (e.g., Ameka & Kropp Dakubu, 2008; Böhm, 2016; Hatav, 1997). Diferentes escollas aspectuais serven para representar un mesmo EdC de maneiras diversas, incidindo nas súas diferentes fases, as cales poden ser máis ou menos compatibles con determinadas interpretacións modais. Como indica Leiss (2008), existe afinidade entre aspecto perfectivo e modalidade deóntica, por unha parte, e aspecto imperfectivo e modalidade epistémica, por outra, na interpretación dos verbos modais. Exemplos disto témolos en (33) e (34).

(33) a. Debe *marchar* xa.

b. Debe *estar marchando* xa.

(34) a. Débelles *dar* o diñeiro.

b. Débelles *estar dando* o diñeiro.

(adaptados de Leiss, 2008, p. 17)

Nos exemplos da serie (a), o verbo modal *deber* auxilia un infinitivo non marcado e é interpretado como deóntico/directivo ('ten a obriga de marchar/de lles dar o diñeiro'), mentres que na serie (b) o mesmo modal introduce o mesmo verbo na perífrase durativa e ten unha lectura epistémica ('é probable que estea a marchar/a lles dar o diñeiro'). Con todo, estes vínculos non son moi sólidos, pois as lecturas deónticas/-directivas son posibles con verbos na forma durativa (e.g., *debes estar durmindo antes de que volva*) e os feitos das series (33) e (34) poden ser debidos a unha interacción entre a modalidade e o tempo determinada pola futuridade (Narrog, 2008) ou a unha conexión xeral entre aspecto imperfectivo e subxectividade (Boogaart, 2011).

Böhm (2016, pp. 332–334) fala do "imperfecto modal epistémico" en español, que serve "para expresar implícitamente la actitud epistémica (conocimiento) del hablante frente a lo que dice" (p. 332). Segundo Böhm (2016), o verbo en imperfecto do exemplo (35a) expresa a inseguridade da falante sobre a situación, a cal, ademais, se ve enfatizada polo uso da partícula *¿no?*; en (35b), porén, o pretérito imperfecto dos diversos verbos manifesta unha actitude de distanciamento, posiblemente por a información ter sido adquirida de fontes externas.

(35) a. Y eso era cuando *salíamos* de Caracas ¿no? También veníamos mucho a Santa Eduvigis, donde vivía el señor D, J D, y su esposa [...]

b. Con el 99.60 por ciento de las actas de las elecciones presidenciales ecuatorianas escrutadas, el democristiano Jamil Mahuad *ganaba* por 2.54 puntos porcentuales al empresario independiente Alvaro Noboa, quien *rechazaba* esos resultados y *exigía* el conteo voto a voto. [...] (Böhm, 2016, p. 332)

Böhm (2016) emprega o concepto de modalidade epistémica de maneira laxa. A escolla da forma imperfecta (fronte á perfecta) en exemplos como os de (35) indica unha vontade da falante de poñer o foco nos aspectos internos da situación. Isto, á súa vez, pode derivar en lecturas atenuantes ou reportativas ou simular unha suspensión da factualidade.

Con todo, nos exemplos anteriores o uso do imperfecto parece servir como un recurso narrativo que permite "introducirse" nunha situación pasada e contala desde dentro. En calquera caso, non se pode considerar que estes usos do pretérito imperfecto en español expresen modalidade epistémica de maneira autónoma, mesmo se se manexa unha definición ampla deste dominio funcional (o mesmo aplica aos usos equivalentes do galego).

Modo

Como se indicaba ao comezo desta parte do traballo (§2.1, p. 14), os actuais termos *modalidade* e *modo* teñen a súa orixe na tradición gramatical e filosófica grecolatina, na cal *modus* era empregado para designar principalmente tres nocións diferentes. A partir de Kant, comézase a usar *modalidade* para distinguir unha desas tres nocións, mais as outras dúas aínda hoxe son designadas mediante *mood*, o equivalente inglés de *modus*, na principal corrente da lingüística. Como xa se indicou, este é o caso do principal manual sobre "a modalidade e o modo" (na realidade, *os modos*), mais tamén da recente monografía de Portner (2018) titulada *Mood*.

Portner (2018) define o modo como "an aspect of linguistic form which indicates how a proposition is used in the expression of modal meaning" (p. 4), definición que el considera xeral e vaga, o cal é xustificable, segundo o autor, porque *modo* ten sido empregado de maneiras moi variadas na lingüística. Así, a obra céntrase no tratamento do modo verbal (*verbal mood*) e do modo da oración (*sentence mood*) e conclúe cunha proposta para o tratamento unificado dos dous fenómenos.

Para Malchukov e Xrakovskij (2016), existen dúas alternativas principais no tratamento da relación entre modalidade e modo(s). A proposta de Portner (2018) exemplifica un dos achegamentos, que non distingue conceptualmente os dous polos: o modo é o reflexo formal da dimensión semántica da modalidade. Esta é a postura tradicional, segundo a cal o modo é o produto da gramaticalización das distincións modais (e.g., Bybee et al., 1994; de Haan, 2006; Palmer, 1986; Rothstein & Thieroff, 2010). No achegamento alternativo, modalidade e modo son nocións conceptualmente distintas: esta é a postura, por exemplo, de *The Oxford handbook of modality and mood* (Nuyts & van der Auwera, 2016), no cal a modalidade ten que ver cos dominios semánticos tradicionalmente

incluídos baixo esta noción (vid. §2.2.1, p. 18) e o(s) modo(s), por unha parte, cos diferentes tipos de oracións e as forzas ilocutivas que estas expresan e, por outra parte, coas distincións indicativo/subxuntivo e real/irreal.

Aínda que na tradición gramatical galega non adoita haber confusión a respecto do termo *modo*, que se identifica sistematicamente coa categoría morfolóxica do verbo e a súa semántica, si hai certa relación entre a modalidade, tal e como se vén tratando neste traballo, e o tipo de oración ou *modalidade* oracional. Por exemplo, Álvarez e Xove (2002, pp. 175–189) distinguen catro modalidades oracionais principais para o galego: aseverativa, interrogativa, imperativa e desiderativa. Esta última é caracterizada polo uso do modo subxuntivo e dalgún elemento introdutorio típico, como o adverbio *oxalá*, e expresa unha actitude subxectiva de quen fala[3]. Polo tanto, nesta modalidade desiderativa observamos unha interacción complexa entre tipo de oración, modo verbal e modalidade. Este tipo de feitos axudan a comprender como a(s) modalidade(s) e o(s) modo(s) chegaron a tan alto nivel de enguedello conceptual. No presente traballo, considéranse os tres dominios áreas nocionais diferentes: a categoría da modalidade, un conxunto de dominios funcionais separados, cunha expresión complexa na lingua e relacionados con certos tipos de actitudes da falante; as modalidades oracionais ou tipos de oracións, isto é, os recubrimentos formais prototípicos dos diversos actos de fala (vid. Aikhenvald, 2016); e a categoría formal do modo verbal e a semántica que vehicula. Neste último centraranse as páxinas que seguen.

O modo verbal é un dos grandes enigmas da lingüística, aínda hoxe. Trátase dunha categoría moi estendida entre as linguas do mundo cuxa análise resulta extremadamente complicada. A principal proposta para dar conta do modo verbal como categoría formal é a distinción funcional real/irreal[4], é dicir, o status dun EdC a respecto da realidade ou a súa factualidade. Traballos de orientación tipolóxica como os de Foley e Van Valin (1984), Givón (1994, 2001), Palmer (2001) e Van Valin e LaPolla (1997) apóianse nesta noción para explicar os contrastes entre

[3]Seguindo este modelo, debería concluírse que algúns usos de adverbios epistémicos poderían constituír un tipo de modalidade oracional (cf. *probablemente estea alí*; *oxalá estea alí*).

[4]Téñase en conta que os termos empregados na literatura en inglés son os de orixe latina *realis* e *irrealis*.

indicativo e subxuntivo e real e irreal[5], de maneira que, en termos moi xerais, o indicativo cubriría a área real ou algunha das súas partes e o subxuntivo a área irreal ou algunha das súas partes. Porén, formuláronse algunhas críticas tocante á validez tipolóxica da distinción real/irreal como categoría gramatical autónoma.

Para Nikolaeva (2016, pp. 80–84), estas críticas teñen que ver principalmente con dous feitos. Por unha banda, as distincións binarias de modo gramatical non están relacionadas necesariamente coa distinción real/ irreal. Desta maneira, nalgunhas linguas, irreal (marca formal) expresa potencialidade e esta, á súa vez, pode implicar irrealidade/contrafactualidade en contextos particulares; noutras linguas, o marcador irreal debilita a certeza epistémica, con efectos semánticos diferentes dependendo do contexto sintáctico. Por outra banda, os tipos de oracións marcados como real ou irreal varían en gran medida entre as linguas, o cal escurece o papel que poida xogar a distinción nocional real/irreal. De feito, son ben coñecidos casos como os de (36), en que o indicativo é seleccionado nun contexto de non-factualidade e o subxuntivo nun contexto en que o status do EdC é factual.

(36) a. Creo que *está* na casa. [indicativo, non-factual]

b. Alégrome de que *esteas* aquí. [subxuntivo, factual]

Parecería, entón, que determinados contextos sintácticos seleccionan un modo ou outro e que este último non realiza unha achega semántica ao enunciado. Esta última, o modo como categoría semanticamente baleira, é unha das numerosas propostas que se teñen feito para explicar o fenómeno, entre as que tamén se contan o modo como marca de dependencia semántica, como marca de actitudes da falante, como marca de intencionalidade, como marca de información sobre como debe ser interpretado o enunciado no seu contexto... (vid. Mauri & Sansò, 2016; Nikolaeva, 2016, pp. 80–84). Ningunha das explicacións parece ser totalmente satisfactoria.

[5]Nalgunhas linguas, como as de Papúa Nova Guinea e a maioría das amerindias, as categorías formais do modo verbal reciben o nome de real ou irreal. Isto débese en parte a tradicións terminolóxicas diferentes e en parte a comportamentos lingüísticos diverxentes: o subxuntivo suxire unha relación coa subordinación, mentres que o irreal alude a un maior peso do contraste semántico (Mauri & Sansò, 2016, p. 169).

No campo do(s) modo(s) é común propor explicacións específicas para cada lingua. No caso do galego, Freixeiro Mato (2006b) sinala que o modo é a "propiedade" do verbo que serve para expresar as actitudes da falante con relación ao que enuncia, o cal implica "certeza, dúbida, suposición, mandato etc." (p. 337). Así, o indicativo é o modo da realidade e cualifica o EdC como coñecido ou real; o subxuntivo é o modo da non-realidade e presenta o EdC como non coñecido ou non real; e o imperativo serve para expresar orde, consello, exhortación, súplica ou convite. Sen dúbida, esta proposta resulta simple de máis e, no caso concreto do contraste entre indicativo e subxuntivo, é pouco adecuada ao comportamento da lingua, ao basearse na distinción real/irreal, que bate con contraexemplos claros como os de (36).

Máis sofisticada é a proposta de Álvarez e Xove (2002), quen distinguen, en primeiro lugar, entre a área (formal) das "modalidades oracionais"[6] e o dominio funcional dos "modos verbais de probabilidade e irrealidade". O morfema de modo e tempo do verbo contribúe parcialmente a identificar a modalidade oracional dunha oración principal: o indicativo marca as modalidades declarativa e interrogativa, o subxuntivo emprégase coa desiderativa e a imperativa e o imperativo é exclusivo destas últimas. Mais o modo verbal é unha categoría a que corresponde expresar as "relacións de implicación en distintos sentidos que se establecen entre os interlocutores e o dito na oración" (Álvarez & Xove, 2002, p. 264), caracterización moi semellante á dada para as modalidades oracionais (vid. nota 6, nesta páxina). Da lectura do traballo de Álvarez e Xove (2002) despréndese que os autores teñen en mente unha noción ampla da modalidade como dominio funcional e que as modalidades oracionais e o modo do verbo son maneiras de expresar diferentes contidos modais. Por exemplo, afirman que non hai relación biunívoca entre as categorías do modo verbal e os contidos de modo (Álvarez & Xove, 2002, p. 266). De feito, a relación entre estes e aquelas é bastante complexa: alén dos contidos modais propios de cada categoría formal (os cales non se especifican mais enténdese que se incluirían aquí os relacionados coas modalidades oracionais e as súas forzas ilocutivas), hai que considerar

[6] A definición que os autores ofrecen das modalidades oracionais como "implicacións que o locutor establece co alocutario ou respecto de si mesmo" (Álvarez & Xove, 2002, p. 175) parece sinalar cara a un dominio funcional. Con todo, máis adiante indícase que "cómpre distinguir entre as modalidades oracionais, gramaticalmente formalizadas, e o *sentido* ou *forza ilocutiva* con que se empregan" (p. 177).

sempre as nocións de 'irrealidade', que caracteriza os tres modos verbais, e 'probabilidade', que aplica ao indicativo e o subxuntivo. Noutras palabras, o modo verbal expresa, entre outros contidos, os "modos da irrealidade" e os "modos da probabilidade".

Canto aos primeiros, o modo imperativo só pode ser 'non-irreal', mentres que indicativo e subxuntivo poden ter valor 'irreal' ou 'non-irreal'. Este último é o elemento non marcado do par e o máis frecuente, fronte ao modo irreal, que expresa "'distanciamento' en varios sentidos, sobre todo para referirse a situacións inexistentes, contrarias ó que existe ou pode existir, e para expresar peticións, preguntas e declaracións moi atenuadas, corteses" (Álvarez & Xove, 2002, p. 279). Tanto indicativo como subxuntivo serven para codificar o modo irreal e referirse a situacións inexistentes de dúas maneiras: (i) expresando os EdCs que teñen lugar nese mundo irreal e (ii) creando o mundo irreal. Isto último só é posible a través do subxuntivo, o cal explica por que este modo se emprega nas modalidades desiderativa e imperativa e o indicativo na declarativa e a interrogativa, como exemplifican os exemplos da serie (37).

(37) a. *Faríacho*, pero non podo. [aseverativa irreal]

b. ¿*Faríasmo* de seren outras as circunstancias? [interrogativa irreal]

c. ¡Ogallá *estivese* agora alí con ela! [desiderativa irreal]

(Álvarez & Xove, 2002, p. 279)

Os modos da probabilidade tamén comprenden dous valores, a saber, 'probable' e 'non-probable'. O contraste entre estes só é posible no modo indicativo non-irreal. O modo non-probable é o elemento non marcado, expresado pola maioría de tempos do indicativo, mentres que o modo probable está restrinxido aos usos do futuro e o pospretérito que se trataron arriba, en exemplos como os de (28), p. 78. Este último valor modal caracterízase como equivalente á atenuación da predicación, que implica un compromiso parcial co enunciado por parte da enunciadora, quen non garante a veracidade do mesmo. Así, chegamos á gradación de cortesía representada anteriormente en (31), p. 79, que combina os valores dos modos indicativo e subxuntivo. No Cadro 4.1 resúmese o modelo de Álvarez e Xove (2002) para o(s) modo(s) do verbo.

A proposta de Álvarez e Xove (2002) explica a expresión lingüística de certos contidos modais (modos da irrealidade e da probabilidade) botando

Cadro 4.1.: O modo verbal en galego (Álvarez & Xove, 2002, p. 267)

	INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
	non-probable	*probable*		
non-irreal	presente pretérito futuro copretérito antepretérito pospretérito	futuro pospretérito	presente pretérito	imperativo
irreal	pospretérito copretérito antepretérito		pretérito	

man dun sistema complexo que comprende a morfoloxía modotemporal do verbo. Neste sentido, a proposta sitúase na liña dos tratamentos feitos desde a Gramática Cognitiva, que consideran o tempo verbal unha unidade cunha importante carga modal. Porén, como se pode ver no Cadro 4.1, non hai nada que opoña indicativo a subxuntivo, pois (os tempos de) ambos os modos participan da distinción irreal/non-irreal. O único que distingue indicativo de subxuntivo é que este ten a capacidade de crear mundos irreais que negan a realidade (contrafactuais) e aquel só a de situar eventos neses mundos. As distincións irreal/non-irreal e probable/non-probable son útiles á hora de comprender o complexo comportamento do modo verbal, pero a súa substancia semántica resulta ampla de máis ao non só incluír distincións de factualidade e probabilidade, senón tamén estar asociada a nocións como a atenuación ou a cortesía, as cales, sen lugar a dúbidas, gozan dun status independente.

O comportamento do modo verbal en galego (e seguramente na maioría de linguas con esta categoría morfolóxica) parece ser demasiado complexo como para ser explicado en termos dun único factor subxacente. En galego, o modo gramatical serve para expresar distincións de factualidade e de modalidade oracional e interactúa de maneiras complexas con marcadores de modalidade epistémica como os adverbios[7]. Ademais,

[7] Adverbios como quizais ou probablemente permiten que o verbo da oración que modalizan alterne entre os modos indicativo e subxuntivo (e.g., *quizais está/estea*

certos tipos de oracións (completivas) seleccionan un determinado modo, sen que este feito se poida vincular a un valor semántico particular. Isto recorda, en certa medida, a outro dos grandes enigmas das linguas, o xénero dos substantivos, unha categoría aparentemente baleira desde o punto de vista semántico pero que en determinadas ocasións contribúe a establecer oposicións de significado (vid. e.g., Dubert García, 2010). Asumir que o modo debe ser o reflexo formal dun único dominio funcional e que o seu comportamento responde sempre a contrastes de significado quizais constitúa un caso do que Langacker (1987, p. 28) chamou "the exclusionary fallacy", unha simplificación das análises, moi frecuente nos estudos de lingüística, consistente en excluír a posibilidade de varias explicacións para un mesmo fenómeno.

Como conclusión, é evidente que os modos e, particularmente, o modo verbal non son os medios exclusivos (nin principais) para a expresión de contidos modais. É máis, non está claro que ningún dos modos (verbal ou oracional) exprese algunha das categorías da modalidade tal e como se entenden tradicionalmente (vid. §2.2.1, p. 18). O gran peso que teñen nas análises lingüísticas os elementos gramaticais contribúe a obviar a complexidade que pode alcanzar a expresión de certas coordenadas semánticas, nalgunhas das cales adoita darse un reparto de tarefas entre instrumentos gramaticais e instrumentos léxicos.

4.1.2. Evidencialidade

A evidencialidade goza dun lugar preeminente na lingüística actual, especialmente nas escolas funcional e tipolóxica, mais non sempre foi así. As linguas que sentaron as bases da tradición lingüística europea, a saber, grego e latín, non posúen unha categoría gramatical que corresponda de maneira clara ao concepto de evidencialidade. Este xorde cando se comezan a estudar de maneira seria as diversas linguas do mundo, particularmente as de América do Norte. Segundo Aikhenvald (2004, pp. 12–13), foi posiblemente Franz Boas, a comezos do século XX, o primeiro en referirse á evidencia como unha noción de expresión obrigatoria a través de medios gramaticais en certas linguas. O uso actual do termo como equivalente a fonte[8] de información (máis que relacionado coa evidencia)

alí)

[8] Izquierdo Alegría (2019) mostra a variedade de referentes a que se pode aplicar este substantivo e, en xeral, a vaguidade con que se usa na literatura sobre eviden-




Figura 4.1.: Divisións tradicionais da evidencialidade (baseado en Willett, 1988, p. 57).

debémosllo a Roman Jakobson. Durante a década de 1980, os estudos sobre evidencialidade consolídanse e a partir de 1990 comeza a aplicarse a noción ás linguas europeas. Isto tivo como resultado a explosión bibliográfica sobre a evidencialidade que presenciamos nas dúas últimas décadas e que chega ata hoxe.

O traballo de Willett (1988), xa clásico, pode considerarse aínda representativo da visión estándar da evidencialidade. A división principal dáse entre o acceso directo ou indirecto á información. No primeiro caso, a falante coñece o EdC a través dalgún dos seus sentidos, principalmente a vista ou o oído. No segundo caso, a falante ben deduce o evento a partir de feitos presenciados ou coñecidos (evidencialidade inferida), ben chega a saber del por medio da comunicación con outras persoas (evidencialidade reportada). A Figura 4.1 resume a visión de Willett (1988) sobre a área conceptual da evidencialidade.

Na morfoloxía verbal do tuiuca (tucanoa), unha das linguas cun sistema gramatical de evidencialidade máis complexo, podemos ver as

cialidade. O autor introduce unha tripla distinción que pretende descompoñer os conceptos que subxacen ao uso de *fonte*, a saber: modo de acceso á información (directo, reportativo, inferencial), as bases da información (sensoriais, enunciativas, cognitivas) e a fonte de información (o "axente" que crea a información). Mentres que as dúas últimas son relevantes para comprender o funcionamento das expresións evidenciais no nivel epistemolóxico, son os modos de acceso os que reciben codificación lingüística.

principais distincións ilustradas por Willett (1988):

(38) a. Directa: visual
díiga apé-wi
'Xogou ao fútbol' [vino xogar]

b. Directa: auditiva
díiga apé-ti
'Xogou ao fútbol' [escoiteino a el e o partido, pero non os vin]

c. Indirecta: reportada
díiga apé-yigi
'Xogou ao fútbol' [obtiven a información doutra persoa]

d. Indirecta: inferida
díiga apé-yi
'Xogou ao fútbol' [dedúzoo a partir de evidencia: vin a súa pegada no campo] (Barnes, 1984, p. 257)

Nesta lingua de América do Sur, a evidencialidade é parte da morfoloxía verbal, de modo que é obrigatorio referirse ao modo de acceso á información cando se emprega un verbo. En linguas carentes desta categoría no verbo, é posible expresar estas mesmas distincións, botando man de adverbios e partículas ou de construcións máis complexas. Xustamente este é un dos maiores problemas na delimitación do concepto de evidencialidade: na tipoloxía lingüística, con Aikhenvald (2004) á cabeza, só se aplica o termo a expresións gramaticalizadas do modo de acceso á información, mentres que na lingüística ocupada das linguas europeas se entende como unha área conceptual de expresión variada, aplicable, por exemplo, a verbos e adverbios. Así, a evidencialidade chega a ser entendida, nalgúns casos, como unha noción próxima a posicionamento ou *stance* (e.g., Chafe, 1986; vid. §3.3, p. 58). Non deixa de ser irónico que a lingüística (eurocéntrica) privilexie os recursos gramaticais particulares das linguas de Europa nalgúns casos, por exemplo os verbos auxiliares e o modo verbal no estudo da modalidade, e estenda a caracterización de nocións como a evidencialidade para poder aplicalas ás linguas que centran o seu interese.

A delimitación conceptual da evidencialidade tampouco está exenta de debates. Tense asociado a dimensións semánticas como a *miratividade* ou

marcaxe da información como inesperada ou sorprendente (e.g., Aikhenvald, 2012; DeLancey, 2001; Lazard, 1999) e á *(inter)subxectividade* ou calidade do xuízo en tanto que individual ou compartido con outros (Nuyts, 2001a, 2001b). Mais sen dúbida é a fronteira entre modalidade epistémica e evidencialidade a que máis interese atraeu.

Propuxéronse todo tipo de ligazóns entre evidencialidade e modalidade epistémica. Algúns autores consideran a evidencialidade parte da modalidade epistémica ou tan intimamente relacionada con ela como para considerar ambas o mesmo subtipo de modalidade (e.g., Chafe, 1986; Palmer, 1986). Outros trátanas como categorías diferentes dentro dun subtipo de modalidade epistemolóxica ou proposicional (e.g., Boye, 2005; Palmer, 2001). Entre aqueles que separan os dous dominios, algúns inclúen a evidencialidade entre as categorías modais (e.g., Chung & Timberlake, 1985; Hengeveld, 2004; Narrog, 2005b) e outros non (e.g., Aikhenvald, 2004; Bybee et al., 1994; de Haan, 2006; González Vázquez, 2006). Outros autores (Narrog, 2009, pp. 10–11; Nuyts, 2017; van der Auwera & Plungian, 1998) inclúen a evidencialidade inferencial na modalidade (epistémica) e deixan fóra do ámbito modal o resto de categorías evidenciais.

A confusión conceptual entre as dúas categorías ten que ver co carácter deíctico e subxectivo da evidencialidade, que conecta coas definicións da modalidade en termos de actitude e non-factualidade. Desta maneira, non é estraño que se procuren correspondencias entre valores evidenciais e valores de modalidade epistémica. Por exemplo, Bybee et al. (1994) afirman que "an indirect evidential, which indicates that the speaker has only indirect knowledge concerning the proposition being asserted, implies that the speaker is not totally committed to the truth of that proposition and thus implies an epistemic value" (p. 180). Porén, parecen existir numerosos contraexemplos desta postura (Aikhenvald, 2004; Cornillie, 2009; González Vázquez, 2006, pp. 101–134). Givón (1982, pp. 34–35) exemplifica a falta de correspondencia entre grao de certeza e valor evidencial coa narración da vida de Buda en sherpa (sinotibetana) por parte dun lama: non existe un relato máis verdadeiro para un budista e, aínda así, o monxe conta a historia empregando o marcador de evidencia reportada, tipicamente asociado ao distanciamento co dito. Resulta difícil (e quizais sexa imposible) establecer vínculos estables entre valores evidenciais e epistémicos.

Con todo, é certo que son moi comúns os problemas para distinguir evidencialidade inferida de modalidade epistémica en pezas lingüísticas como o futuro epistémico/inferencial e o auxiliar *deber* (no caso do galego habería que incluír tamén certos usos de *haber*). Un caso curioso é o de Palmer (1986, 2001), que considera as inferencias en linguas como o inglés e o alemán, sen evidencialidade gramatical, "xuízos epistémicos dedutivos" e en linguas como o tuiuca, onde a evidencialidade si é codificada na gramática, "funcións evidenciais".

En relación co chamado futuro epistémico/inferencial, como viamos en §4.1.1 (p. 76), algúns autores considérano puramente evidencial, outros puramente epistémico e outros recoñécenlle un carácter híbrido. Squartini (2008) propón unha escala da inferencialidade, que ten nun dos extremos o tipo de razoamento máis subxectivo, denominado "conxecturas", e no outro o máis obxectivo, baseado en evidencias externas e chamado *inferencias circunstanciais*. Entre os dous, as "inferencias xenéricas", feitas con base no coñecemento do mundo, potencialmente compartido[9]. Segundo o autor, o futuro do italiano serve para expresar inferencias xenéricas, (39a), e conxecturas, (39b), mais non inferencias circunstanciais, (39c).

(39) a. [Suonano alla porta] *Sarà* il postino.

b. [Suonano alla porta] Non aspettavo nessuno; *sarà* Gianni.

c. ??[Indicando un ragno] Attento, *sarà* ancora vivo, perché ho visto che si muove. (Squartini, 2008, pp. 923–924)

As conxecturas expresadas mediante o futuro italiano poden corresponder a diferentes valores de modalidade epistémica, como mostra a súa combinación con adverbios de certeza como *sicuramente* 'certamente', (40a), e de posibilidade como *forse* 'quizais', (40b).

(40) a. [Suonano alla porta] *Sarà* sicuramente il postino.

b. [Suonano alla porta] Forse *sarà* il postino. (Squartini, 2008, p. 926)

[9]Nótese que esta escala deriva dunha distinción, dentro do modo de acceso inferencial, entre *bases* informativas (cf. Izquierdo Alegría, 2019): sensorial no caso das inferencias circunstanciais, cognitiva no caso das inferencias xenéricas e ausencia de base nas conxecturas.

Os exemplos de (40) virían demostrar que o futuro epistémico é, na realidade, inferencial e que a inferencialidade é distinta da modalidade epistémica, pois, segundo Squartini (2008), o futuro codifica diversos tipos de evidencialidade inferencial, os cales poden corresponder a forzas epistémicas diferentes. Non obstante, Pietrandrea (2005, pp. 70–72, 93–98) argumenta contra o carácter evidencial do futuro do italiano e considérao unha forma puramente epistémica non marcada canto ao grao de certeza. De maneira semellante, González Vázquez (2006, p. 160) exclúe o carácter inferencial das formas de futuro do español.

No tocante ao auxiliar *deber* e equivalentes noutras linguas, algúns autores (Aikhenvald, 2004; de Haan, 2006) negan totalmente o seu carácter inferencial. Porén, numerosos traballos recoñecen o carácter evidencial (tanto inferencial como reportativo) das formas romances *deber*, *devoir* e *dovere* e das xermánicas *moeten* e *must* (e.g., Cornillie, 2009; Pietrandrea, 2005; Squartini, 2004, 2008). Xunto co futuro, Squartini (2008) tamén estuda o *dovere* do italiano. O comportamento do auxiliar é diferente ao do futuro, pois aquel pode aparecer en contextos de inferencia xenérica, (41a), e circunstancial, (41c), mais non de conxectura, (41b). Ademais, *dovere* combínase con *sicuramente*, mais non con *forse*, (42).

(41) a. [Suonano alla porta] *Deve essere* il postino.

b. ??[Suonano alla porta] Non aspettavo nessuno; *deve essere* Gianni.

c. [Indicando un ragno] Attento, *deve essere* ancora vivo, perché ho visto che si muove. (Squartini, 2008, pp. 922–924)

(42) a. [Suonano alla porta] *Deve essere* sicuramente il postino.

b. ??[Suonano alla porta] Forse *deve essere* il postino. (Squartini, 2008, p. 926)

Pensemos agora en como encaixan os mecanismos equivalentes do galego nestes contextos. En principio, tanto os usos epistémicos/inferenciais do futuro e de *deber* amosan a mesma distribución que os datos do italiano:

(43) a. [Chaman á porta] *Será*/*debe ser* o carteiro.

b. [Chaman á porta] Non esperamos a ninguén; *será*/??*debe ser* Xan.

c. [Sinalando unha araña] Coidado, aínda ??*estará*/*debe estar* viva,

vina moverse.

A coincidencia tamén se dá no relativo á colocación con adverbios epistémicos: ambas as formas colocan facilmente con adverbios de probabilidade, (44a), e, en certa medida, tamén de certeza, (44b), mais só o futuro admite tamén adverbios de posibilidade, (44c).

(44) a. [Chaman á porta] Probablemente *será*/*debe ser* o carteiro.

b. [Chaman á porta] Sen dúbida *será*/*debe ser* o carteiro.

c. [Chaman á porta] Quizais *será*/??*debe ser* o carteiro.

Con todo, a aceptabilidade de (44a) é maior que a dos outros dous casos. Ademais, non está claro que os contextos que emprega Squartini (2008) sirvan para illar significados inferenciais. Se colocamos adverbios epistémicos prototípicos nos mesmos contextos, obtemos distribucións similares:

(45) a. [Chaman á porta] *Probablemente*/*quizais* é o carteiro.

b. [Chaman á porta] Non esperamos a ninguén; ??*probablemente*/*quizais* é Xan.

c. [Sinalando unha araña] Coidado, *probablemente*/??*quizais* aínda está viva, vina moverse.

Un adverbio como *probablemente* ten a mesma distribución que o auxiliar *deber*: pode aparecer en contextos de inferencia xeral ou circunstancial, mais non en conxecturas. *Quizais*, pola súa parte, ten a mesma distribución que o futuro verbal: é compatible coa inferencia xeral e a conxectura, mais non coa inferencia circunstancial. De Haan (2001, p. 8) emprega contextos deste tipo para mostrar que formas, para el, epistémicas tanto fortes (e.g., *deber*) canto débiles (e.g., *poder*) poden asociarse ao procesamento de evidencias. De Haan (2001) tamén afirma que ambos os tipos de marcadores epistémicos son fontes diacrónicas de evidenciais, negando así a relación inherente entre modalidade epistémica forte (necesidade) e inferencialidade.

A modalidade epistémica e a inferencialidade son áreas nitidamente separadas no terreo conceptual (Cornillie, 2009, pp. 57–59; Nuyts, 2017, pp. 72–73). Ambas están conectadas desde o punto de vista lóxico, pois implican un proceso de razoamento a partir de evidencias orientado a

avaliar o status factual dun EdC[10]. A separación das dúas categorías radica en que cada unha delas se refire a unha parte diferente dun mesmo proceso cognitivo. A modalidade epistémica codifica o resultado dese proceso, en termos de graos de probabilidade, e nada di do proceso en si mesmo. Si que implica, ás veces de maneira moi forte, que existe evidencia para levar a cabo o xuízo, mais non apunta cara a estas probas de maneira directa. A inferencialidade fai referencia ao propio proceso de razoamento e outórgalle un grao de fiabilidade, pero non codifica a probabilidade de que teña lugar o EdC. Con certeza, cando unha falante expresa, por exemplo, alta fiabilidade da inferencia dun EdC é fácil entender que tamén ve como altamente probable a súa realización. Non obstante, non se pode perder de vista que estamos ante dúas categorías conceptuais separadas que denotan aspectos diferentes dun mesmo proceso de razoamento.

Que pasa, entón, con casos como os das formas verbais de futuro (futuro e pospretérito) e o auxiliar *deber* (e *haber*)? Cara a que parte do proceso apuntan? Xa que é difícil atopar contextos que admitan recursos evidenciais e exclúan os epistémicos ou viceversa, parecería que a única alternativa é atender á interpretación que teñen as formas nun mesmo contexto. Porén, a construción de contextos ad hoc e a interpretación destes adoita favorecer as inclinacións da autora que os leva a cabo, como apunta a variedade de ditames sobre o valor destas formas.

No caso do galego, tanto Álvarez e Xove (2002, pp. 280–281, 343–354) como Freixeiro Mato (2006b, pp. 349–354, 470–473) etiquetan como epistémicos os usos en cuestión das formas verbais de futuro e dos auxiliares *deber* e *haber*, o cal parece apuntar cara a un claro consenso no valor destas formas en galego. Con todo, hai que ter en conta que nestes traballos non se considera a inferencialidade como categoría semántica.

Queda aínda outra opción para esclarecer a semántica destas formas en disputa: a evidencia de corpus. Na segunda parte deste traballo, deterémonos a explorar a posibilidade de combinar certos adverbios epistémicos coas formas verbais sinaladas. Os exemplos de uso real poden ser moi esclarecedores sobre este particular, tanto en termos cualitativos

[10] A posibilidade epistémica constitúe unha excepción, na medida en que non implica, no plano puramente semántico, a existencia de tal proceso, senón simplemente que o emisor carece de argumentos que neguen a existencia do EdC. Con todo, o común é que os xuízos en termos de posibilidade epistémica posúan algún tipo de apoio xustificativo e rara vez sexan verdadeiras declaracións de ignorancia (vid. Przyjemski, 2017, pp. 187–190).

como cuantitativos.

4.2. As fronteiras da modalidade epistémica

Esta sección é, en boa medida, semellante á anterior, no sentido de que trata de *que non é* a modalidade epistémica. Porén, o vínculo entre as categorías lingüísticas que se tratan aquí e a modalidade epistémica non recibiu tanta atención, por carecer da sistematicidade e centralidade no ámbito gramatical que posúen as categorías TAME. Nos apartados desta sección, achegarémonos á (inter)subxectividade (§4.2.1), concepto que foi entendido de maneiras diversas e que garda estreita relación coa modalidade e o seu desenvolvemento histórico, e á atenuación e o reforzo (§4.2.2), nocións pragmáticas baixo as cales se adoita incluír certas categorías modais, particularmente as epistémicas e evidenciais.

4.2.1. (Inter)subxectividade

A subxectividade é unha noción de aparición serodia nos estudos lingüísticos. Unha das primeiras mencións parece ter lugar no traballo de Bréal sobre semántica do ano 1900 (Traugott & Dasher, 2002, p. 19) e a súa presenza na lingüística ten precedentes en Francia e Xapón na década de 1930. Con todo, non é ata a década de 1990 cando aparecen os primeiros libros monográficos sobre o tema (Iwasaki, 1993; Stein & Wright, 1995) e hai que esperar ata os 2000 para que a dimensión diacrónica da (inter)subxectivización atraia unha atención ampla nos estudos lingüísticos, fundamentalmente a raíz do traballo de Traugott e Dasher (2002) (Narrog, 2012, p. 1). Na lingüística cognitiva e funcional actual circulan tres nocións influentes de (inter)subxectividade, directamente relacionadas, respectivamente, co traballo de Langacker (1990, 1991a, pp. 315–342, 2000, pp. 297–316), Nuyts (2001a, 2001b, 2014, 2015) e Traugott (1989, 2010; Traugott & Dasher, 2002). Moitos outros autores encargáronse de deitar luz sobre as diferenzas e os vínculos existentes entre estas tres posturas e alcanzaron a conclusión, na maioría dos casos, de que pouco teñen que ver entre si (e.g., Brisard, 2006; Krawczak, 2016; López-Couso, 2010; Narrog, 2012, pp. 13–46, 2016; Nuyts, 2012; Portner, 2009, pp. 122–129; Verstraete, 2001). A discusión é, sen dúbida, extensa de máis para lle facer xustiza aquí, de maneira que, nas páxinas que seguen, tratarei

só aquelas nocións de interese inmediato para o presente traballo (é dicir, aquelas de que se fará uso na súa segunda parte). Isto implica centrar a discusión nas ideas de Nuyts e Traugott.

A subxectividade está asociada á modalidade epistémica polo menos desde Lyons (1977). Para explicar como entende a relación entre as dúas nocións, o lingüista inglés emprega o seguinte exemplo:

(46) Alfred may be unmarried. (Lyons, 1977, p. 797)

Segundo Lyons (1977), hai dúas maneiras en que (46) pode ser interpretado. Na primeira e máis común, a falante cualifica subxectivamente o enunciado baseándose na súa propia incerteza. Na segunda e máis marcada, a falante presenta o EdC como unha posibilidade obxectiva. Para este último caso, Lyons (1977) propón un escenario en que a falante sabe que Alfred pertence a unha comunidade de 90 persoas e que 30 delas están solteiras, mais non sabe cales. Nesta situación, a emisora pode empregar (46) para indicar que existe unha posibilidade matematicamente computable (1/3) de que Alfred estea solteiro. Contraponse, así, a existencia dunha posibilidade ou probabilidade obxectiva de que algo sexa o caso a un sentimento subxectivo de incerteza acerca dun evento hipotético. A oposición obxectivo/subxectivo, tal e como a entende Lyons ou en termos moi próximos, gozou dunha gran difusión na lingüística cognitiva e funcional, especialmente en traballos ocupados da modalidade (e.g., Coates, 1983; Dik, 1997; Hengeveld, 1988; Olbertz & Dall'Aglio Hattnher, 2018; Palmer, 1986; Rodríguez-Espiñeira, 2010), mais tamén foi adoptada na escola formalista (Kratzer, 1981/2002).

Nuyts (2001b, 2012) sinala que, para Lyons (1977), un mesmo enunciado, como (46), pode expresar ambos os tipos de modalidade e que o contexto é o único factor que serve para decidir que valor se está a empregar. Para Nuyts (2001b, 2012), isto comporta a dificultade de facer operativa a distinción á hora de analizar expresións modais e, desde a perspectiva oposta, indica que as falantes non marcan explicitamente o contraste. E isto último fai dubidar de que a dimensión, tal e como a entende Lyons (referida á calidade da evidencia que conduce ao xuízo modal), xogue un papel na modalización epistémica dos enunciados.

Como alternativa, Nuyts (2001a, 2001b, 2014, 2015) propón repensarmos a intuición sobre o carácter subxectivo das expresións modais desde unha perspectiva netamente funcionalista. Así, se reparamos en

que fan as falantes cando expresan cualificacións modais de EdCs, a interpretación máis adecuada da subxectividade, di Nuyts, terá que ver coa responsabilidade da avaliación modal. Desta maneira, Nuyts reformula a distinción botando man das etiquetas "subxectivo" e "intersubxectivo": unha avaliación modal (epistémica, deóntica...) é subxectiva cando se presenta como responsabilidade única do suxeito que emite o xuízo e é intersubxectiva se é presentada como compartida entre o avaliador e outros individuos[11]. A codificación desta dimensión non se leva a cabo directamente a través dos marcadores modais, senón que depende da súa sintaxe e, particularmente, da posibilidade de deixar trazas do avaliador nos marcadores. Isto restrinxe a expresión da distinción ás categorías predicativas (verbos léxicos e adxectivos), de maneira que, nos usos performativos (vid. §3.1.3, p. 47), un suxeito en primeira persoa expresa subxectividade e un suxeito impersoal intersubxectividade. En consecuencia, adverbios e verbos auxiliares non codifican esta dimensión, pois non teñen a capacidade de controlar un suxeito gramatical, e son considerados formas neutras. Nuyts exemplifica estas ideas cos seguintes casos de modalidade epistémica e deóntica:

(47) a. *I think* they left already. [epistémico subxectivo]
I really regret that they left already. [deóntico subxectivo]

b. *It is quite probable* that they left already. [epistémico intersubxectivo]
It is unacceptable that they left already. [deóntico intersubxectivo]

c. They *probably* left already. [epistémico neutral]
Unfortunately they left already. [deóntico neutral]

d. They *may well* have left already. [epistémico neutral]
They *must* leave right away. [deóntico neutral]
(Nuyts, 2012, p. 59)

A (inter)subxectividade tal e como a entende Nuyts é unha dimensión semántica que responde a certas necesidades comunicativas: responsabilizarse un mesmo dun xuízo evitando implicar os demais, contrapor a propia opinión a outras posicións opostas, indicar que a propia posición

[11] Nun primeiro momento, Nuyts (2001a, 2001b) presenta o seu concepto de (inter)subxectividade como unha dimensión da evidencialidade, status que posteriormente lle negará (Nuyts, 2012, 2017).

non é illada e estritamente persoal, manifestar a existencia de acordo entre interlocutores... Aínda que o autor non aclara cal é o status teórico da (inter)subxectividade, si afirma que se trata dunha categoría allea ao plano das cualificacións de EdCs, de maneira semellante á miratividade (Nuyts, 2017). De feito, estas dúas dimensións *parasitan* outras expresións, principalmente modais, mais entre estas últimas existen recursos considerados neutros que non marcan (inter)subxectividade (ou miratividade), como se ve en (47). É dicir, a (inter)subxectividade é codificada polas falantes como unha dimensión das expresións modais só cando é necesario facelo por motivos discursivos e, por iso, a lingua ofrece recursos que son neutros en termos desta categoría semántica.

Os conceptos de Lyons e Nuyts foron formulados no contexto das cualificacións modais. Aínda que con frecuencia é usada neste mesmo contexto, a noción de (inter)subxectividade de Traugott xurdiu no marco doutra discusión: está implicada nos seus estudos sobre mudanza diacrónica, que xiran arredor do proceso de (inter)subxectivización. A subxectivización refírese á tendencia das formas lingüísticas a desenvolver, a partir de significados "obxectivos" (relativos á descrición do mundo), significados de tipo "subxectivo" relacionados coa expresión da posición da falante a respecto do mundo obxectivo, isto é, "attitudes and beliefs" (Traugott, 2010, p. 35). Polo tanto, a subxectividade de Traugott oponse á obxectividade, conformando así unha oposición que lembra fortemente á formulada orixinalmente por Lyons, que a autora recoñece tomar como punto de partida (Traugott, 2010, p. 33). A intersubxectivización constitúe un paso ulterior á subxectivización, segundo o cal as formas lingüísticas con semántica subxectiva evolucionan cara a significados orientados ao receptor. Isto último debe entenderse en sentido amplo, pois a intersubxectividade de Traugott non só inclúe usos de formas lingüísticas que serven para regular a interacción entre interlocutores (e.g., marcadores de cortesía), senón tamén aqueles encargados da organización do texto. Cómpre apuntar que a intersubxectividade non é incompatible coa subxectividade. Ao contrario, aquela implica un certo grao desta. Un exemplo xa clásico de (inter)subxectivización é a evolución dos verbos auxiliares modais (e.g., Nuyts & Byloo, 2015; Traugott & Dasher, 2002, Capítulo 3). En resumo, a (inter)subxectividade de Traugott comprende, en realidade, a tríade obxectividade/subxectividade/intersubxectividade e esta distinción é relevante principalmente para o estudo diacrónico do

significado.

Os significados modais, no marco establecido por Traugott, encaixan no nivel da subxectividade. Nuyts (2012) intenta conciliar a visión diacrónica da autora coa súa propia xerarquía conceptual de cualificacións de EdCs, representada en (19), p. 48. Desta maneira, a subxectivización correspondería a un ascenso na escala de cualificacións, que supón un incremento progresivo do papel xogado pola información allea ao propio EdC e, polo tanto, polo suxeito cualificador. O feito de que as categorías máis subxectivas no sentido de Traugott (a saber, as modais) dependan fortemente do avaliador fai que adoito sexa relevante esclarecer se o xuízo que transmiten é (inter)subxectivo no sentido de Nuyts. E este é o maior punto de contacto entre os dous conceptos de (inter)subxectividade ilustrados. A coincidencia de etiquetas quizais fose inevitable, pois ambas as nocións xiran arredor dun *suxeito*, pero o potencial de confusión é real. Neste traballo, discutiranse ambas as nocións, de maneira que as mencións a cada unha delas serán debidamente desambiguadas.

4.2.2. Atenuación e reforzo

O reforzo e a atenuación son fenómenos da produción lingüística que serven para manipular a forza ilocutiva dun acto de fala. Trátase de recursos pragmáticos que actúan no nivel interpersoal (intersubxectivo no sentido de Traugott): concretamente, son estratexias discursivas (fenómenos lingüísticos) ao servizo da (des)cortesía (fenómeno social) (Albelda Marco & Barros García, 2013, p. 37). As dúas estratexias son, en boa medida, unha o espello da outra: a atenuación ten como finalidade reducir a forza ilocutiva dun acto de fala, mentres que o reforzo aumenta a implicación da falante no acto comunicativo (cf. Albelda Marco, 2007, pp. 113–114; Albelda Marco & Barros García, 2013, pp. 37–38, 41). Atenuación e reforzo gardan, ademais, numerosos paralelismos, como a relación co concepto de escala(ridade) (Albelda Marco, 2007, pp. 116–133; Bazzanella, Caffi & Sbisà, 1991; Labov, 1984; Mihatsch & Albelda Marco, 2016), a súa vinculación coa lingua oral[12] e a gran variedade de recursos formais de que se serve a súa expresión, que comprende elementos dos niveis fónico, morfosintáctico e léxico-semántico.

[12] Unha importante referencia neste sentido é o traballo do grupo Val.Es.Co (vid. http://www.valesco.es/).

Outro punto de contacto entre ambas as nocións é a súa división en dous subtipos segundo alcancen o contido semántico do enunciado ou a forza ilocutiva do acto de fala, ou, nos termos de Briz Gómez (1998), atenuación/intensificación "de lo dicho" vs. "del decir", respectivamente[13]. Considero que esta distinción produce confusión e debe ser evitada: empregar, por exemplo, un cuantificador como *un pouco* para modificar o contido semántico dunha parte do enunciado ("atenuación de lo dicho") é unha operación netamente diferente de, por exemplo, presentar unha orde na forma dunha pregunta para que aquela lle resulte menos agresiva ao interlocutor ("atenuación del decir"). A primeira operación pertence ao ámbito da representación do significado, mentres que a segunda se move no terreo da xestión do acto comunicativo. A modificación da forza ilocutiva dun acto de fala realízase, necesariamente, mediante a modificación do compoñente significativo do enunciado. Así, dicir que alguén está *un pouco bébedo* cando é incapaz de falar por causa da ebriedade constitúe un caso de atenuación da forza ilocutiva cuxo obxectivo é reparar a imaxe pública do referente do suxeito sintáctico. Pero o feito de que certos tipos de recursos (cuantificadores minimizadores, adverbios de incerteza) sexan frecuentemente utilizados para modificar a forza ilocutiva non debe facer perder de vista que estas pezas lingüísticas teñen a súa propia semántica, independente das estratexias discursivas a que poidan servir. O estudo dos marcadores epistémicos (e evidenciais) en relación coas nocións de atenuación e reforzo enfronta, precisamente, este tipo de problemas.

Atenuación

A modalidade epistémica supón a cualificación dun EdC como posible ou máis ou menos (im)probable. Isto constitúe, nos casos da posibilidade e da baixa (im)probabilidade, un menor compromiso da falante co contido do enunciado, pois expresa a súa falta de certeza sobre a verdade do EdC. Este aspecto inherente a boa parte da escala epistémica é tomado desde os estudos de atenuación como un signo de redución da forza ilocutiva do acto de fala e, en consecuencia, como froito dunha estratexia discursiva atenuadora. Así, Caffi (2007) considera que o uso de *probabilmente* por parte dun médico en (48) é un caso de atenuación, pois o adverbio

[13] Unha distinción semellante é a feita por Caffi (2007) entre *bushes* e *hedges*.

"weakens the speaker's degree of certainty about the whole proposition: the overall effect on the utterance is that the diagnosis is downgraded to a hypothesis" (p. 103).

(48) probabilmente è una conseguenza di un problema intestinale che è cominciato con l'influenza eh? (adaptado de Caffi, 2007, p. 103)

Desde este punto de vista, todo uso literal dunha expresión epistémica de posibilidade ou (im)probabilidade constitúe un caso de atenuación, pois o que define semanticamente estas unidades (o seu valor epistémico) é a redución do grao de veracidade do dito, comunmente coa finalidade de formular hipóteses sobre feitos. Neste panorama, a fronteira entre o contido semántico das expresións epistémicas e o seu uso pragmático (en termos estratéxicos ou doutro tipo) queda desfigurada ao identificar automaticamente a semántica da incerteza cunha estratexia pragmática de atenuación[14]. Cómpre preguntarse se o uso dunha forma de dúbida transmite o estado mental da emisora ou se (ademais) ten como obxectivo conseguir algún tipo de efecto especial no discurso. Só no segundo suposto deberiamos falar de estratexia discursiva.

Aínda que non sempre é doado separar a modalidade epistémica dos seus usos estratéxicos, é posible facer operativa a distinción. Para o caso da atenuación, Briz e Albelda (2013, pp. 302–303) recoñecen tres funcións fundamentais, todas elas ao servizo da xestión das imaxes públicas dos interlocutores: autoprotección[15], prevención e reparación. Na súa análise das expresións adverbiais de evidencialidade en español, Albelda Marco (2016) ten en conta a implicación da imaxe como criterio fundamental para recoñecer os usos atenuadores dos marcadores evidenciais. Os seus resultados mostran que non hai unha correspondencia perfecta entre evidencialidade e a atenuación así entendida: esta última é moi frecuente nas conversas e entrevistas, xéneros caracterizados pola interacción directa entre interlocutores, e apenas ten presenza na prosa xornalística e nos debates políticos, onde predominan as funcións evidencial pura e disociativa, respectivamente. Estes resultados (e os doutros estudos similares

[14] Un exemplo recente témolo en Hummel (2018), que emprega *epistemic mitigation* para se referir aos adverbios epistémicos que diminúen o compromiso coa veracidade do enunciado.

[15] O recoñecemento desta función desminte o vínculo, previamente proposto (Briz Gómez, 1998, p. 106), entre reforzo e falante, por unha parte, e entre atenuación e oínte, por outra.

como Albelda Marco, 2018; Estellés Arguedas & Albelda Marco, 2017; Figueras Bates, 2018) revelan a importancia da imaxe na caracterización da atenuación como fenómeno discursivo.

Os marcadores de modalidade epistémica como mecanismos de atenuación son aínda máis difíciles de detectar que os evidenciais e, probablemente, constitúen o tipo de atenuación máis difícil de recoñecer (vid. Albelda Marco, 2010). Se a semántica epistémica é susceptible de usos estratéxicos atenuadores, estes deben darse en oracións declarativas, pois os usos performativos das expresións epistémicas só son posibles neste molde formal. Isto non quere dicir, porén, que os usos atenuadores destas expresións se limiten a actos de fala asertivos (prototipicamente expresados mediante oracións declarativas), senón que tamén son posibles en actos directivos, comisivos e, mesmo, quizais, expresivos[16].

(49) [A e B teñen unha reunión ás 12h e son as 11:55h; neste contexto, A dille a B:] *Quizais* debemos ir indo.

Nun exemplo como (49), o adverbio epistémico *quizais* é empregado pola falante para converter unha orde nun EdC hipotético, conseguindo así que a súa intervención resulte menos impositiva sobre o oínte. O mesmo enunciado sen o adverbio constituiría unha orde directa que ameazaría de maneira máis grave a imaxe do interlocutor.

Casos como (49) son relativamente fáciles de detectar, pois o tipo de acto de fala apunta directamente á implicación das imaxes dos interlocutores. Os casos problemáticos desde o punto de vista da atenuación son aqueles en que as expresións epistémicas de posibilidade e (im)probabilidade forman parte dun acto de fala asertivo, pois moitas veces é difícil saber se expresan unicamente unha dúbida xenuína da falante (e neste caso non estariamos ante atenuación) ou se conforman unha estratexia para reducir unha potencial ameaza á imaxe pública dun individuo (e aquí si sería pertinente falar de atenuación). A dificultade de identificación en actos de fala asertivos estriba na imposibilidade de acceder directamente á intención da falante e no feito de que, en moitos casos, é moi difícil coñecer a súa intención a partir dos datos dispoñibles, mesmo se se posúe información detallada sobre as condicións de emisión.

Estes atrancos están relacionados co que Verschueren (1999, pp. 46–

[16] Dada a súa natureza, nos actos de fala declarativos non son pertinentes as estratexias atenuadoras nin a modalización epistémica.

49) denomina "o problema da intencionalidade", provocado polo xiro pragmático en lingüística: se pensamos na concepción estándar da teoría dos actos de fala (Austin, 1962), empregar a lingua consiste na expresión dun estado mental por parte da emisora e a interpretación da lingua redúcese á recuperación dese estado mental por parte do receptor. É dicir, o éxito da comunicación lingüística conséguese ao alcanzar un estado de coñecemento mutuo das intencións entre os interlocutores. Porén, é evidente que o receptor pode activar significados diferentes aos que orixinalmente foron concibidos de maneira intencional pola emisora (e dar lugar a malentendidos, a intervencións irónicas etc.). Polo tanto, "there is a need for *a pragmatic return to meaning in its full complexity*, allowing for interacting forces of language production and interpretation, and doing full justice to the central role of meaning in human reality" (Verschueren, 1999, p. 48).

O significado lingüístico depende de factores non lingüísticos que van ben máis alá da intención da emisora e que se adoitan recoller baixo a etiqueta de "contexto". Entender o contexto é, pois, unha tarefa ineludible na análise do significado. Neste sentido, Albelda Marco (2010) propón unha serie de criterios para o recoñecemento da atenuación. Aínda que concibidos para a análise de conversas, estes criterios son aplicables, na súa maioría, a calquera tipo de texto. Alén da implicación das imaxes públicas dos interlocutores, a autora ten en conta os seguintes factores:

- *Trazos situacionais.* Favorecen a presenza da atenuación un marco de interacción transaccional (fronte a un familiar ou cotián), as relacións de desigualdade funcional ou social entre os interlocutores (fronte ás de igualdade), o descoñecemento mutuo das persoas implicadas na interacción (fronte ás relacións de proximidade) e a procedencia da falante dunha cultura de distanciamento (fronte á pertenza a unha cultura de achegamento).
- *Tipo de acto de fala.* Coñecer o tipo de acto de fala e a súa forza ilocutiva axuda a entender a intención da emisora. Neste terreo, é relevante tamén observar se se verifica a correspondencia prototípica entre a forma da oración e o tipo de acto de fala. Isto é especialmente común no caso dos actos directivos, pois a súa forma canónica, o modo imperativo, tende a evitarse por motivos de cortesía (Aikhenvald, 2016, pp. 158–164; Brown & Levinson, 1987, pp. 132–144). Se a forza ilocutiva non se transmite de forma directa

(se a correspondencia prototípica non se dá), o máis probable é que estea en xogo algún tipo de estratexia atenuadora.

- *Atenuación dos asertivos.* O primeiro consello de Albelda Marco (2010, p. 61) para recoñecer a atenuación nos actos asertivos con cualificación epistémica de incerteza é distinguir entre opinións e "aserciones de hechos factuales". No primeiro caso, o uso de formas de dúbida habitualmente responde a unha estratexia atenuadora. Con todo, saber se un acto asertivo constitúe unha opinión ou non seguramente sexa unha tarefa probablemente tan complicada como a detección da propia atenuación. En calquera caso, a autora segue profundando e distingue:
  - A atenuación dos asertivos dirixida a *protexer a imaxe do oínte*. Algúns factores favorecen a implicación da imaxe do interlocutor e, en consecuencia, o uso de atenuación, como as temáticas conflitivas que poidan provocar a expresión do desacordo, as respostas negativas que contradín o exposto por outros, a adxacencia e interrelación entre as emisións dos interlocutores e mecanismos metalingüísticos como o roubo da quenda, a interrupción ou a digresión.
  - A atenuación dos asertivos dirixida a *protexer a imaxe da falante*. A intención de protexer a propia imaxe pode detectarse atendendo a se a unidade modal epistémica está integrada nunha intervención maior ou se aparece soa. Segundo a autora, neste último caso, é menos probable a atenuación, pois o marcador modal non acompaña o contido que resulta problemático para a falante. Tamén hai que incluír aquí a reformulación e a corrección do contido e a anticipación de posibles elementos negativos, factores que apuntan cara á presenza de partes da mensaxe comprometedoras para a emisora.

A importancia das expresións epistémicas de incerteza no conxunto das estratexias atenuadoras parece ser notable. Segundo Albelda Marco e Cestero Mancera (2011, pp. 19–20), trátase dun recurso moi frecuente que no seu corpus de lingua oral constitúe máis do 12 % dos artefactos atenuadores. Non obstante, as autoras non explican se contabilizan todas as formas de incerteza como atenuadoras ou só aquelas que poden analizarse como tal segundo os criterios anteriores.

Tomemos agora a perspectiva da modalidade epistémica como subsistema lingüístico e o papel que lle corresponde á atenuación en tal contexto. Nuyts (2001a) recoñece a estratexia discursiva como un dos factores funcionais que inflúen no uso das expresións epistémicas. Este factor recolle a observación de que as unidades epistémicas son empregadas con frecuencia para obter certos efectos especiais na interacción. En concreto, Nuyts (2001a) relaciona a atenuación (*mitigation* no orixinal) cos verbos cognitivos e a xestión da argumentación cos auxiliares e adverbios modais que expresan posibilidade.

Os efectos atenuadores dos verbos cognitivos derivan das súas propiedades semánticas, isto é, da subxectividade (no sentido de Nuyts) e da vaguidade do valor epistémico expresado (Nuyts, 2001a, p. 162). Un exemplo típico de uso atenuador destes verbos témolo no *creo* de (50), onde o contido cualificado compromete claramente a imaxe do receptor.

(50) *Creo* que tes un problema coa bebida.

O estudo pormenorizado do contexto é fundamental para saber, mesmo nos casos prototípicos, se estamos ante un uso atenuador da semántica epistémica. Con todo, é difícil imaxinar unha situación en que (50) non resulte agresivo para a imaxe do receptor e o verbo cognitivo non realice a función de reducir o impacto do contido sobre a imaxe do interlocutor.

Con xestión da argumentación, Nuyts (2001a) refírese a usos dos auxiliares modais como o do exemplo neerlandés de (51).

(51) *Deze betekenisverandering kan volgens Jespersen verklaard worden door het feit dat kinderen de uitdrukking 'to count one's beads' onbewust anders gingen analyseren dan hun ouders, de vorige generatie. Deze factor kan een rol gespeeld hebben, maar het is onmogelijk om dit te bewijzen.*

'According to Jespersen, this meaning change can be explained by the fact that children unconsciously started to analyze the expression "to count one's beads" differently from their parents, the previous generation. This factor can/may have played a role, but it is impossible to prove this.' (Nuyts, 2001a, p. 225)

Este uso consiste en cualificar un argumento alleo como posible para, deste xeito, indicar que a emisora non quere ou non pode rexeitalo mais tampouco o apoia. Como o propio Nuyts (2001a, p. 225) sinala,

o principal propósito desta estratexia é evitar danar a imaxe de quen emitiu o argumento inicialmente. Parece, entón, que estamos ante un caso de atenuación: o que fai a emisora é expresar o seu rexeitamento de maneira suavizada por razóns de cortesía.

Neste exemplo, o acto que se leva a cabo de maneira cortés é o rexeitamento e este non se consegue (só) mediante a expresión modal. Tanto (51) como o exemplo que fornece Nuyts (2001a, p. 226) como uso argumentativo dun adverbio epistémico teñen en común que a oración cualificada polo elemento modal é seguida por outra oración introducida por un nexo adversativo. É esta última a que serve para rexeitar e a primeira a que consegue o efecto atenuador, mais é necesaria a coordinación das dúas para que a estratexia de cortesía funcione. Estamos ante un caso de atenuación a través dun recurso concesivo: a emisora recoñece que non pode negar total ou parcialmente a postura contraria e, desta maneira, contrarresta as potenciais discrepancias e danos de imaxe (vid. Albelda Marco & Cestero Mancera, 2011, pp. 29–31; Briz Gómez, 1998, p. 149; Couper-Kuhlen & Thompson, 2000; Haverkate, 1994, pp. 118–120). O mesmo efecto conséguese se empregamos unha expresión cun valor epistémico oposto á posibilidade:

(52) *Certamente*, existen obras que se presentan e comercializan en formato dixital, pero non son maioría nin moito menos a data de hoxe.
(1990, Ensaio, CERTENSA0256, CORGA)

O adverbio *certamente* en (52) reforza o contido do primeiro membro da estrutura coordinada, creando así un contexto de concesión en que a introdución da desconformidade resulta menos agresiva. Trátase da mesma estratexia seguida en (51). Hai, porén, un aspecto que paga a pena mencionar: *certamente* reforza o contido do primeiro membro, mentres que o modal (ou un adverbio como *quizais*, para o caso) o cualifica como unha posibilidade. Isto é, pode darse unha diferenza na forza que se lle outorga á concesión ("canto" decide a falante conceder), mais o mecanismo de atenuación é independente de tal diferenza (esta última depende directamente de factores contextuais como os contidos do discurso ou as relacións entre os interlocutores). De feito, nun caso como (52), a presenza do adverbio de reforzo non é requisito para que haxa atenuación: (52) sen *certamente* consegue o mesmo efecto[17]. Debemos concluír, polo

[17]Este método de supresión da forma candidata a atenuante é empregado por Bazza-

tanto, que a estratexia de atenuación mediante concesión é independente das expresións epistémicas e dos marcadores de atenuación e reforzo e, en consecuencia, que non existe un uso argumentativo dos auxiliares e adverbios epistémicos (senón, en todo caso, da concesión). É significativo, neste sentido, que, nun traballo posterior con outros investigadores (Byloo, Kastein & Nuyts, 2007, p. 48), Nuyts non recoñeza como independentes os usos concesivos dos adverbios *certainly* do inglés e *zeker* do neerlandés e atribúa a emerxencia do valor concesivo á interacción co contexto.

A atenuación no uso de expresións epistémicas está directamente vinculada á implicación da imaxe pública dos interlocutores. Así, podemos distinguir entre usos epistémicos xenuínos, como o de (48), onde o único que fai o adverbio é cualificar o EdC como probable, e usos de marcadores epistémicos onde está presente unha estratexia de atenuación, como (50), en que o verbo cognitivo suaviza a forza do enunciado para que o seu contido resulte menos agresivo para a imaxe do interlocutor.

Reforzo

O fenómeno do reforzo foi moi pouco atendido, en especial se se compara co grande interese que provocou a atenuación (Schneider, 2017, p. 24). Unha importante referencia sobre esta categoría pragmática é a obra de Albelda Marco (2007). A autora destaca a vaguidade na definición tradicional do reforzo, a diversidade de fenómenos que se inclúen baixo a etiqueta e o resultante escaso poder explicativo de tal achegamento (Albelda Marco, 2007, pp. 21–44, 105–108). Por exemplo, desde o punto de vista retórico, o reforzo adoita asociarse a conceptos amplos como *expresividade*, *énfase* e *posta de relevo*. Como alternativa, Albelda Marco (2007, pp. 108–114) achégase ao reforzo desde tres niveis: codificado, comunicativo e social. Como no caso da atenuación, o que interesa tratar aquí é o nivel social: no relativo ao nivel codificado, este traballo só se ocupa daqueles recursos formais que son marcas de modalidade epistémica

nella et al. (1991). Certamente, o efecto da supresión é diferente co modal de (51). Isto débese a que unha aserción sucinta (i.e., non cualificada) se interpreta como certa (de maneira que un marcador de certeza é, por definición, semanticamente redundante), mentres que as expresións de incerteza achegan un contido diferente ao valor non-marcado da aserción sucinta. Como se verá máis adiante, este feito pode ter importancia para entender as diferenzas nas relacións, por unha parte, da atenuación e, pola outra, do reforzo coa modalidade epistémica.

e, desde o punto de vista comunicativo, considérase que o reforzo é unha estratexia consistente en aumentar o grao de forza ilocutiva dun acto de fala. Queda por saber, non obstante, que relación existe entre reforzo e (des)cortesía no nivel social.

O reforzo pode servir tanto para levar a cabo actos corteses como descorteses (compárese, neste sentido, os efectos que adoita ter o reforzo do acordo cos asociados ao reforzo do desacordo) e ten diversos efectos no plano social, entre os que destaca o reforzo da imaxe do oínte mediante actos corteses (por exemplo, para incrementar a forza dun eloxio). Poderiamos, entón, establecer un criterio segundo o cal a estratexia discursiva do reforzo non se relacione de maneira biunívoca cun determinado efecto social, senón que teña como constante a implicación da imaxe dos interlocutores, á maneira do proposto para a atenuación. Hai, porén, motivos para dubidar do paralelismo entres as dúas estratexias neste aspecto.

O recurso á imaxe dos interlocutores no recoñecemento da atenuación é un requisito para conseguir que a noción sexa produtiva na análise lingüística: todo apunta a que os recursos empregados para atenuar posúen sempre algunha outra función, que é principal (por exemplo, nos marcadores epistémicos, un determinado valor de probabilidade constitúe unha parte constante da súa semántica), e que a atenuación emerxe da interacción entre esta función e o contexto, de maneira que a implicación da imaxe é chave para recoñecela. Se non fose así, sería esperable atopar repertorios de operadores de atenuación nos tratados sobre marcadores do discurso, mais este non é o caso[18]. Pola contra, si atopamos nestes traballos "operadores de reforzo argumentativo" (Freixeiro Mato, 2005, pp. 105–106; Portolés, 1998, pp. 143–144), que son, en moitos casos, marcadores epistémicos e evidenciais de tipo adverbial mais tamén formas especializadas na marcaxe do reforzo, como *efectivamente* ou *por suposto*.

Sen dúbida, estas ideas requiren de verificación empírica. A segunda parte deste traballo dedicarase ao estudo dalgúns adverbios epistémicos e, entre outros factores, estudarase a importancia da estratexia discursiva no seu uso. Contamos, non obstante, con, polo menos, un traballo previo

[18] Aínda que normalmente non aparece nos listados de marcadores do discurso, *por favor* é probablemente unha excepción, pois a súa función básica é reducir a forza ilocutiva dun acto directivo (isto é, atenualo), xeralmente ao servizo da cortesía. Con todo, trátase dun recurso tipicamente asociado a circunstancias moi concretas (actos de fala directivos do tipo petición) cuxo repertorio de valores contextuais aínda non foi estudado en profundidade.

que é iluminador neste sentido. Byloo et al. (2007) estudan os adverbios *certainly* do inglés e *zeker* do neerlandés. Distinguen varios usos ou significados en contexto, entre os cales se contan a modalidade epistémica e o reforzo (*strengthening* no orixinal). Os seus resultados mostran unha predominancia do reforzo e unha evidente marxinalidade da modalidade epistémica, tanto en termos de frecuencia como de independencia. O reforzo é o uso máis frecuente en *certainly* e ten bastante importancia en *zeker*, mentres que a modalidade epistémica é o uso con menor presenza nas dúas pezas lingüísticas. Ademais, este último uso ten un alto índice de ambigüidade co reforzo, mentres que o oposto non é o caso.

No equivalente galego destas formas, podemos atopar facilmente casos de reforzo en que unha lectura epistémica ('é 100 % probable') non é posible e o reforzo da aserción é o único que dá conta do uso do adverbio. Isto é moi evidente no caso de (53), onde *certamente* aparece no contexto do verbo *constatar*.

(53) No seu ir e vir a domicilio coa súa ilustrada mercadoría, Suso constatou que *certamente* os xeranios son xenerosos regalando primores florais, pero piden coidados. (1998, Narrativa, CERTNARR0385, CORGA)

Nos usos atenuadores dos marcadores epistémicos resulta moi complexo separar a estratexia discursiva da semántica modal, pois parece que aquela se constrúe en contexto a través desta (por exemplo, ao expresar unha afirmación na forma dunha hipótese). Este non parece ser o caso do reforzo, que conta con marcadores especializados. O porqué desta asimetría entre reforzo e atenuación probablemente ten que ver co que podemos chamar o "paradoxo da certeza" —"the fact that we only say we are certain when we are not" (Halliday, 2004, p. 625)—, é dicir, co feito de que cualificar un EdC co máximo valor epistémico, no canto de empregar unha aserción sucinta, adoito ten efectos pragmáticos aparentemente indesexados, como indicar que a falante non está realmente segura do que di (pois precisa redundar na certeza). O reforzo é moito máis prominente desde o punto de vista do discurso que a certeza e non comporta os problemas desta. Isto explicaría a existencia dunha clase de marcadores do discurso especializada na marcaxe do reforzo e a presenza marxinal do valor epistémico de certeza nos usos lingüísticos. Nun sentido semellante, un marcador discursivo de atenuación en actos de fala asertivos traizoaría o seu propósito, ao facer ostensible unha estratexia que debe pasar

desapercibida. Doutro xeito, estaría a potenciar as ameazas á imaxe, ao chamar a atención sobre a súa existencia[19].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[19] Non se pode dicir o mesmo dos actos directivos (especialmente as peticións), porque a propia natureza do acto de fala implica potenciais danos para a imaxe do receptor, de aí a viabilidade do *por favor*.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. Modalidades *sen* modalidade

Os capítulos anteriores achegáronnos ás principais maneiras de entender o concepto de modalidade, con énfase nas aproximacións funcionalistas, e discutiron a relación da modalidade (epistémica) con certas categorías categorías lingüísticas que lle son próximas en diferentes sentidos. Neste breve capítulo, sintetízanse as principais razóns que fan da modalidade unha etiqueta de uso pouco recomendable e propóñense as liñas mestras para un marco de traballo alternativo.

As categorías incluídas baixo o paraugas da modalidade son diversas e, para unificalas, adoita empregarse algún criterio semántico. No modelo de mundos posibles, recórrese ás nocións de necesidade e posibilidade, entendidas xeralmente como categorías discretas que conforman unha distinción binaria, especialmente nos marcos formais (vid. §2.3.1, p. 28) mais non só (e.g., van der Auwera & Plungian, 1998). Un problema deste enfoque é que as modalidades deóntica e epistémica comprenden máis valores que os reflectidos nesta oposición binaria, isto é, conforman unha escala. Unha variante deste achegamento propón recoñecer o carácter escalar das categorías modais, identificando os seus valores con diferentes niveis de non-factualidade. Este achegamento supera as dificultades da postura binaria, pero comporta o mesmo problema de fondo: a falta dunha substancia semántica común, unha definición coherente da modalidade como espazo conceptual. Neste sentido, o recurso á non-factualidade como principio unificador parece arbitrario, na medida en que separa valores que a todas luces pertencen a unha mesma área semántica: é o caso, por exemplo, da certeza, claramente un valor epistémico (unha avaliación de probabilidades) e factual (unha avaliación como 100 % probable) e, por isto último e de acordo co modelo de mundos posibles e as súas variantes, non modal.

O modelo cognitivo da dinámica de forzas enfronta problemas semellantes. A dinámica de forzas proporciona unha estrutura conceptual para un conxunto de sistemas cognitivos, entre eles a linguaxe. Neste último caso, a dinámica de forzas actúa cunha función estruturadora a

través de varios niveis lingüísticos, dotando de coherencia conceptual dominios non relacionados. Así, este modelo pode ser empregado para caracterizar un amplo abano de categorías lingüísticas, de modo que non é útil para agrupar as clases modais tradicionais. De feito, a modalidade concíbese, neste marco, asociada a diversos esquemas mentais de dinámicas de forzas, mais sen se lle outorgar un concepto propio e común a todas as súas manifestacións. Ademais, se consideramos categorías modais concretas, como a modalidade epistémica, resulta difícil comprender que motivaría a redución dos seus valores a outra categoría conceptual, como a dinámica de forzas, pois os xuízos de probabilidade, neste caso, e, en xeral, as avaliacións de EdCs son ferramentas básicas na interacción dos seres humanos co mundo (Nuyts, 2009). Lampert e Lampert (2000) levan a cabo un extenso repaso crítico da modalidade desde unha perspectiva cognitiva, prestando especial atención ao modelo de dinámica de forzas, e conclúen que "it seems in principle impossible to provide a holist characterization of Modality that would be based on a common conceptual substance. (...) *as a cognitively valid category Modality is simply gratuitous* [destaque meu]" (Lampert & Lampert, 2000, p. 296).

Se admitimos que a modalidade tal e como foi tradicionalmente entendida carece de xustificación como categoría conceptual, cabe preguntarse que propiciou o seu éxito como categoría de análise lingüística. Unha razón de peso é a existencia dunha forte tendencia entre as linguas máis estudadas, isto é, as europeas, a posuír unha categoría gramatical, a dos verbos auxiliares modais, que exprese todos os significados da modalidade tradicional ou, cando menos, varios deles (vid. §3.4, p. 64). Esta conexión entre os tres valores modais tradicionais non se verifica só na polisemia dos auxiliares, senón tamén no desenvolvemento semántico destas pezas lingüísticas, que comeza nos significados dinámicos, pasa polos deónticos e chega, finalmente, aos epistémicos, tanto no plano diacrónico (Traugott, 2006) como no ontoxenético (Hickmann & Bassano, 2016). Expresións non gramaticais do contido modal (e.g., verbos léxicos, adverbios, adxectivos) habitualmente carecen da polisemia dos auxiliares, non mostran a mesma evolución e suscitan un interese dificilmente comparable ao suscitado polos verbos modais. Ademais, o emprego do sistema de auxiliares como principal expoñente da modalidade explica que a evidencialidade e outros dominios sexan frecuentemente excluídos

da nómina de categorías modais. A relevancia outorgada aos auxiliares como expresións gramaticais sen dúbida xogou un papel importante na xestación dun concepto de modalidade escasamente coherente. Para Lampert e Lampert (2000, p. 296), a única razón que xustificaría manter a categoría da modalidade sería a de fornecer un correlato semántico para a categoría formal dos verbos modais, o cal equivalería a abrazar un mandato claramente determinado por unha ideoloxía eurocéntrica.

Os inconvenientes anteriores manifféstanse na dificultade para ordenar ou delimitar o espazo modal e na proliferación de propostas de clasificación e son recoñecidos, dunha maneira ou doutra, por moitos autores na literatura funcionalista:

> The different notions generally subsumed under the heading "modality" do not seem to represent a single and coherent semantic category. (Hengeveld, 1987, p. 56)
>
> Mood and modality are not so easily defined as tense and aspect (...). In fact, it may be impossible to come up with a succinct characterization of the notional domain of modality and the part of it that is expressed grammatically. (Bybee et al., 1994, p. 176)
>
> (...) the phenomena which are discussed in the literature under the labels of "mood" and "modality" do not constitute a unified semantic domain which could be given a single cover-definition. (Dik, 1997, p. 241)
>
> Modality and its types can be defined and named in various ways. There is no one correct way. (van der Auwera & Plungian, 1998, p. 80)

Porén, son moi poucos os que cuestionan a conveniencia de seguir empregando o concepto de modalidade como categoría de análise lingüística, probablemente porque tal proceder requiriría propoñer alternativas e deconstruír un campo de estudo que leva décadas, se non séculos, establecido.

A proposta revisionista máis interesante e mellor artellada seguramente sexa a de Nuyts (2005), que parte da idea de que os distintos tipos de modalidade son, en realidade, nocións semánticas bastante diverxentes entre si. Seguindo a tendencia da gramática funcionalista, Nuyts (2005) sitúa as diferentes categorías modais no contexto do sistema de cualificacións de eventos, isto é, á par doutros mecanismos que serven para modificar, localizar e avaliar EdCs (vid. §3.1.3, p. 47). Os distintos

tipos de cualificacións considéranse cognitivamente básicos e universais e conforman unha xerarquía que se manifesta lingüisticamente no seu alcance semántico respectivo. Polo tanto, as modalidades epistémica e deóntica ou a evidencialidade deben ser estudadas de maneira autónoma, no mesmo nivel de análise que o tempo ou o aspecto. Tanto estes como aquelas son susceptibles dunha definición básica, á diferenza do que acontece co concepto de modalidade.

A modalidade é un dominio que só se pode caracterizar aludindo ás nocións semánticas concretas que engloba, o cal lle recoñece un certo status, mais estes deriva necesariamente do que teñen en común as categorías que inclúe. O ingrediente principal desta nova receita da modalidade é a problemática noción de actitude: as cualificacións modais serven para expresar diferentes tipos de actitudes da falante en relación co EdC. Desta maneira, modalidade equivale a avaliación actitudinal, o cal elude os atrancos de empregar a noción de actitude en sentido amplo, pois, en tanto que avaliacións (un tipo de cualificacións de EdCs), as modalidades deben axustarse a unha serie de trazos (cf. Nuyts, 2017, pp. 62–66):

- Estrutura escalar. O dominio semántico de cada modalidade está constituído por tres ou máis valores que corresponden a diferentes graos dunha mesma propiedade.
- Alto alcance semántico. As cualificacións modais operan sobre o EdC, mais tamén sobre outros operadores do EdC como o aspecto ou a localización temporal e espacial. Isto quere dicir que unha expresión modal non ve limitado o seu significado por, por exemplo, un marcador temporal.
- Carácter performativo. Os marcadores modais non se limitan a describir a actitude do emisor, senón que a performan, no sentido de que constitúen un compromiso do emisor con esa actitude, é dicir, identifícano como responsable dese xuízo.

Esta redefinición da modalidade carrea unha revisión do mapa de categorías modais en, polo menos, dúas direccións. Por unha parte, a modalidade debe excluír certas categorías tipicamente consideradas modais, por non se axustaren aos criterios definitorios da modalidade, e incluír outras tipicamente non consideradas modais, por si responderen a estes criterios. O primeiro dos supostos ten como albo principal a

modalidade dinámica, cuxos valores non conforman unha escala, senón unha oposición binaria, cuxo alcance semántico é moito menor que o (do resto) das cualificacións modais e que non ten carácter peformativo, senón que está orientada ao primeiro argumento do EdC (vid. Gisborne, 2007; Nuyts, 2005, 2017)[1]. Na situación oposta encóntranse a modalidade afectiva (a expresión do (des)gusto a respecto do EdC) ou a evidencialidade inferencial, que cumpren os requisitos esixidos e deben ser incluídas na nómina de categorías modais.

Por outra parte, cómpre remodelar a estrutura interna de certas categorías a fin de acomodalas aos criterios establecidos. A evidencialidade ten valores inferenciais, que son modais no sentido proposto, e valores reportativos e experienciais, que non están orientados á falante nin conforman unha escala e, en consecuencia, non son modais[2]. De maneira semellante, a modalidade deóntica debe ser restrinxida a graos de aceptabilidade e necesidade morais, nas liñas suxeridas por Nuyts et al. (2010) ou Van linden e Verstraete (2011), gañando así coherencia semántica e abrindo a porta ao recoñecemento da diversidade formal da súa expresión.

Recoñecer que as cualificacións de EdCs poden ser agrupadas baixo unha mesma etiqueta non debe escurecer unha consecuencia fundamental deste marco alternativo: a modalidade tórnase nunha noción pouco relevante, cun status parello, por exemplo, ao dunha potencial noción de "situación" referida a cualificacións localizadoras de EdCs como o tempo e o espazo.

[1] É pertinente sinalar que Dik (1997, pp. 241–242) lle outorga un status periférico á súa modalidade inherente, equivalente á dinámica, que, recoñece, menciona na discusión das categorías modais unicamente porque o desenvolvemento desta "modalidade" adoita dar lugar a marcadores máis estritamente modais.

[2] A inclusión da inferencialidade entre as categorías modais e a exclusión do resto de dominios evidenciais do ámbito da modalidade non é en absoluto novidoso e ten precedentes en traballos como os de Narrog (2009, pp. 10–11), Nuyts (2017) e van der Auwera e Plungian (1998).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Part II.

Epistemic modality in the adverbial domain

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. A corpus study

This second part of the thesis zooms in on epistemic adverbs. The reasons why adverbs were chosen as a case study among the range of epistemic expressions were introduced in Chapter 1. Essentially, they have to do with two facts: (i) adverbs are supposed to be an unmarked form for the expression of epistemic meaning, and (ii) they nevertheless exhibit a remarkable internal diversity that remains unaccounted for. Epistemic adverbs will be surveyed using corpus data. This is a methodological chapter instrumental to the other chapters in this part of the thesis, each of which makes use of the same data for different, but converging, purposes.[1] First (§6.1), I will present the empirical basis for the corpus study. Then (§6.2, p. 126), I will explain and illustrate the variables the data were coded for. Finally (§6.3, p. 137), the statistical methods will be introduced.

6.1. Corpus design

This study considers epistemic modality by focusing on six adverbs: *certamente*, *seguramente*, *probablemente*, *posiblemente*, *quizais*, and *se cadra*. The reasons why these forms were chosen are addressed in the next chapter, and I shall not repeat them here. Suffice it to say that they account for the main possibilities as far as the adverbial expression of epistemic modality is concerned. The six adverbs were studied through the use of present-day language data, which were extracted from the biggest corpus for Present-Day Galician, CORGA (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 2017). In its version 3.0, CORGA had almost 37 million words of (mostly written) language from 1975 to 2014. The scarcity of spoken material (in CORGA and other corpora[2]) led me to exclude spoken language from the corpus study.

[1] Data samples and annotation sheets are available at https://osf.io/ya2zn/.

[2] CORILGA (Regueira Fernández, 2021) is a corpus of spoken Present-Day Galician, in the last stages of development. Searches for the six epistemic adverbs in this

Table 6.1.: Written genres and their sizes in CORGA 3.0

Genre	Words	Documents
Narrative	11,690,708	1,872
Drama	1,352,573	171
Essay	7,687,668	685
Press	15,177,115	45,276

Electronic corpora are usually divided in several genres or text types (i.e., sets of stereotyped linguistic contexts). I will consider register as the linguistic variety appropriate to a particular context. Genres have some readily identifiable features, one of which is typically a register specific to that genre.

CORGA features four written genres: narrative and dramatic prose (both fictional), and essayistic and journalistic prose (both non-fictional). The dramatic genre (namely, plays and scripts) in CORGA consists of more than a million words, but, with the exception of *quizais*, epistemic adverbs do not show up more than 55 times each. Since such frequencies are insufficient to carry out a quantitative corpus study, the present survey revolves around the three remaining written genres.

The sizes of the written genres in CORGA 3.0 are shown in Table 6.1. Narrative prose has a size of more than 11 million words coming from almost 1,900 different documents. It consists of two subgenres: novels and short stories. In terms of text typology it is probably the most uniform of the three genres considered here. Essayistic prose (or: essay) is the smallest of the three genres both in number of words (less than 8 million) and documents (less than 700). It includes such diverging subgenres as textbooks, memoirs, scientific articles, and informative texts (i.e., popular science). Journalistic prose (or: press) is the biggest in size, amounting to more than 15 million words from more than 45,000 different documents. It contains texts from newspapers, magazines, and blogs. Journalistic texts tend to be short in comparison with narrative and essayistic texts, whence the high number of documents in journalistic

corpus returned no more than a handful of examples in each case (52 was the best outcome). In the spoken component of CORGA results were not better, ranging from 0 to 39 occurrences depending on the adverb.

Table 6.2.: Search strings and forms retrieved by lemma

Lemma	Search string(s)	Form(s) retrieved
certamente	<certamente*>	*certamente, certaméntes certamentes*
seguramente	<seguramente*>	*seguramente*
probablemente	<probab*mente*>	*probabelmente, probablemente*
posiblemente	<posib*mente*>	*posibelmente, posiblemente*
quizais	<quiza*>	*quizá, quizabes, quizais, quizás*
se cadra	<s? c*adra> /<secadra>	*se cadra, se cuadra, si cadra, si cuadra / secadra*

prose relative to the other genres.

CORGA is an electronic corpus that provides a built-in search engine, allowing for the use of wild cards, such as <*>, for any number of characters, and <?>, for one character, and different kinds of filters. Table 6.2 shows the search strings used to retrieve the forms corresponding to each of the lemmas.

Adverbs were searched using the corresponding search strings and the filters for genre provided by CORGA. *Quizais* occurs more than 7,300 times, being by far the most frequent lemma, with more than double the occurrences of the next most frequent item on the list, *se cadra* (with more than 3,500 occurrences). The four -*mente* adverbs range from around 1,100 to around 2,000 occurrences.

The raw data extracted from CORGA consisted of occurrences of the adverbs in a linguistic context, accompanied by metadata such as the title of the document containing the text, its author, its year of publication, or the part of the document where the text appears (e.g., body, prologue, appendix). Most of this information turned out to be useful in drawing up the final samples. An additional metadatum was added to every example, namely an identifier made up of the first four letters of the lemma plus the first four letters of the genre (in Galician) plus four digits, so that, for instance, the first occurrence of *certamente* in essay would be identified as CERTENSA0001.

Raw samples consist of all the occurrences of an adverb in one of the genres, totaling 17,368 occurrences (or: observations) distributed across 18 samples (i.e., one sample per adverb and genre). Given material

Table 6.3.: Number of different authors by sample

Lemma	Genre	Authors
certamente	essay	70
certamente	narrative	84
certamente	press	100
seguramente	essay	57
seguramente	narrative	100
seguramente	press	100
probablemente	essay	100
probablemente	narrative	84
probablemente	press	100
posiblemente	essay	73
posiblemente	narrative	52
posiblemente	press	100
quizais	essay	100
quizais	narrative	100
quizais	press	100
se cadra	essay	45
se cadra	narrative	100
se cadra	press	100

limitations and the in-depth nature of the analysis, not all observations could be considered. Therefore, the final samples were limited to 100 occurrences of an adverb in one of the genres, resulting in 1,800 analyzed observations.

Prior to data selection, observations occurring in prologues and appendices were excluded from the samples of narrative prose and from most essay samples – there were no prologues or appendices in journalistic prose. Observations in prologues were kept, however, in some of the essay samples (namely, those for *certamente* and *seguramente*) because of a lack of data and the similarities of the register used in prologues with the essayistic register. In practice, only four observations occurring in prologues made it into a sample.

A major concern in selecting the data was author representativeness. Language is, in general, highly sensitive to individual preferences. As an

example, Kratochvílová (2018, p. 44) shows that the ratio of subjunctive selection after Spanish *quizá(s)* can range from 100% in a given author to 20% in another one. In the ideal case, every observation in a sample should correspond to a different author. This was achieved in some samples, but not all. The number of different authors by sample is gathered in Table 6.3. The goal of a unique author per observation was achieved in all press samples, no doubt due to the high number of documents in this genre. The high frequency of *quizais* overall made it easy to reach the diversity goal in all three genres, though this was not the case of the rest of the lemmas.

After determining the number of different authors in every raw sample, observations were randomly selected from the raw data with the help of LibreOffice Calc `RAND()` function, trying to represent as many authors as possible and include the smallest number of observations by the same author.

In addition to the above restrictions, observations were excluded on linguistic grounds. The main objective of this study is to delve into (the expression of) epistemic modality. Thus, observations were left out if they met any of the following criteria:

- *The adverb has non-sentential scope.* This covers the rare cases where the adverb functions as a manner adjunct within the verb phrase, as well as more usual cases in which it acts as a "post-manner" (i.e., (inter)subjective in Traugott's sense) device, but scopes over just a part of the state of affairs (SoA) (e.g., *He is at home, probably since yesterday*). This also includes the very frequent uses of *certamente* as an adjective intensifier (e.g., *certamente bo* 'really good').
- *The adverb scopes over a sentence with no finite verb.* The categories of analysis include mood and time reference of verb forms. In order to study these categories, observations with an adverb scoping over a non-finite verb form (an infinitive, a gerund, or a participle) had to be excluded.
- *The verb form is ambiguous between two morphological categories.* For some verb forms ending in *-ra*, it could not be determined whether they corresponded to the *antepretérito* (pluperfect), an indicative tense, or the past subjunctive. Therefore, observations with ambiguous *-ra* forms were left out.

Further exclusions happened because of a lack of context or clarity.

6.2. The variables

The way adverbs function needs to be examined in the context in which they are used. Thus, the analysis takes, for the most part, a syntagmatic approach, focusing on co-appearing expressions and the properties of the linguistic context. The restrictions laid out above allowed for a high degree of consistency to be reached as regards linguistic context. This, in turn, facilitated the inclusion of a relatively high number of variables in the analysis. Alongside the syntagmatic variables, other categories concerning the functioning of the adverb (e.g., in terms of performativity) and the extra-linguistic context were considered. The observations in the final samples were annotated for all variables, which are illustrated in the following pages.

A final step in the annotation process was to ascribe one or more meaning categories to every adverb in every observation. This required a contextualization process that went beyond syntagmatic factors, and involved looking at the context of production and reception of texts in a broad sense in order to understand and obtain information on what adverbs do in the utterances they appear in. This part of the analysis will be the focus of Chapter 8.

6.2.1. The adverbial phrase

Adverbial phrases are, at least in Galician, quite simple compared to verb and noun phrases. Phrases headed by epistemic adverbs are even simpler, since they can only take one modifier, which is necessarily a quantifier. In my dataset, the only modifiers found were *moi* 'very' and *máis* 'more'. This variable provides us with information on the gradability and specificity of the semantic value encoded by the adverb.

6.2.2. The verb phrase

All observations included in the samples feature a finite verb form. I considered mood (indicative or subjunctive) and lemma (i.e., the lexical item the finite verb belongs to, cited by the infinitive form, plus the lexical

formant clitic, if there is one[3]). I did not include tense as a variable, since it correlates with temporal reference, which is covered in the study and has a more obvious relation with epistemic modality. Nevertheless, I did code the data for morphological tense,[4] for instrumental purposes – see below the indications concerning the annotation of modal future forms.

In the immediate periphery of the finite verb we find another relevant variable, polarity. Data were coded for negative polarity if the finite verb was under the scope of an *n*-word, such as *non* 'no', *nin* 'nor', *nada* 'nothing', *ninguén* 'nobody', *nunca* 'never', or *tampouco* 'neither', and for affirmative polarity otherwise.

In some cases, the finite verb was a modal auxiliary. Modal auxiliaries are characterized by considerable polysemy. When a particular occurrence of a modal auxiliary could be interpreted as (near-)epistemic (i.e., epistemic and/or inferential) the lemma of the modal (*deber*, *haber*, *poder*, *ter*) was added to the annotation. If the modal had dynamic, deontic, directive, or other value, but no (near-)epistemic interpretation, it was not reflected in the annotation.

Another way the finite verb may express (near-)epistemic values is by means of the "modal future." Example (28), p. 78, illustrates this category. In essence, modal uses arise in future-oriented indicative tenses (viz. the so-called *futuro* 'future' and *pospretérito* 'future preterite' or conditional) when, instead of conveying a future perspective from a present or a past reference point, they locate the SoA in the present or the past, adding a (near-)epistemic flavor. Thus, annotating modal future values was a matter of matching a tense form with its time reference: when the *futuro* had present time reference and the *pospretérito* had past time reference (as opposed to their prototypical values 'future' and 'future-in-the-past',

[3]This captures, for instance, the difference between *deber* 'must' and *deberse (a)* 'be due (to)'.

[4]Excluding the potential ambiguity of *-ra* forms, annotating tense in Galician is straightforward. There are six indicative tenses – *presente* (e.g., *como* 'I eat'), *futuro* (e.g., *comerei* 'I will eat'), *pretérito* (e.g., *comín* 'I ate [perfective]'), *copretérito* (e.g., *comía* 'I ate [imperfective]'), *antepretérito* (e.g., *comera* 'I had eaten'), *pospretérito* (e.g., *comería* 'I would eat') – and two subjunctive tenses – *presente* (e.g., *coma*) and *pretérito* (e.g., *comese*). As for the future subjunctive, it has been lost in spoken Present-Day Galician and confined to very formal written registers (see Freixeiro Mato, 2006b, pp. 359–370). In the samples of written language used here, it did not show up.

respectively), observations were coded as modal future.[5]

A variable that no doubt transcends the limits of the verb phrase, but is worth discussing in relation to verb morphology is time reference. In its most basic account, time reference comprises three categories (past, present, and future), which do not exhaust temporal distinctions, but are usually adequate for most purposes. I drew on this "simplistic" system, and further distinguished future-in-the-past and indeterminate time reference. The former is associated with modality and factuality, whereas the latter corresponds to cases in which the SoA cannot be located in the time axis – typical instances include "generic statements" such as *growing up is probably just a matter of getting to know oneself*. Cases of ambiguous time reference, that is, an observation that could be assigned more than one temporal value, were excluded.

Future-in-the-past and its relation with tense are worth further discussion. Romance languages have a tense form that expresses future-in-the-past time reference and counterfactual reality status, often dubbed "the conditional" and regarded as a non-indicative mood by some authors (see Thieroff, 2010, pp. 11–14). As Thieroff (2010) argues, conditional forms have modal uses, just like past and future tense forms, and should not be considered independent moods. The modal uses of conditional forms emerge as implicatures from the combination of past time reference and future potentiality (cf. Verstraete, 2005): when the speaker uses a form that conveys a future perspective from a past reference point she implies that the SoA did not happen, since, in case the SoA had taken place, she would have been more informative by using a past tense form.

Thieroff (2010) claims that "in general Futures-in-the-past occur only in one mood, either in the Indicative or in the Subjunctive" and that "[a]s for the Romance languages the Indicative is the only choice" (p. 13). The Galician conditional, known as the *pospretérito*, is consistently classified as an indicative tense on morphological grounds (Álvarez & Xove, 2002, p. 265; Freixeiro Mato, 2006b, p. 338). Yet the *pospretérito* is not the only tense in Galician that expresses future-in-the-past. The latter can also be expressed by means of the past subjunctive, as (54) demonstrates.

[5] Additionally, when an indeterminate time reference (see below) is expressed in the *futuro*, this was also counted as a case of modal future.

(54) a. *Non sabía canto tempo durmira,* ***probablemente*** *o día non* *tardaría* *moito en abrir.*
'He did not know for how long he had slept, probably it would [IND] not take too long to get light.'
(1988, Narrative, PROBNARR0032)

b. *Qué desgusto ían levar seus pais. Á avoa Florentina íalle subir a tensión a vinte e catro.* ***Quizais*** *non o* *resistisen*.
'His parents would get disappointed. Grandma Florentina's blood pressure would rise up to 24. Maybe they would [SBJV] not withstand it.' (2005, Narrative, QUIZNARR4098)

The forms of the two subjunctive tenses in Galician have the ability to convey the same temporal values expressed by the six more temporally-specialized indicative tenses – as far as declarative clauses with an epistemic adverb are concerned. Present and future time references are expressed by the present subjunctive, whereas absolute and relative past time references, including future-in-the-past, are conveyed by the past subjunctive. Thus, the indicative and the subjunctive in Galician can be compared across different time references, since both moods span over the whole temporal axis.

6.2.3. The clause

Clauses were classified into main, subordinate, comparative, and insubordinate. Observations were also classified according to their sentence type or illocutionary mood. There are three major sentence types in Galician: declarative, interrogative, and imperative.[6] Although, in principle, epistemic qualifications can only occur in declarative sentences, in my sample epistemic adverbs also showed up in interrogative sentences, which is not completely unexpected (see Nuyts, 2001a, pp. 57–59).

The syntactic position of the adverb within the clause has been taken into account. Sentential adverbs in Galician enjoy a high degree of positional freedom. Given the breadth of syntactic possibilities, I have

[6] Exclamative sentences are a minor sentence type, dependent on or overlapping with the major sentence types (see Aikhenvald, 2016; Álvarez & Xove, 2002, pp. 188–189). Álvarez and Xove (2002, pp. 175–189) consider desiderative sentences as an additional sentence type in Galician (but see the previous discussion in §4.1.1, p. 83.).

distinguished four general positions, considering the SoA and the finite verb form.

In *initial position* the adverb occurs on the left of the SoA (i.e., before the verb and all its complements). This is not readily equivalent to utterance-initial, since, if an element external to the SoA (e.g., a textual marker or a coordinated sentence) precedes the epistemic adverb, this is still considered initial position (cf. Kärkkäinen, 2003, p. 55). Both examples in (54) count as initial position – note that (54a) features two different SoAs separated by a comma and that *probablemente* is in initial position as regards the SoA it scopes over.

Adverbs in *pre-verbal medial position* appear on the left of the verb and on the right of at least one of its complements, be them arguments or adjuncts, as in (55).

(55) *O bo acollemento* ***posiblemente*** *tivo que ver coa ausencia de literatura e filosofía durante case toda a guerra …*
'Its good reception *probably* had to do with the absence of literature and philosophy throughout almost the whole war.'
